



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día catorce de febreiro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL SETE.

David López Goyanes  
Jesús Fernández Armesto  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
José Antonio García Pérez  
Isabel Castaño Macía  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez  
José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día catorce de febreiro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, David López Goyanes, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente tramitado a instancia de D. David López Goyanes para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar da Estación, o informe do técnico municipal, a proposta de delimitación e acreditación da preexistencia do núcleo rural de A Estación, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Aprobar provisionalmente a proposta de declaración de preexistencia do núcleo rural de A Estación redactada polo arquitecto Xosé Lois López Otero, ós efectos previstos na lexislación vixente.*

*2.- Remiti-lo expediente á Dirección Xeral de Urbanismo solicitando a aprobación definitiva de acordo co previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia na redacción dada pola Lei 15/2004 d 29 de decembro..*

*3.- Facultar á Alcaldía para tódolos tramites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **2º.- PLAN PROVINCIAL PARA 2007.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 1.496/2007 de 5 de febreiro da Deputación Provincial de Lugo, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Incluír no Plan Provincial de Cooperación ós Servicios de Competencia Municipal para 2007 a obra que se indica e coa financiación que se sinala:*

<i>Título</i>	<i>Achegas</i>			<i>Orzamen- to total</i>
	<i>Estado</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	
<i>Acondicionamento e mellora dos accesos ós núcleos de Piño, Eixón, Fornelas, Abrence, Estación e Domiz.</i>	<i>26.245,34</i>	<i>13.122,67</i>	<i>49.131,99</i>	<i>88.500,00</i>

2.- *Comprometerse en nome do Concello a achegar con cargo ó Orzamento Xeral de 2007 a cantidade que se sinala como achega municipal.*

3.- *Executar a citada obra por administración.*

4.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dezanove horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a un de marzo de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día doce de marzo de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DOCE DE MARZO DE DOUS MIL SETE.

David López Goyanes  
Jesús Fernández Armesto  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
José Antonio García Pérez  
Isabel Castaño Macía  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez  
José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinteúnha horas do día doce de marzo de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, David López Goyanes, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

#### **1.1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinteseite de decembro de dous mil seis.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día catorce de febreiro de dous mil sete.

#### **1.2º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dezaioito de xaneiro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-las actuación a realizar polo concello na divulgación, formación educativa e estudos técnicos no LIC Río Cabe que se resumen a seguir:

<i>Liña</i>	<i>Actuación</i>	<i>Parcial</i>	<i>Total</i>
<i>Divulgación, promoción publicacións e sinalización</i>	<i>Sinalización</i>	1.350,00 €	10.000,00 €
	<i>Edición de libro</i>	5.900,00 €	
	<i>Edición de díptico</i>	2.750,00 €	
<i>Formación educativa, monitorización de actividades e material escolar</i>	<i>Formación educativa</i>	4.700,00 €	10.000,00 €
	<i>Monitorización de actividades</i>	3.600,00 €	
	<i>Edición material escolar</i>	1.700,00 €	
<i>Patrimonio natural e cultural</i>	<i>Inventario e estudos técnicos</i>	10.000,00 €	10.000,00 €
<i>Total xeral</i>			30.000,00 €

2.- Solicitar do Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 1 de decembro de 2006 (D.O.G.número 241/2006 de 18 de decembro) unha achega polo importe total de trinta mil euros (30.000,00 €) para a financiación das actuacións sinaladas aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na devandita orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se concede a achega.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites previstos no cumprimento deste acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dezaioito de xaneiro de dous mil sete, propono ó Pleno a súa ratificación.

1.- Asinar un convenio coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para a protección de núcleos rurais no concello de acordo coas cláusulas que figuran a continuación.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

#### CLÁUSULAS:

##### PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e o Concello de Pobra do Brollón (A) para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais en faixas de especial protección co obxecto de protexer especialmente o espazo rural e os núcleos de poboación fronte a estes sinistros.

##### SEGUNDA. Traballos a realizar

O concello comprométese á realización de traballos preventivos que diminúan a carga e a continuidade do combustible vexetal, mediante a xestión de biomasa existente nas faixas de especial protección, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais e a minimizar os danos causados por estes sinistros.

Os traballos consistirán principalmente na realización de desbroce a feito e selectivo (mecanizado ou manual), respectando as especies vexetais protexidas pola lexislación vixente e os cultivos agrícolas.

Estas actuacións abranguerán polo menos unha franxa de 25 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestructuras de transporte, situadas a menos de 400 metros do monte.

Este tipo de traballos quedará condicionado, en todo caso, a que non existan problemas de erosión na zona.

*Seguirase, en todo caso, o protocolo que figura como anexo deste convenio.*

*TERCEIRA. Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.*

*A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servicio con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.*

*CUARTA. Zonas de actuación prioritaria. Identificación e delimitación.*

*O esforzo das actuacións contempladas no presente convenio debe priorizarse manexando criterios que atendan a riqueza do patrimonio forestal existente, a factores de risco potencial de incendios e á vulnerabilidade do territorio.*

*Neste senso priorizaranse as actuacións nas Parroquias de Especial Risco (PER) localizadas no concello, segundo a relación publicada no DOG do 19*

*de xullo de 2005 mediante a Orde do 12 de xullo.*

*Tamén terán prioridade aquelas parroquias que atendendo a criterios de riqueza forestal e histórico de incendios sexan determinadas consonte o establecido na cláusula cuarta do Acordo Marco asinado entre a FEGAMP e a Consellaría do Medio Rural en data 28 de decembro de 2006.*

*QUINTA. Coordinación nos trabados de protección*

*En función dos criterios recollidos na cláusula anterior, os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia con Plan de Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula oitava do convenio. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra polo técnico competente da Consellaría do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.*

*SEXTA. Solicitudes e execución dos traballos*

*As actuacións a desenvolver nas faixas de especial protección poderá desenvolverlas o Concello, a iniciativa propia, ou ben previa solicitude do propietario.*

*Os propietarios solicitantes beneficiados por esta actuación preventiva deberán colaborar economicamente na porcentaxe que determine o Concello.*

*SÉTIMA. Contratación de persoal polo concello*

*En caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá ligazón laboral coa Xunta de Galicia.*

*O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.*

*OITAVA. Seguimento do Convenio*

*Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellaría do Medio Rural, un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal.*

*NOVENA. Dotación orzamentaria*

*Ao financiamento destas actuacións contribuirá a Consellaría do Medio Rural, o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) e os propietarios onde se realicen os traballos.*

*No que se refire á Consellaría do Medio Rural, as accións previstas neste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-C. 760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de*

*Galicia para o ano 2007.*

*Realizaranse estas actuacións alomenos en dez núcleos de poboación e nun máximo de 45 hectáreas subvencionables.*

*A achega máxima anual da Consellaría do Medio Rural será de TRINTA E CAIRO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO MIL EUROS (34.875 €) a razón de 775 €/ha. A esta achega da Consellaría engadirase a que, no seu caso, aporten os propietarios solicitantes de acordo co sinalado na cláusula 6ª*

#### *DÉCIMA. Pagamentos*

*A) A Consellaría do Medio Rural procederá ao libramento das achegas do seguinte xeito:*

- Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellaría, mediante resolución motivada do Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:*
- Nomes dos responsables do manexo da maquinaria e especificación do responsábel e número de teléfono de contacto.*
- Matrícula da maquinaria, con especificación de que cumpre coas obrigas administrativas.*
- En caso de contratación de persoal: Nome do persoal contratado con especificación do responsábel e número de teléfono de contacto e matrícula do vehículo todoterreo utilizado no seu caso, con especificación do cumprimento de todas as obrigas administrativas que correspondan (ITV, pólizas de aseguramento, etc.)*
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro do 1999, DOG n° 236, do 9 de decembro do 1999).*

*Comunicación de inicio das actuacións preventivas, asinadas por autoridade ou funcionario municipal competente.*

*B) Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación, ao remate deste:*

*Por parte do concello:*

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG n° 236 do 9 de decembro de 1999).*
- Certificación expedida polo órgano competente do concello do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto. (Artigo 15.2 c do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia).*
- No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase enviar a documentación á que fai referencia o apartado A) desta cláusula.*

*Por parte da Consellaría:*

- Certificación expedida por un técnico do Distrito Forestal no que se enmarque o concello, da execución das obras realizadas conforme ao disposto na cláusula segunda, especificando os núcleos de poboación onde se traballou e o número de hectáreas realizadas en cada un deles.*

*O prazo de presentación da documentación rematará:*

- No caso do primeiro pagamento: ao mes contado a partir do inicio do convenio.*

- *No caso do derradeiro pagamento: 30 de xuño.*

#### *DÉCIMO PRIMEIRA. Actuacións de comprobación do inversión*

*O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural e as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

#### *DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade con outras axudas*

*As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

#### *DÉCIMO TERCEIRA. Reintegros*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.*

*No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.*

#### *DÉCIMO CUARTA. Interpretación*

*A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.*

#### *DÉCIMO QUINTA. Rescisión do convenio*

*Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, nos casos do artigo 78.10 da Lei Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.*

#### *DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio*

*O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

#### *DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia.*

*O presente convenio manterá a súa vixencia máxima ata o día 30 de xuño de 2007, sen prexuízo de que, en caso necesario e por causa xustificada poida ser prorrogado por mutuo acordo entre ambas partes.*

#### *ANEXO I*

#### *PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA NA FAIXA DE 25 metros*

*A xestión de biomasa arredor de calquera edificación, urbanización, obras e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte farase atendendo ao seguinte procedemento :*

*I.- Asegurar que as parcelas incluídas na faixa de especial protección se atopen libres de vexetación accesoria á masa principal e coa masa arbórea rareada coas seguintes condicións :*

- *Desbroce na faixa de 25 metros de toda biomasa arbustiva e sub-arbustiva.*
- *As masas arbóreas de especies caducifolias plantadas na citada faixa deben estar rareadas e, como máximo, coas copas tanxentes e a unha distancia mínima do lindeiro da parcela edificada de 10 metros. Exceptúanse do cumprimento da distancia mínima antes sinalada as carballeiras e soutos consolidados e as árbores*

senlleiras catalogadas.

• *Eliminación, na faixa de 25 metros, das especies arbóreas indicadas na seguinte relación :*

a) Piñeiro

b) Acacia

c) Eucalipto

2.- *Manter libres de vexetación arbustiva e sub-arbustiva os viais de titularidade pública e privada, así como as gabias comprendidas na faixa de 25 metros.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día vinteito de febreiro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo programa do Plan Concertado para a prestación dos Servicios Sociais para 2007 cun orzamento total de trescentos corenta e un mil cincocentos sesenta euros con cinco céntimos (341.560,05 €) coa seguinte distribución:*

	Custo	Achegas	
		Consellería	Concello
<b>1. Persoal</b>	26.505,40	15.903,24	16.602,16
<b>2.Xestión de programas</b>			
Intervención con sectores con problemáticas específicas	5.840,00	4.088,00	1.752,00
Axuda no Fogar	77.775,05	66.933,79	10.841,26
Emerxencia Social	1.500	1.500	
Lavandería sobre rodas	33.760,72	33.760,72	
Dinamización comunitaria	3.000	1.200	1.800
<b>3. Centro de Día</b>			
Persoal	87.532,88	87.532,88	
Transporte	62.486,00	62.486,00	
Mantemento	43.160,00	43.160,00	
<b>Total</b>	<b>341,560,05</b>	<b>316,564,63</b>	<b>24.995,42</b>

2.- *Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ó abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais (D.O.G. nº 27/2007 de 7 de febreiro) unha subvención por importe de trescentos dezaseis mil cincocentos sesenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (316.564,16 €) para o financiamento de dito programa, aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e nas que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- *Solicitar a través do concello de Bóveda a subvención para os custos da traballadora social e da auxiliar administrativa, comprometéndose co concello de Bóveda a aportar a cantidade de seis mil setecentos trinta e dous euros con nove céntimos (6.732,09 €) que lle corresponde polo servizo.*



Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.3º.- ORZAMENTO XERAL PARA 2007.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Elaborado o proxecto de orzamento xeral para 2007 que non presenta déficit inicial e que cumpre tódalas prescricións legalmente establecidas, a atende suficientemente as necesidades dos servizos do concello, e vistos os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio de 2007 que ascende tanto en gastos coma en ingresos á cantidade de novecentos setenta e cinco mil seiscientos noventa e sete euros con oitenta e catro céntimos (975.697,84 €), do que o resume por capítulos se detalla a continuación:*

<b>Gastos</b>		<b>Ingresos</b>		
	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>		
			<i>Capítulo</i>	
			<i>Importe</i>	
I	<i>Gastos de persoal</i>	338.761,43	<i>Impostos directos</i>	197.000,00
II	<i>Gastos en bens correntes e servizos</i>	375.661,72	<i>Impostos indirectos</i>	13.000,00
III	<i>Gastos financeiros</i>	35.000,00	<b><i>Taxas e outros ingresos</i></b>	116.579,00
IV	<i>Transferencias correntes</i>	49.334,09	<i>Transferencias correntes</i>	573.806,60
V	--- --- ---	---	<i>Ingresos patrimoniais</i>	500,00
	<b><i>Total gastos correntes</i></b>	<b>798.757,24</b>	<b><i>Total ingresos correntes</i></b>	<b>900.885,60</b>
VI	<b><i>Inversións reais</i></b>	128.337,60	<i>Alleamento de inversións reais</i>	0,00
VII	<i>Transferencias de capital</i>	2,00	<i>Transferencias de capital</i>	74.809,24
VIII	<i>Variación de activos financeiros</i>	1,00	<i>Variación de activos financeiros</i>	1,00
IX	<b><i>Variación de pasivos financeiros</i></b>	48.600,00	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	2,00
	<b><i>Total gastos de capital</i></b>	<b>176.940,60</b>	<b><i>Total ingresos de capital</i></b>	<b>74.812,24</b>
	<b><i>Total estado de gastos</i></b>	<b>975.697,84</b>	<b><i>Total estado de ingresos</i></b>	<b>975.697,84</b>

2.- *Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento Municipal que figuran como anexo I deste acordo e o cadro de persoal que figura como anexo II do mesmo.*

3.- *Expoñelo ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exame, reclamacións e suxestións, consonte ó artigo 150 da Lei 39/1.988 Reguladora das Facendas Locais.*

4.- *Que no suposto de no presentarse reclamacións no prazo indicado, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xunto co cadro de persoal, segundo se dispón na lexislación vixente.*

5.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites pre-cisos no cumprimento deste acordo.*

*Base 1ª.- Orzamentos que abarcan.*

#### **ANEXO I. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA 2007.**

*Constitúe o Orzamento Xeral referido o propio deste Concello, ascendendo o seu importe ás cantidades que se indican:*

<i>Estado</i>	<i>Importe</i>
<i>Gastos</i>	<b>975.697,84</b>
<i>Ingresos</i>	<b>975.697,84</b>

Base 2ª.- Limitación dos gastos.

*Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos Estados de Gastos, que deberán destinarse de xeito exclusivo ós fins que cada un ten asignados.*

Establécese a vinculación a nivel de capítulos e grupos de función.

Base 3ª.- Modificación de créditos.

1. *Tratándose do orzamento municipal, cando haxa que realizar algún gasto que non se poda adiar ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no orzamento vixente ou sexan insuficientes ou non ampliables as dotacións previstas no mesmo, poderanse acordar, logo da incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos ou de ámbalas dúas cousas á vez, debéndose atenderlo seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:*

- a) *Con cargo ó Remanente líquido de Tesourería dispoñible no intre da tramitación do expediente se o houber.*
- b) *Con novos e maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente.*
- c) *Por medio de anulacións ou minoracións de crédito non comprometido doutras partidas, das que se estimen as súas dotacións que se poidan reducir sen alteración do respectivo servicio.*

2.- *Para a tramitación dos referidos expedientes cumprirán os seguintes requisitos:*

- a) *Segundo os casos:*
  - *Certificación da existencia e dispoñibilidade de Remanente Líquido de Tesourería.*
  - *Certificación dos maiores ingresos recadados e da normal recadación dos demais ingresos correntes.*
  - *Informe dos responsables dos servicios correspondentes sobre a posibilidade de transferencias de créditos sen que supoñan prexuízo para o correspondente servicio.*
- b) *Informe de Intervención municipal.*
- c) *Dictame da Comisión Informativa e Especial de Contas*
- d) *Aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 150 da mencionada Lei 39/1.988.*

3.- *Nas transferencias de crédito serán de aplicación as limitacións referidas no artigo 161 da Lei 39/1.988. A súa aprobación correspóndelle ó Pleno da Corporación*

Base 4ª.- Créditos ampliables.

*segúndose o procedemento sinalado no punto anterior.*

Base 5ª.- Xeracións de crédito.

*Non se prevén créditos ampliables neste exercicio.*

1. *Poderase xerar crédito, no Estado de Gastos con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:*

- a) *Achegas ou compromiso firme das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.*
- b) *Alleamentos de bens.*
- c) *Prestacións de servicios.*
- d) *Reembolsos de préstamos.*

- e) *Importes procedentes do reintegro de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.*
- 2.- *Para que sexa procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase nos casos a que se refiren os apartados a) e b) , o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme da achega; nos supostos dos apartados c) e d) amais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada á súa efectiva recadación; e no referente ó apartado e) , a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.*
3. *Para tódolos casos referidos con anterioridade, será indispensable a instrucción do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente debéndose axustar á seguinte tramitación:*
- *Certificación do Interventor de terse ingresado ou a existencia do compromiso de ingreso do recurso en concreto. A certificación deberase efectuar tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme do ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.*
  - *Informe no que se deixe constancia da existencia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.*
  - *Os créditos xerados con base en dereitos recoñecidos en firme mais non recadados, non poderán ser executados ata que se produzan os ingresos.*
  - *Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se producise un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial e que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso e compromiso.*
  - *A fixación das partidas orzamentarias de gastos e crédito Base 6ª.- Incorporación de remanentes de crédito. xerado como consecuencia dos ingresos afectados.*
- 1.- *Os remanentes de crédito poderán ser incorporados ós seus análogos dos Estados de Gastos do exercicio seguinte, sempre que non se utilizasen, procedan de créditos extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran autorizadas no último trimestre do exercicio; os que amporen compromisos de gastos do exercicio anterior, debidamente adquiridos; os derivados de operacións de capital e os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.*
2. *Non se poderán incorporar aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio anterior, agás os que amporen proxectos financiados con ingresos afectados, que o serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continua-la súa execución ou sexa imposible a súa realización.*
- 3.- *Para efectua-las incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrucción do preceptivo expediente, sendo o órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente, debéndose axustar á seguinte tramitación:*
- *Cando o financiamento se produza mediante o remanente líquido de tesourería, o seu importe farase constar no concepto 870 do orzamento de ingresos.*
  - *Informe do interventor.*
  - *Aprobación polo Alcalde-Presidente por medio Base 7ª.- Operacións de crédito. de resolución.*

*Non se prevén operacións de Base 8ª.- Autorización, disposición e compromiso de gasto. crédito neste exercicio.*

*Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento municipal, a autorización, a disposición e o compromiso do gasto corresponderán ó Alcalde-Presidente, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local segundo se expresa a continuación:*

a) *Ó Alcalde-Presidente:*

- *Os gastos de carácter ordinario que se produzan de xeito regular e periódico durante o exercicio.*
- *Os gastos precisos para o normal funcionamento dos servicios, e os de reparación, abastecemento, conservación e mantemento dentro dos límites dos créditos das correspondentes partidas orzamentarias*
- *Os gastos de persoal.*
- *Os gastos que correspondan á liquidación das obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.*
- *Os gastos que expresamente estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó municipio sen determinar expresamente o órgano.*

b) *Ó Pleno do Concello:*

- *Os gastos precisos para a contratación de obras, servicios e abastecementos.*
- *Os gastos destinados á adquisición de bens e dereitos para o municipio.*
- *Os gastos que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*
- *Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.*

c) *Á*

*Xu Base 9ª.- Recoñecemento e liquidación da obriga, e ordenación do pagamento.  
nta  
de Goberno Local:*

- *Os gastos dimanados das delegacións que de xeito expreso lle outorgue a Alcaldía.*

*Corresponde ó Alcalde o recoñecemento e liquidación das obrigas que se deriven dos compromisos de gasto legalmente adquiridos, podendo efectuar as delegacións que crea necesarias noutro membro da Corporación ou na Comisión de Goberno.*

*A ordenación de pagos correspóndelle ó Alcalde. Os pagamentos serán os que correspondan ás obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas de anteriores exercicios, e axeitándose ó plano de distribución de fondos que a tal efecto estableza a Presidencia.*

*Base 10ª.- Xustificación do gasto.*

*Para que se poidan expedir ordes de pagamento acreditarase fidelisimamente a realización da obra, servicio, suministro ou calquera outro acto que supoña dereito para o acredor. Os correspondentes documentos xustificantes deberán ser previamente aprobados polo órgano competente.*

*Base 11ª.- Xustificación do pagamento.*

- 1.- *Para a realización do pagamento cumprirá que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo recollese previa identificación, tanto no devandito documento como na correspondente orde de pagamento, o “RECIBÍN” da persoa interesada ou da persoa representante debidamente autorizada, se o pagamento se fai directamente. Noutro caso, xustificarse mediante xiro postal acusando recibo, letra de cambio ou documento que legalmente a substitúa, ou transferencia bancaria.*
- 2.- *No relativo ás nóminas de persoal, terá que se xustificar mediante dilixencia do funcionario competente, a prestación dos respectivos servicios que se retribúen, así como a sinatura do “RECIBÍN” da persoa interesada agás que o pagamento se realice a través de transferencia bancaria.*

*Base 12ª.- Pagamentos a xustificar. Anticipos de caixa fixa.*

- 1.- *No caso de que no intre de expedirse ou executarse a orde de pagamento non se poidan presenta-los documentos acreditativos da prestación do servizo, os pagamentos terán o carácter de “a xustificar”, debéndose aplicar ós respectivos créditos do orzamento.*
- 2.- *Só se poderán efectua-los pagamentos a xustificar nas seguintes ocasións:*
  - a) *cando o importe a xustificar non exceda de mil douscentos euros (1.200,00 €).*
  - b) *cando non sexan destinados a operacións de capital.*
  - c) *cando o perceptor non teña pendente de xustificar ningunha cantidade polo mesmo concepto.*
  - d) *cando non se destinen a atender gastos de carácter periódico, tendo neste caso a consideración de “anticipos de caixa fixa”.*
- 3.- *Os perceptores de pagamentos a xustificar, quedarán obrigados a xustifica-la aplicación das cantidades recibidas por este concepto no prazo máximo de tres meses.*
- 4.- *As persoas que reciban anticipos de caixa fixa renderán contas polos gastos atendidos cos ditos anticipos a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificadas na forma que sinale o Pleno do Concello.*

*Base 13ª.- Subvencións.*

*Prevense para o presente exercicio as subvencións seguintes:*

- 1.- *Festa da capitalidade e festas parroquiais.*
- 2.- *Achegas para actividades deportivas.*
- 3.- *Achegas para actividades culturais.*
- 4.- *Achegas para actividades sociais ou benéficas.*
- 5.- *Achegas para o funcionamento de entidades deportivas.*
- 6.- *Achegas para o funcionamento de entidades culturais.*
- 7.- *Achegas para o funcionamento de entidades de interese social ou benéfico.*
- 7.- *Convenio coa Cruz Vermella de Monforte.*
- 8.- *Achegas para o transporte universitario de estudantes.*

*No que atinxe ás festas, se establece unha achega fixa tres mil euros (3.000,00 €) para as festas da capitalidade e de cento cincuenta euros (150.00 €) para a festa principal de cada parroquia máis as de Pacios de Veiga e a Estación. A solicitude de licencia da festa se considerará solicitude da subvención. A subvención se xustificará pola celebración da festa.*

*As achegas para actividades serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.*

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino a fomentar  no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o fomento da actividade  por parte das entidades e asociacións  do Concello da Pobra do Brollón.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

### 3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de ■ euros (■ €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2006 na partida ■.

O importe de cada achega individualizada non superará ó ■% do orzamento total da actividade subvencionada, sen que poda exceder da contía máxima de ■ euros (■ €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada actividade non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuíra a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

### 4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

■

### 5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de ■ días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

### 6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Memoria e orzamento da actividade proxectada.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

### 7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

### 8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue e estará formada por:

Dous concelleiros do grupo maioritario.

Un concelleiro de cada un dos outros grupos.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

### 9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante o remate da actividade subvencionada e previa xustificación da mesma. Non obstante, o Alcalde poderá resolver anticipar o pago total ou parcial por causas xustificadas. De non realizarse a actividade ou non xustificarse debidamente, procederá o reintegro das cantidades anticipadas.

### 10º.- Xustificación.

Rematada a actividade subvencionada, a entidade organizadora presentará unha memoria da mesma con documentación que acredite a súa realización (a modo de exemplo, fotografías, copia de anuncios ou reseñas na prensa, carteis anunciadores...) e unha liquidación do conxunto dos ingresos e gastos.

11º.- Liquidación.

A vista das xustificacións o Alcalde resolverá o aboamento do total da subvención ou no seu caso o seu rateo se a actividade realizada non se axusta ó solicitado ou se houbo subvencións de administracións públicas que superaron o 100% do gasto producido, co reintegro, se procede, das cantidades adiantadas.

12º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

*As achegas para funcionamento serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.*

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino ó funcionamento de Asociacións █ no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o apoio ás asociacións █ do Concello que colaboran a cumprir os fins do Concello nesta materia mediante achegas para o seu funcionamento.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de █ euros (█ €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2006 na partida █.

O importe de cada achega individualizada non superará ó █ % do orzamento total da asociación, sen que poda exceder da contía máxima de █ euros (█ €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada asociación non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

█

5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de █ días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.

- Certificación da representación do representante.
- Memoria das actividades feitas no ano anterior e das previstas para á presente, con mención do número de socios beneficiados e número de asistentes.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para chegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue e estará formada por:

Dous concelleiros do grupo maioritario.

Un concelleiro de cada un dos outros grupos.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante unha vez concedida. Se a asociación deixase de existir durante o exercicio procederá o reintegro total ou parcial da mesa

10º.- Xustificación.

Rematado o exercicio, a asociación deberá presentar no concello o estado de ingresos e gastos do mesmo. Se o total de subvencións recibidas do sector público superase o 100% dos gastos totais, procederá o rateo da subvención e o reintegro da cantidade que exceda para cumprir esta condición.

11º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

*A achega a Cruz Vermella de Monforte se rexerá polo convenio asinado ó efecto.*

*Base 14ª.- Gastos de locomoción, dietas, indemnizacións e retribucións dos membros da Corporación.-*

*As achegas para o transporte universitario de estudantes se rexerán polo convenio subscrito ó efecto coa Empresa Monforte.*

*1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados logo da presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de utilización de vehículo propio faranse efectivas as seguintes cantidades: se se trata de membros da Corporación vinte céntimos (0,20 €) por quilómetro percorrido; se se trata de funcionarios, estarase ó que se dispoña para os funcionarios do Estado.*

*2.- No tocante ás dietas, as que correspondan ós membros da Corporación por traslado fóra do concello están fixadas en trinta e seis euros (36,00 €.) por día, en concepto de gastos de representación, máis os gastos de manutención e estadia legalmente xustificadas. Polo que atinxe ó persoal, rexerá-*



*se polas normas establecidas ou que se establezan para os funcionarios do Estado, de aplicación segundo o disposto no artigo 157 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986 do 18 de abril.*

- 3.- *O Alcalde dedicarase ó Concello en xornada parcial sen dedicación exclusiva, polo que percibirá un salario bruto mensual (14 pagas anuais) de oitocentos corenta euros (840,00 €), sendo dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.*
  - 4.- *O primeiro Tenente de Alcalde dedicarase ó Concello en xornada completa sen dedicación exclusiva, polo que percibirá un salario bruto mensual (14 pagas anuais) de mil oitenta e catro euros con trinta e oito céntimos (1.084,38 €), sendo dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.*
  - 5.- *Os membros da Corporación percibirán trinta e seis euros (36,00 €) por asistencias a reunións de órganos colexiados.*
  - 6.- *Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de doce euros (12,00 €) por grupo, e outros dezaoitto euros (18,00 €) por cada concelleiro que o integre.* Base 15ª.- *Gastos de carácter plurianual.*
- 1.- *A autorización e compromiso de gastos con carácter plurianual subordinarase ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo se dispón no artigo 79.2 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril.*
  - 2.- *Poderanse adquirir compromisos de gasto con carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que amais se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:*
    - a) *Investimento ou transferencia de capital.*
    - b) *Contratos de subministro, de asistencia técnica ou científica, de prestación de servicios, de execución de obras de mantemento e de alugamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
    - c) *Alugamento de bens inmobles.*
    - d) *Cargas financeiras das débedas da entidade.*
  - 3.- *O número de exercicios posteriores, ós que poidan aplicarse os gastos dos apartados a) e b) do número anterior, non poderán ser superior a catro.* Base 16ª.- *Acumulación simultánea de fases de gasto.*
- 1.- *Poderanse acumular varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril, nun só acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordasen por separado, e podéndose da-los seguintes casos:*
    - a) *Autorización e disposición (A-D).*
    - b) *Autorización, disposición e recoñecemento da obrigaçión (A-D-O).*
  - 2.- *As referidas acumulacións serán factibles cando aludan a gastos de carácter ordinario, sen se incluí-los extraordinarios ou de investimento.*
  - 3.- *En todo caso será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia, orixinaria ou delegada, para acordar tódalas fases que se inclúan na resolución.* Base 17ª.- *Fiscalización de ingresos.*

*Como norma xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención tódalas propostas de actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno ou a Comisión de Goberno, segundo as competencias que cada órgano teña atribuídas.*

Base 18ª.- Actos de xestión relativos ós ingresos.

1.- Deberase produci-la fiscalización previa polo interventor de fondos do Concello, para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:

- a) Devolución de ingresos.
- b) Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do disposto no artigo 78.2 da Lei 39/1.988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- c) Aprazamento ou fraccionamento de ingresos.
- d) Aprobación de padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.
- e) Liquidación de tributos non periódicos.
- f) Imposición, modificación de impostos, taxas e prezos públicos así como aprobación, modificación ou supresión das correspondentes ordenanzas fiscais.
- g) Operacións de crédito e de tesourería.

2.- Amais, os actos sinalados nos apartados b), c), f) e g) do punto anterior, Base 19ª.- Xestión, liquidación e recadación de ingresos precizarán igualmente do dictame da Comisión Especial de Contas.

1.- No relativo ós actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, teranse en conta as seguintes prescricións:

- a) Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias ou os pregos de cargo, remitiranse á Intervención para seren fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder do Negociado de Rendas e Exaccións, debéndose custodiar na Caixa de Caudais da Corporación unha vez que sexan contraídos ata a súa entrega ós servicios de recadación, que se realizará con quince días de antelación ó período voluntario de cobranza. Esta entrega realizarase sen matrices-copia, e acompañados dun exemplar das listas cobratorias.
- b) Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, pola Recadación relacionaranse os valores en recibo non pagados e as certificacións de descuberto, pasando as relacións á Tesourería para seren providenciadas de prema e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.
- c) Os ingresos que se efectúen directamente na Tesourería, segundo liquidación formulada de xeito previo, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso ou talóns de cargo, expedíndose a correspondente carta de pagamento ou recibo xustificante do ingreso.

2.- Polo que respecta ás AUTOLI-  
QUIDACIÓNs, o ingreso que se Base 20ª.- Ingresos provenientes de subvencións e outros.  
produza terá a consideración de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que para o efecto se formule posteriormente.

Os recursos que correspondan a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito para o financiamento de obras ou servicios, deberán ser xustificadas, de xeito previo e acreditadamente, e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que se destinen. Base 21ª.- Retribucións do persoal

De acordo co establecido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, as retribucións íntegras do Persoal ó servicio deste Concello experimentarán un incremento no presente exercicio respecto ás de 2006 en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto no que atinxe a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo na mesma porcentaxe que en dita Lei se establece para os funcionarios do Estado.

**ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.**

A) Funcionarios de carreira:

Praza	Nº.	Grupo	Escala/Subescala	CD
-------	-----	-------	------------------	----

<i>Secretario-Interventor.</i>	1	B	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	22
<i>Administrativo</i>	1	C	<i>Administración Xeral</i>	20
<i>Auxiliar-Administrativo. Tesoureiro.</i>	1	D	<i>Administración Xeral</i>	18
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	2	D	<i>Administración Xeral</i>	14

B) *Persoal laboral indefinido:*

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Capataz</i>	3	<i>Servicios Múltiples</i>
<i>Técnico medio</i>	1	<i>Axente Local de Emprego</i>
<i>Auxiliar</i>	1	<i>Biblioteca (media xornada)</i>
<i>Auxiliar</i>	1	<i>Oficina de Información Xuvenil (media xornada)</i>

C) *Persoal laboral temporal:*

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Persoal Auxiliar</i>	3	<i>Axuda a Domicilio</i>
<i>Educador Familiar</i>	1	<i>Servicios Sociais. Media xornada</i>
<i>Os que resulten de subvencións recibidas das Consellerías da Xunta de Galicia.</i>		

O Alcalde aclara que modificou a súa proposta inicial coa creación dunha praza de Administrativo e a supresión das dúas prazas que estaban previstas como temporais a media xornada en indefinidas a media xornada. Así mesmo que hai outra modificación na base 13 na que a subvención para a festa da Pobra do Brollón pasa de 3.000,00 €.

O portavoz socialista di que non obxecta as cantidades fixadas, pero si as bases de execución que non prevén o como se gasta, isto é, o sistema de contratación. O como se contrata, si se fai por concurso ou directamente.

Ve positivo que se establezan como fixas prazas de persoal que viñan sendo temporais, pero teme que pase como coa praza de auxiliar administrativo que leva máis de 14 anos sen cubrir. Pide que non volva a pasar o mesmo e que non sigan as prazas á vontade do alcalde.

Remata dicindo que este ano non se consultou cos grupos previamente a elaboración do orzamento, e polo tanto, e tendo en conta a experiencia de anos anteriores anuncia que votarán en contra.

O Alcalde responde que os cambios do cadro de persoal non teñen repercusión económica, e o que pretenden e reduci-la temporalidade. En canto as inversións di que quedan libres uns 43.000,00 €, que permiten poucas actuacións.

O concelleiro García Pérez do grupo Popular di que no orzamento non se pode prever onde se vai comprar. Que eso haberá que ilo vendo sobre a marcha e segundo o que se precise mercar en cada momento.

O portavoz Socialista di que se trata de establecer o concurso ou a poxa como xeito habitual de comprar ou contratar servicios.

O Alcalde di que se o gasto e grande se piden varios orzamentos, cousa que non se pode facer para pequenos gastos.

Sometida a votación a anterior proposta, se aproba cos dous votos en contra do grupo Socialista e os nove votos a favor dos grupos INGA e Popular.

#### **1.4º.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito de 12 de marzo da Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias relativo ó P.E.I.M. Rural de 2007, e as necesidades do concello, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la inclusión no Programa Estratéxico de Infraestructuras no Medio Rural (PEIM Rural) de 2007 da obra de "Mellora de Infraestructuras nas parroquias de Eixón, Salcedo e Outras cun orzamento aproximado de cento trinta e nove mil novecentos setenta e seis euros con corenta e oito céntimos (139.976,48 €), financiados pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

2.- *Acepta-la execución da obra indicada en réxime de cooperación coa Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.*

3.- *Por a dispor da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante as mesmas.*

4.- *Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.*

5.- *Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.*

6.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 3.993/2007 de 6 de marzo da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo convenio a asinar entre o Concello e a Consellería do Medio Rural para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos cun vehículo tractor con rozadoira, de acordo coas cláusulas que se detallan a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

**PRIMEIRO.-** *A Consellería do Medio Rural ten conferida a competencia en materia de prevención, extinción e defensa contra os incendios forestais de acordo coas seguintes normas:*

- *O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.*
- *Os artigos 6 e 7 do Real Decretos 167/81, de 9 de xaneiro, e máis o artigo 2 Real Decreto 1535/1984, de 20 de xuño.*
- *A Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes*
- *O Regulamento CE 1698/2005, do Consello, de 20 de setembro de 2005 sobre a axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo de Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).*
- *O Decreto 232/2005, de 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.*

**SEGUNDO.-** *Os concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.*

**TERCEIRO.-** *O acordo Marco de cooperación entre a Consellería de O Acordo Marco de cooperación entre a Consellería de Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) acor-*

da as regras xerais polas que a Consellería do Medio Rural fomentará a participación da FEGAMP e das Entidades Locais que así o soliciten na finalidade común de actuar nas tarefas de prevención nas zonas delimitadas como faixas de especial protección ao obxecto de evitar os incendios forestais ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.

**CUARTO.-** A persistencia do elevado número de incendios e superficie queimada no último decenio en Galicia, así como os enormes custos e perdas económicas e ambientais producidas polos mesmos, aconsellan reorientar a política de defensa contra incendios forestais primando a acción preventiva e de vixilancia das zonas de especial risco. Así pois, a actuación sobre as causas dos incendios vai centrar o esforzo da Consellería de Medio Rural na aplicación dos seus recursos financeiros, humanos e materiais.

**QUINTO.-** É vontade do concello da Pobra do Brollón cooperar coa Consellería de Medio Rural na vixilancia, prevención e defensa contra os incendios forestais de acordo cos programas e actuacións que esta deseñe.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente "**Convenio para a participación na prevención de incendios mediante a realización de tratamentos preventivos cun (1) vehículo tractor con desbrozadora**" de acordo coas seguintes,

#### **CLÁUSULAS:**

1ª.- O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Pobra do Brollón na finalidade común de actuar, mediante tarefas preventivas, sobre as causas dos incendios forestais co obxecto de evitalos ou, en todo caso, minorar as súas consecuencias económicas e ambientais.

Con este motivo, este convenio regula a realización de labores preventivos cun **(1) vehículo tractor con desbrozadora**.

2ª.- O concello comprométese a realizar labores preventivos durante toda a vixencia do convenio co tractor desbrozadora con matrícula.

3ª.- O concello comprométese a realizar estes labores coa finalidade de reducir o risco de incendios forestais en coordinación co Distrito Forestal, así como asistir as tarefas de extinción de incendios forestais durante toda a vixencia do convenio, cando sexa preciso.

4ª.- O concello, comprométese pola súa conta a ter o **tractor cos apeiros** en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así como estar ao corrente en toda a documentación do vehículo cumprindo coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc.

5ª.- Os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia con Plan de Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula sétima do convenio.

6ª.- Dada a natureza preventiva contra os incendios forestais dos traballos contemplados no presente convenio, farase **unha inspección previa á iniciación da obra polo técnico competente da Consellería de Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos**.

7ª.- Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellería de Medio Rural, un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal, que será o coordinador do bo funcionamento **do tractor con desbrozadora**.

8ª.- As accións previstas neste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-C.760.0 ou 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007. Estímase un orzamento máximo anual de \_\_\_\_\_ cun importe máximo de **CENTO CINCO EUROS** por hectárea limpa (105 €/ha).

A Consellería comprométese a financiar os custes das actuacións realizadas polo concello, segundo o disposto nas cláusulas deste convenio, sen superar en ningún caso, os importes máximos

reflectidos no parágrafo anterior.

*Non se prevee a realización de pagamentos parciais ou anticipos.*

9ª.- *Os labores preventivos deberán rematar o 15 de outubro e a xustificación dos mesmos rematará o 31 de outubro do presente ano e para proceder ao pagamento deberá remitirse a seguinte documentación:*

- *Por parte do concello:*
  1. *Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG nº 236 do 9 de decembro de 1999).*
  2. *Certificación expedida polo órgano competente do concello do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto. (Artigo 15.2 c do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia).*
- *Por parte da Consellería:*
  1. *Certificación expedida por un técnico do Distrito Forestal no que se enmarque o concello, da execución das obras realizadas **conforme o disposto na cláusula 5ª**, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co **Programa de Actuación** aprobado pola comisión de seguimento.*

*O concello deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

10ª.- *As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.*

*Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

11ª.- *Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.*

12ª.- *A Consellería de Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.*

13ª.- *Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se retire a cláusula 8ª procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, nos casos do artigo 78.10 da Lei Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.*

14ª.- *O Concello da Pobra do Brollón presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

15ª.- *O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

16ª.- *O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e rematará o 31 de de-*

cembro do 2007.

*En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado na data e lugar indicados "ut supra".*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 1.208/2007 de 12 de febreiro da Asociación Río Lor, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo convenio de colaboración entre a Asociación Grupo Local Río Lor e o concello da Pobra do Brollón para a creación dun parque saudable, segundo es estipulacións que se indican a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

#### **EXPOÑEN**

*Que o Concello da Pobra do Brollón é a entidade encargada de contribuír a mellora-la calidade de vida dos seus habitantes, mediante a prestación de servizos públicos adecuados a tal fin. Ante o crecente peso demográfico que a poboación da terceira idade ten no Concello, ten como eixe prioritario das dúas políticas socio-asistenciais, entre outros, a atención a terceira idade.*

*Que a Asociación Río Lor correspóndese co grupo de acción local (GAL) é unha asociación sen ánimo de lucro, o seu ámbito territorial estendese ós Concellos de Bóveda, Folgo do Caurel, O Incio, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil e Samos na provincia de Lugo, que de acordo cos seus Estatutos ten como fins, entre outros, favorecer a emerxencia de alternativas profesionais e sociais á agricultura tradicional nos diferentes dominios da economía rural, con especial atención ás actividades encamiñadas á promoción do turismo rural e á potenciación da artesanía nos Concellos implicados, potenciar ó aproveitamento dos recursos locais, naturais e humanos, orientados á elevación e mellora das condicións de vida da poboación, favorecer a salvagarda dos valores naturais presentes na zona de actuación, en especial en todo o referido á conservación dos valores medio ambientais.*

*Por todo o visto anteriormente, é desexo de ambas partes a creación dun parque saudable coa finalidade de favorecer a práctica de actividades o aire libre, contribuíndo o mantemento das condicións físicas e mentais e evitar o illamento e sedentarismo da poboación adulta.*

*En virtude do anteriormente exposto ambas partes subscriben o presente convenio con suxeición ás seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- o obxecto do presente convenio é regular a participación e colaboración entre a Asociación Río Lor e o Concello da Pobra do Brollón para a creación dun parque saudable.*

*SEGUNDA.- A asociación Río Lor fará entrega do mobiliario que configurará o parque saudable, así como os elementos accesorios para a súa colocación, no lugar que a tales efectos se comunique.*

*TERCEIRA.- No momento da súa recepción, persoal municipal comprométese a verificar que o mobiliario se axusta ó especificado, debendo de comunicar inmediatamente á Asociación Río Lor a súa conformidade.*

*CUARTA.- Dende o momento da recepción do mobiliario, o Concello da Pobra do Brollón será responsable da súa garda e custodia.*

*QUINTA.- O Concello da Pobra do Brollón comprométese á colocación do mobiliario do parque saudable seguindo as especificacións técnicas que así estableza o fabricante dos mesmos, e que serán*

entregadas o Concello da Pobra do Brollón. Para esta finalidade deberá aportar a man de obra e os materiais e medios auxiliares precisos.

*SEXTA.- O mobiliario do parque saudable localizarase ou ben nun terreo de titularidade municipal ou privado. No segundo dos casos, deberase de dispor das correspondentes autorizacións e/ou permisos para a súa colocación.*

*SÉTIMA.- O mobiliario deberá localizarse nun único enclave, configurando un único circuíto de fisioterapia ou parque saudábel.*

*OITAVA.- A completa colocación do mobiliario deberá de realizarse nun prazo non superior ós 15 días naturais dende a súa recepción.*

*NOVENA.- Unha vez concluída a instalación dos distintos elementos que integran o Parque saudable, o arquitecto municipal ou técnico competente deberá certificar a correcta instalación do mobiliario seguindo as instrucións técnicas do fabricante.*

*DÉCIMA.- O Concello da Pobra do Brollón comprométese a garantir a limpeza, conservación e mantemento en perfectas condicións de uso e disfrute do parque saudable durante, ó menos, cinco anos posteriores á certificación da súa colocación.*

*UNDÉCIMA.- O Concello da Pobra do Brollón comprométese a reparar e /ou repoñer pola súa conta calquera prexuízo que se produza no mobiliario do parque saudable durante, ó menos, cinco anos posteriores á certificación da súa colocación.*

*DUODÉCIMA.- A Asociación Río Lor non se fai responsable dos danos e/ ou lesións causados polo emprego do mobiliario dos parques saudables.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Para velar pola execución do presente convenio, crease unha comisión de seguimento composto polo Xerente da Asociación Río Lor e o Alcalde- Presidente do Concello da Pobra do Brollón, ou ben polas persoas en quen deleguen que se deberán de reunir cantas veces sexa preciso para conseguir que o convenio acade os seus resultados.*

*DECIMO CUARTA.- A Comisión de Seguimento interpretará o clausurado e resolverá as diverxencias que puideran xurdir, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio*

*DECIMO QUINTA.- A Asociación Río Lor establecerá os mecanismos adecuados para a promoción e difusión do parque saudable.*

*DECIMO SEXTA.- Este Convenio empezará a producir ós seus efectos a partir da data da súa sinatura.*

*En proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado na data e lugar indicado ó principio*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

No Pleno celebrado o día 19 de setembro de 2006 se aprobou o convenio para a posta en funcionamento da emisora municipal con D. Eduardo Álvarez Pérez (Publygest). Para completar a posta en funcionamento fai falta por un lado definir a titularidade dos elementos instalados, e por outra que o concello asuma os custes de asegurar ditos elementos. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Incluír como anexo o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e D. Eduardo Álvarez Pérez (Publygest) o anexo que figura a seguir.*

2.- *Proceder á concertación do seguro a que se refire a nota final do mesmo.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*



*Anexo do Convenio de colaboración entre o Concello da Pobra do Brollón e Publygest:*

*Descrición de los equipos instalados no monte de Pinel.*

*1.- Receptor de Raioenlace Marca OMB Mr Platinum-1660-1670 mhz. (Propiedade do Concello da Pobra do Brollón).*

*1.- Transmisor-Excitador F.M. Marca OMB PTX 20 (Propieade de Publygest)*

*1.- Transmisor F.M de 250 Wats. PJ 250 (Propiedade de Pubygest)*

*1 Sistema Radiante, composto de 2 depolos verticais ademais do adaptador de antenas e a súa cableira correspondente ata os propios equipos. (Propiedade de Publygest)*

*2 Antenas de Radioenlace Yagui, unha delas situadas na casa de cultura, e a outra no monte de Pinel, ámbalas dúas cos seus correspondentes cables de conexión. (Propiedade de Publygest)*

*Nota: Publygest presta ó Concello da Pobra do Brollón os equipos anteriormente mencionados a cambio de que este pague o seguro correspondente de ditos equipos.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para unha mellor xestión do edificio do Círculo Cultural de Salcedo, hoxe Museo Etnográfico e Local social de Salcedo, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños de Salcedo de acordo co texto que se inclúe a seguir.*

*2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

#### **M A N I F E S T A N :**

*Que a Asociación de Veciños de Salcedo é propietaria do edificio que foi Casa Escola, logo Te-leclube e Círculo Cultural de Salcedo.*

*Que dita asociación en asemblea extraordinaria de 3 de xullo de 2005 acordou “autorizar ó Concello da Pobra do Brollón a realizar a obra Rehabilitación da antiga escola para museo etnográfico e local social en Salcedo, mediante a actuación do Obradoiro de Emprego O Guimaro e cederlle temporalmente o uso das instalacións por un prazo de vintecinco anos para o seu uso público.”*

*Que correspondendo pois a titularidade do uso durante 25 anos ó concello, tendo en conta que o concello non dispón de medios para manter abertos ó público tódolos locais sociais e similares de que dispón nas correspondentes parroquias, e que pola natureza dos mesmos, a súa xestión máis eficaz e eficiente é a que realicen as propias comunidades de veciños sempre que se manteña garantido o uso público dos locais, o concello estima oportuno establecer un convenio coa Comunidade de Veciños de Salcedo para a xestión do uso público do local.*

*A Asociación de Veciños de Salcedo ten elaborado un Plan de Uso e Xestión para o local citado que satisface plenamente as necesidades do concello e garante a súa utilización pública.*

*Consonte co anterior,*

#### **A C O R D A N :**

*Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños de Salcedo mediante o cal o primeiro encarga e delega na segunda a xestión do uso público do Museo etnográfico e local social de Salcedo, xestión que a segunda realizará en nome de aquel.*

*O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restriccións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.*

*En función da natureza dos actos que se realicen a Asociación poderá establecer unha taxa ou prezo de entrada.*

*O concello poderá, respectando a programación de actividades que teña establecida a Asociación e de acordo con ela organizar actividades acordadas coa natureza das instalacións.*

*A Asociación de Veciños de Salcedo se subroga en tódalas obrigas do concello que resultan da achega do Plan Leader para a execución das obras, e expresamente:*

*Se responsabiliza de que o local permaneza aberto ó público nos cinco anos posteriores ó remate das obras subvencionadas.*

*Se compromete a manter as instalacións en perfecto estado de uso, conservación e limpeza.*

*A Asociación cumprirá e aplicará o Plan de Xestión aprobado por Agader.*

*A Asociación asume o cumprimento do establecido na instrucción nº. 1/2004 de 11 de febreiro de 2004 (instrucción nº 6 Leader +, nº 6 Proder II e nº 6 Agader) na que se establecen as normas sobre tramitación de proxectos non productivos xeradores de ingresos.*

*No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaríase para si a xestión do uso público do Museo etnográfico e local social de Salcedo.*

*Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo á Asociación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para unha mellor xestión do edificio da antiga Casa Escola de Eixón, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños de Eixón de acordo co texto que se inclúe a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

### **M A N I F E S T A N :**

*Que o Concello da Pobra do Brollón é propietario do edificio que foi Casa Escola de Eixón, actualmente acondicionado como local social.*

*Que pola súa situación, en sen prexuízo do uno directo que o concello poda darlle puntualmente, o mellor aproveitamento é o uso que lle podan dar os veciños da parroquia de Eixón na que se atopa.*

*Que a Asociación de veciños San Xurxo de Eixón ten previsto o uso do citado edificio como local social da mesma.*

*A Asociación de Veciños San Xurxo de Eixón ten elaborado un Plan de Uso e Xestión para o local citado que satisface plenamente as necesidades do concello e garante a súa utilización pública.*

*Consonante co anterior,*

### **A C O R D A N :**

*Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños San Xurxo de Eixón mediante o cal o primeiro encarga e delega na segunda a xestión do uso público do edificio da antiga Casa Escola de Eixón, xestión que a segunda realizará en nome de aquel.*

*O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.*

*En función da natureza dos actos que se realicen a Asociación poderá establecer unha taxa ou prezo de entrada.*

*O concello poderá, respectando a programación de actividades que teña establecida a Asociación e de acordo con ela organizar actividades acordadas coa natureza das instalacións.*

*A Asociación de Veciños de Eixón se subroga en tódalas obrigas do concello que resultan da achega do Plan Leader para a execución das obras.*

*No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaría para si a xestión do uso público do citado edificio.*

*Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo á Asociación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.5º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito 1.228/2007 de 13 de febreiro da Asociación Río Lor e o proxecto de actuación que xunta ó mesmo, propono ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de actuación denominado “Territorio Lor, unha exposición para coñece-la súa natureza” a desenvolver pola Asociación Río Lor.*

2.- *Solicitar a través de dita asociación á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, unha achega para a actuación aprobada ó abeiro da orde de 1 de decembro de 2006 (D.O.G. 241/2006 de 18 de decembro) aceptando integramente as condicións de financiamento e demais establecidas na orde citada.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, así como ós correspondentes órganos da Asociación Río Lor.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de prestación de servizos do Concello, propono ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de servizos a incluír no Programa de Cooperación para dous mil sete co resume que se indica:*

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Subvención Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Brigada de Servizos Públicos</i>	<i>4</i>	<i>48.024,00</i>	<i>4.626,90</i>	<i>52.650,90</i>
<i>Axuda a domicilio</i>	<i>2</i>	<i>19.897,02</i>	<i>2.185,31</i>	<i>22.082,33</i>
<i>Informático (media xornada)</i>	<i>1</i>	<i>8.430,66</i>	<i>369,11</i>	<i>8.799,77</i>
<i>Total</i>	<i>7</i>	<i>76.351,68</i>	<i>7.181,31</i>	<i>83.532,99</i>

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 31 de xaneiro de 2007 (D.O.G. número 40/2007 de 26 de febreiro) unha achega por un total de setenta e seis mil trescentos cincuenta e un euros con sesenta e oito céntimos (76.351,68 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- *Comprometerse a financiar os custos dos servizos non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.*

#### 4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

O portavoz Socialista pregunta sobre como se realizará a contratación deste persoal e se será mediante concurso de méritos.

O Alcalde responde que será a través de oferta ó INEM e probas.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades do concello no que atinxe á adaptación das instalacións para a supresión de barreiras arquitectónicas eficacia e aforro enerxética e mellora da calidade de traballo e estancia do público usuario, de acordo coa memoria elaborada polo arquitecto municipal, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-las actuacións a realizar no edificio da casa do concello e nas subsedes do mesmo situadas na antiga cámara agraria e na casa da cultura.*

2.- Solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 16 de febreiro de 2007 (D.O.G. número 38/2007 de 22 de febreiro) unha achega para a execución da citada inversión, aceptando integramente as condicións de financiamento recollidas na citada orde e as que no seu día se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## 2.- PARTE DE CONTROL:

### 2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Data	Concepto
04/12/2006	Concesión axuda emerxencia social Jorge Páez Ramallo
20/12/2006	Modificación SAD Jovita Camino
20/12/2006	modificación SAD Manuel Fernández e Teresa Peña
20/12/2006	Modificación SAD Manuela de la Fuente
20/12/2006	Modificación SAD Senén Armesto
29/12/2006	Aplicación convenio autonómico axuda domicilio a traballadoras axuda domicilio
17/01/2007	Concesión permiso festa Parada Montes
24/01/2007	Modificación SAD Luísa López Pérez
24/01/2007	Modificación SAD María Núñez Rodríguez
24/01/2007	Modificación SAD Nicanor Amado Bugía
24/01/2007	Modificación SAD Paciano Vázquez López
24/01/2007	Modificación SAD Victoria Camino Casanova
25/01/2007	Concesión numero licencia auto turismos con parada na Capitalidade
26/01/2007	modificacións SAD Jovita Camino Vila
26/01/2007	Modificación SAD Manuel Fernández Besteiro
26/01/2007	Modificación SAD Manuela De La Fuente Ribas

Data	Concepto
30/01/2007	Concesión permiso festa San Brais- Cereixa
31/01/2007	Concesión permiso festa Antroido San Blas- Cereixa
05/02/2007	Modificación SAD M <sup>a</sup> Pardo Dacal
05/02/2007	Modificación SAD Paciano Vázquez López
05/02/2007	Modificación SAD M <sup>a</sup> Pastora López Díaz
12/02/2007	Aprobación criterios Informe-proposta Alimentos
13/02/2007	Concesión permiso festa Antroido de Salcedo
19/02/2007	Concesión SAD Amable Torres Sanmartín
19/02/2007	Concesión SAD Basilisa Prieto e Manuel Novoa
19/02/2007	Concesión SAD Celestino Erniez González
19/02/2007	Modificación SAD Jovita Camino Vila
19/02/2007	Modificación SAD Luís López Vega
19/02/2007	Modificación SAD Luísa López Pérez
19/02/2007	Modificación SAD Manuel Fernández Besteiro
19/02/2007	Modificación SAD Manuela De la Fuente Ribas
19/02/2007	Concesión SAD María Luísa Álvarez
19/02/2007	Modificación SAD M <sup>a</sup> Núñez Rodríguez
19/02/2007	Modificación SAD Nicanor Amado Bugía
19/02/2007	Modificación SAD Remedios Darriba Balboa
19/02/2007	Modificación SAD Teodora Púente González
19/02/2007	Modificación SAD M <sup>a</sup> Victoria Camino Casanova
28/02/2007	Concesión alimentos Amelia Casas López
28/02/2007	Concesión alimentos M <sup>a</sup> Carmen Vega Fernández
28/02/2007	Concesión alimentos M <sup>a</sup> Lurdes Fernandes
28/02/2007	Concesión alimentos M <sup>a</sup> Teresa Pérez Peña
28/02/2007	Concesión alimentos María Vila Valcarcel
28/02/2007	Concesión alimentos Millán González Darriba
02/03/2007	Concesión alimentos Asunción Vilariño Rodríguez
09/03/2007	Concesión local Casa da Cultura a club cazadores para Asamblea

## **2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Socialista:

Xa hai tempo o meu compañeiro de grupo, Luís Besteiro pediu que se puxeran contedores para a recollida de lixo nos cemiterios e nos campos de festa cando se celebran estas, estando isto último previsto no contrato do servizo. Ata a data non se puxeron. ¿Cando ten pensado a alcaldía poñelos?

O Alcalde responde que pensa que eso non estaba previsto no contrato.

O portavoz Socialista di que está seguro de que si está previsto, pero no caso de que non estivese, debería de facerse o mesmo.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-dúas horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dea de abril de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vintedous de marzo de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTEDOUS DE MARZO DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez  
David López Goyanes  
Jesús Fernández Armesto  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
Isabel Castaño Macía  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez  
José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinteúnha horas do día vintedous de marzo de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde en funcións, José Antonio García Pérez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### **1º.- RENUNCIA Ó CARGO DUN CONCELLEIRO.**

Pola presidencia se da conta ó Pleno do escrito 456/2007 de 14 de marzo no que o concelleiro D. Jesús Fernández Armesto presenta a súa dimisión como concelleiro con carácter irrevogable e efectos do mesmo día. O Sr. Fernández Armesto foi elixido, no seu día na lista do Partido Popular.

*O Pleno toma razón da dimisión do concelleiro citado facendo efectivo o cese.*

### **2º.- DIMISIÓN DO ALCALDE.**

Pola presidencia se da conta ó Pleno do escrito 457/2007 de 15 de marzo no que o Alcalde D. David López Goyanes presenta a súa dimisión como Alcalde con carácter irrevogable e efectos do mesmo día. A renuncia é exclusivamente do cargo de Alcalde, pero sen perda da súa condición de concelleiro.

O Alcalde agradece ó dimisionario o traballo realizado. Recorda que tomou posesión nunhas circunstancias nada gratificantes e engade que normalmente a xente se valora cando xa non está no sitio.

No que respecta ó conselleiro dimitido, di que tanto o seu traballo concelleiro de obras como o de tenente de alcalde merece tamén o recoñecemento do Pleno. Remata dicindo que espera contar coa colaboración de todos.

O portavoz Socialista di que hai cousas que pode entender como os problemas persoais, pero que lle entristece a perda dun alcalde como o que tivemos en circunstancias difíciles e que traballou polo

pobo con eficiencia. Parécelle lóxico que non volva a presentarse, pero non entende que dimita agora cando faltan menos de tres meses para as eleccións. Engade que sabe que hai cousas que a David lle gustaría rematar antes de irse e que foi un alcalde capaz de aglutinar á corporación e ó pobo, fora de vinganzas, aberto e dialogante.

Respecto o concelleiro Fernández Armesto di que entende a súa situación persoal e lle desexa sorte no futuro ó mesmo tempo que reconece a súa labor.

*O Pleno toma razón da dimisión do Alcalde facendo efectivo o cese.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de abril de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,



# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día tres de abril de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRES DE ABRIL DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez  
José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinteúnha horas do día tres de abril de dous mil sete, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total oito para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello. Non comparecen os concelleiros David López Goyanes e Isabel Castaño Macía.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, e dado que o obxecto deste pleno e a elección de novo Alcalde, e que o actual Alcalde en funcións, o primeiro Tenente de Alcalde é candidato, procede, de acordo co establecido na lexislación vixente, formar unha mesa de idade.

Presídea o concelleiro de maior idade, D. José Antonio Álvarez Sánchez e é vocal D. Fernando Parada Veiga, xa que o concelleiro máis novo, D. José Manuel Rodríguez González é tamén candidato.

Entrase a seguir no estudio da

## ORDE DO DÍA:

### **1º.- TOMA DE POSESIÓN DUN CONCELEIRO.**

Non habendo chegado a credencial do novo concelleiro que ten que remiti-la Xunta Electoral Central, este asunto se retira da orde do día.

### **2º.- ELECCIÓN DE ALCALDE.**

Se presenta escrito suscrito por D. José Antonio Álvarez Sánchez, D. Ángel García Maroño, D. Fernando Parada Veiga, D. Juan Antonio Rodríguez Senra e Dna. Isabel Castaño Macía no que manifiestan a súa renuncia a ser candidatos a alcalde polo grupo Popular.

Consonte o anterior, a mesa proclama candidatos os seguintes concelleiros:

Partido	Candidato
---------	-----------

P.P.G.	José Antonio García Pérez
P.S. de G.-P.S.O.E.	Pablo Fernández Fernández
INGA	José Manuel Rodríguez González

Sometida a elección de Alcalde a votación nominal votan tódolos concelleiros ó candidato do seu grupo, polo que se obtén o seguinte resultado:

Partido	Candidato	Votos
P.P.G.	José Antonio García Pérez	5
P.S. de G.-P.S.O.E.	Pablo Fernández Fernández	2
INGA	José Manuel Rodríguez González	1
Total		8

Non habendo acadado ningún candidato a maioría absoluta, é proclamado alcalde pola mesa o candidato que representa á lista que tivo máis votos populares nas eleccións municipais, D. José Antonio García Pérez.

O Sr. García Pérez xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde da Pobra do Brollón, con lealdade á Súa Maxestade El Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

A seguir o presidente da mesa de idade lle da posesión do seu cargo.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de abril de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinteito de abril de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE ABRIL DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez  
David López Goyanes  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
Adriano Pérez Dacal  
Isabel Castaño Macía  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez  
José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas do día vinteito de abril de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Antonio García Pérez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

#### **1.1º.- TOMA DE POSESIÓN DUN CONCELEIRO.**

Está presente D. Adriano Pérez Dacal quen foi acreditado pola Xunta Electoral Central como concelleiro electo polo grupo Popular no lugar que deixou vacante a dimisión de D. Jesús Fernández Armesto.

O Sr. Pérez Dacal ten presentadas en Secretaría as correspondentes declaracións de bens patrimoniais e de incompatibilidades e actividades.

O Sr. Pérez Dacal xura cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro con lealdade á Súa Maxestade El Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

A seguir o alcalde dálle posesión do cargo, tralo que se incorpora á sesión.

### **1.2º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día doce de marzo de dous mil sete.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vintedous de marzo de dous mil sete.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día tres de abril de dous mil sete.

### **1.3º.- COMUNICACIÓN Ó PLENO DE DECRETOS SOBRE A ORGANIZACIÓN DO CONCELLO.**

Pola alcaldía se da conta dos seguintes Decretos que afectan á organización municipal:

Decreto de quince de marzo de dous mil sete.

Visto o escrito presentado por D. Jesús Fernández Armesto mediante o que comunica a súa dimisión como concelleiro e primeiro tenente de Alcalde deste concello por motivos persoais.

Resolvo:

*Nomear a D. José Antonio García Pérez como primeiro tenente de alcalde e dar conta ó pleno na seguinte sesión que se celebre*

Decreto de vintecinco de abril de dous mil sete.

En uso das facultades que me confire a lei 30/1992, reguladora das Bases de Réxime Local.

Resolvo:

*Nomear como tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros e na orde que a continuación se relaciona:*

- 1.- José Antonio Álvarez Sánchez*
- 2. Angel García Maroño*
- 3.- Fernando Parada Veiga.*

### **1.4º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.**

Convocadas eleccións Xerais a celebrar o vindeiro día 14 de marzo, e consonte ó disposto a lexislación electoral, procédese polo Concello ó sorteo, entre os electores que para cada caso reúnen as condicións esixidas, daqueles que formarán parte das mesas electorais do Concello como Presidentes ou Vocais, e dos seus suplentes. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

O resultado do sorteo é o seguinte:

	<b>Cargo</b>	<b>D.N.I.</b>	<b>1º. Apelido</b>	<b>2º. Apelido</b>	<b>Nome</b>
1	Presidente/a	34253617Q	Castaño	Macia	Isabel
1	1º. Vocal	34257060D	Valcárcel	Herbella	José
A	2º. Vocal	34267446E	Armesto	Rodríguez	Ignacio
	Presidente/a 1º. suplente	34238321S	Franco	Pombo	Ramón
	Presidente/a 2º. suplente	34258577P	Souto	Macia	Margarita
	1º. Vocal 1º. suplente	33310971W	González	Besteiro	Olga
	1º. Vocal 2º. suplente	34258315E	Fernández	Núñez	Alberto
	2º. Vocal 1º. suplente	34247018H	González	Río	M carmen

	2º. Vocal 2º. suplente	34259379M	Fernández	López	Maria del carmen	
1	Presidente/a	36104143P	Macia	Román	Maria carmen	
	1º. Vocal	34257720W	González	González	Alberte	
	2º. Vocal	34268948Y	Camino	López	Miseno	
	Presidente/a 1º. suplente	34088755H	Unsain	Rivera	Dolores	
	Presidente/a 2º. suplente	34271475A	Camino	López	Alberto	
	B	1º. Vocal 1º. suplente	14708852F	Peña	Novo	Fernando
		1º. Vocal 2º. suplente	34248114X	Castro	Arias	M luisa
		2º. Vocal 1º. suplente	34253216Y	Vila	Valcárcel	Maria
2º. Vocal 2º. suplente		34253887X	Martínez	Gallego	Arsenio José	
1	Presidente/a	34251923R	López	Goyanes	Juan José	
	1º. Vocal	34257392L	Camarero	Pérez	Alberto	
	2º. Vocal	34251808R	López	López	Avelino	
	Presidente/a 1º. suplente	34263888Y	Carballeira	González	Purificación	
	A	Presidente/a 2º. suplente	34254780Y	Rodríguez	Rodríguez	Ana
		1º. Vocal 1º. suplente	34271523M	Nieves	Sánchez	Edith
		1º. Vocal 2º. suplente	34259642S	Rodríguez	Rodríguez	Maria Isabel
		2º. Vocal 1º. suplente	34262873A	Vázquez	López	Miguel
2º. Vocal 2º. suplente	34268238D	González	Díaz	Pablo		
1	Presidente/a	34246785S	Somoza	Fuente de la	Julio José Luis	
	1º. Vocal	76623243P	Páez	Vila	Maria del carmen	
	2º. Vocal	34263827Z	Aira	Armesto	Maria luisa	
	Presidente/a 1º. suplente	34250883L	Vila	Sobrado	Maria del carmen	
	B	Presidente/a 2º. suplente	34252414D	Coutado	Arias	Isabel
		1º. Vocal 1º. suplente	76622231P	Vázquez	Franco	Iván
		1º. Vocal 2º. suplente	34258047F	López	Parada	José Manuel
		2º. Vocal 1º. suplente	34255444A	Martínez	López	Maria Ángeles
2º. Vocal 2º. suplente	34271180F	López	Rodríguez	Maikel		
A	1	Presidente/a	34266491X	Rodríguez	Álvarez	María Belén
	3	1º. Vocal	34258779A	Cereijido	Armesto	Isabel
		2º. Vocal	34248951L	Chousa	Zarauza	Jesús
		Presidente/a 1º. suplente	33809649V	Conde	Fernández	Anastasia
		Presidente/a 2º. suplente	34257697W	López	Balboa	Manuel
		1º. Vocal 1º. suplente	34257830C	Parada	Pérez	Rosa Maria
		1º. Vocal 2º. suplente	34269197W	Chousa	García	Jesús Fernando

	2º. Vocal 1º. suplente	34245788F	Fernández	Cortiñas	Maria Luisa Martita
	2º. Vocal 2º. suplente	34262286Z	Armesto	Sanmartín	Alejandro Luis
1 3 B	Presidente/a	76547255N	Gay	Vila	Maria Sara
	1º. Vocal	34257862Y	Arias	López	Margarita
	2º. Vocal	76622721S	Pérez	Sánchez	José Manuel
	Presidente/a 1º. suplente	34247496J	González	Díaz	Maria Luisa
	Presidente/a 2º. suplente	34249070T	Parada	Valcárcel	José Luis
	1º. Vocal 1º. suplente	34256406E	Díaz	López	Eliseo
	1º. Vocal 2º. suplente	33315686W	Vázquez	Vázquez	Maria del carmen
	2º. Vocal 1º. suplente	34260820C	Parada	González	Juan
	2º. Vocal 2º. suplente	76616225M	Rodríguez	Franco	José Manuel

### **1.5º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vísta-las necesidades dos veciños do concello no eido dos servizos sociais, e tendo en conta a liña de subvencións establecida pola Xunta de Galicia na orde que se indica, propoño ó Pleno que se adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo programa de accións a realizar que se indican e co orzamento que para cada unha se sinala:

<i>Acción</i>	<i>Título</i>	<i>Orzamento</i>
<i>Igualdade de oportunidades</i>	<i>I Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello da Pobra do Brollón</i>	<i>4.300,00 €</i>
<i>Prevenición e eliminación da violencia de xénero</i>	<i>Xornadas de prevención da violencia de xénero: identificando a discriminación e a violencia de xénero</i>	<i>2.500,00 €</i>
<i>Total</i>		<i>6.800,00 €</i>

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 12 de marzo de 2007 (D.O.G. número 64/2007 de 30 de marzo) unha achega por importe de seis mil oitocentos euros (6.800,00 €) para a financiación das actividades indicadas, aceptando integramente as condicións de financiamento indicadas en dita orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Un dos servizos máis importantes que presta actualmente o Concello é o de información xuvenil. Para poder manter en funcionamento este servizo e desenvolver as habituais actividades destinadas á xuventude, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo orzamento para o funcionamento da Oficina Municipal de Información Xuvenil no ano 2007 por un total de trinta e oito mil novecentos corenta e tres euros con cinco céntimos (38.943,05 €) segundo o orzamento que se detalla:*

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 6 de marzo de 2007 (D.O.G. número 54/2007 de 16 de marzo unha subvención total de vintenoventa mil douscentos sete euros con vintenoventa céntimos (29.207,29 €) equivalente ó 75,00 % do orzamento total aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada orde a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.

<i>Programa</i>	<i>Concepto</i>	<i>Gastos</i>	<i>Ingresos</i>
<i>O.M.I.X.</i>	Persoal	13.837,72€	
	<i>Seguridade Social</i>	4.853,33 €	
	<i>Material de oficina</i>	2.669,00 €	
	<i>Auga, luz, tlfno, calefacción</i>	7.003,00 €	
	<i>Edición de trípticos e guías.</i>	2.460,00 €	
	<i>Campañas en radio, tv, etc.</i>	2.576,00 €	
	<i>Reunións e conferencias</i>	1.469,00 €	
	<i>Conexión á RIX.</i>	4.075,00 €	
	<i>Achegas do Concello</i>		9.735,76 €
	<i>Achegas da Consellería de Familia.</i>		29.207,29 €
	<b>Totais</b>	<b>38.943,05 €</b>	<b>38.943,05 €</b>

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.6º.- CONTA XERAL DE 2006.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do Concello:

A Conta Xeral do Orzamento de 2006 foi dictaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión do día 12 de marzo de 2007 e exposta ó público regulamentariamente para os efectos de exame e reclamacións, sen que se presentara ningunha. Procede pois a súa aprobación para remitila ó Consello de Contas.

Dita Conta Xeral presenta como resultado un Remanente de Tesourería negativo de sesenta e catro mil novecentos dous euros con oitenta e oito céntimos (-64.902,88 €). Este resultado supón un 3.97% sobre os dereitos liquidados por ingresos correntes.

Consonte co anterior e á vista do expediente e da documentación que obra no mesmo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-la Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2006, na que resulta un Remanente de Tesourería negativo de sesenta e catro mil novecentos dous euros con oitenta e oito céntimos (-64.902,88 €).*

2.- *Remitir dita conta coa correspondente documentación complementaria ó Consello de Contas de Galicia ós efectos previstos na lexislación vixente.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Data	Concepto
14/03/2007	Concesión SAD Jose Dacal Casanova e M <sup>a</sup> Delfina Castro
14/03/2007	Concesión axuda emerxencia social- M <sup>a</sup> Carmen Vega
14/03/2007	Concesión axuda emerxencia social M <sup>a</sup> Lourdes Fernandes
14/03/2007	Modificación SAD M <sup>a</sup> Pastora López
14/03/2007	Modificación SAD Marina Rodríguez vila
14/03/2007	Modificación SAD Paciano Vázquez López
28/03/2007	Concesión permiso festa en Pacios de Veiga-
10/04/2007	Concesión permiso festa en A Ferreirua
18/04/2007	Concesión permiso festa San Jorge- Eixón

### **2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Socialista:

¿Como están os trámites para a creación do polígono industrial?

O Alcalde responde que está pendente dunha reunión co Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

O portavoz do grupo Socialista formula o rogo de que se axilice para a súa firma antes do remate do presente mandato.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a cinco de xuño de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,



# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de maio de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTECATRO DE MAIO DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez

José Antonio Álvarez Sánchez

Ángel García Maroño

Fernando Parada Veiga

Juan Antonio Rodríguez Senra

Adriano Pérez Dacal

Isabel Castaño Macía

Pablo Fernández Fernández

Luís Besteiro Núñez

José Manuel Rodríguez González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día vinte e catro de maio de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Antonio García Pérez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello. Non comparece o Concelleiro David López Goyanes.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### **1º.- CONVENIO COA DEPUTACIÓN SOBRE SOLO INDUSTRIAL.**

Unha das prioridades deste concello é a creación dun polígono industrial. A tal fin, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Crear un polígono industrial no concello en terreos da parroquia de Cereixa na confluencia entre a estrada de Cereixa a Pobra e a de Cereixa a Estación.

2.- Aprobar, a tal fin, un convenio entre o concello e a Deputación Provincial de Lugo nos termos que se sinalan a seguir.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

#### *CLAUSULAS*

*1º As actuacións e obras obxecto do presente convenio serán as necesarias para a construción no Concello da Pobra do Brollón dun Área Industrial.*

*2º O Concello da Pobra do Brollón comprométese a inclusión da ordenación detallada da nova área industrial na revisión do seu planeamento xeral actualmente en tramitación. A solución de ordenación detallada deberá de ser consensuada coa Sociedade Urbanística Provincial.*

*3º O Concello da Pobra do Brollón comprométese o establecemento de compromisos firmes con empresas para a súa instalación no futuro parque.*

*4º O Concello da Pobra do Brollón comprométese a dotar ó Polígono Industrial dos servizos necesarios de auga, rede de sumidoiro e enerxía eléctrica, con capacidades suficientes para a demanda industrial.*

*5º A Sociedade Urbanística realizará o Proxecto de Urbanización da zona, que poderá ser executado en distintas fases.*

*6º Á vista das demandas do solo formalizadas polo Concello, a Sociedade Urbanística desenrolará a fase do proxecto de urbanización correspondente.*

*7º O Concello realizará a conservación dos espazos públicos da Area e disporá nas condicións que estime conveniente os de limpeza, recollida de lixo e alumeadado público.*

*8º A Sociedade Urbanística para posibilitar a execución das fases de urbanización que se determinen adquirirá o solo necesario polo sistema que fixe o planeamento.*

*9º A venda de parcelas realizarase pola Sociedade Urbanística nas condicións que se deriven das inversións realizadas.*

*10º A vixencia deste convenio manterase ata a realización total das obras e a súa aplicación ó fin previsto, manténdose as dos servizos municipais pola vida da Area Industrial.*

*11º Para a interpretación do presente convenio, coordinación, impulso e control das actuacións del derivadas crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das partes.*

*12º Todos os carteis de obra obxecto do presente convenio farán mención expresa das obras ou actuacións necesarias e institucións asinantes.*

*13º A Sociedade Urbanística será a encargada da contratación, execución e dirección das obras ou actuacións necesarias para o completo desenrolo deste acordo.*

*14º A Deputación Provincial e o Concello da Pobra do Brollón resérvanse o dereito de inspeccionar as obras durante a súa execución.*

*15º As cuestións litixiosas que poidan surxir na interpretación, cumprimento e eficacia do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

O portavoz Socialista di que tiña moita ilusión neste convenio porque nel está o futuro do concello da Pobra do Brollón. Engade que esta foi a mellor lexislatura na que se sentaron as bases do futuro.

O Alcalde di que agradece o traballo de tódolos concelleiros nestes meses. Engade que o convenio o negociou o anterior alcalde, David López Goyanes, a quen se lle debe. Remata dicindo que a lexislatura foi convulsa no principio por circunstancias anteriores, pero que houbo bo ambiente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a cinco de xuño de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día trece de xuño de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez  
David López Goyanes  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Ángel García Maroño  
Fernando Parada Veiga  
Juan Antonio Rodríguez Senra  
Isabel Castaño Macía  
Adriano Pérez Dacal  
Pablo Fernández Fernández  
Luís Besteiro Núñez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinteúnha horas do día trece de xuño de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Antonio García Pérez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello. Non comparece o Concelleiro José Manuel Rodríguez González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinteoito de abril de dous mil sete.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vintecatro de maio de dous mil sete.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinteunha horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a catorce de xuño de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión constitutiva celebrada o día dezaseis de xuño de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran na...

...ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as doce horas do día dezaseis de xuño de dous mil sete, se reúnen os Concelleiros electos que se relacionan ó marxe, en total once, para celebrar sesión constitutiva do pleno do Concello.

Os cinco primeiros pertencen á candidatura presentada polo Partido Popular (P.P.), os tres seguintes á presentada polo Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.), e os tres últimos á presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia, Partido Socialista Obrero Español (P.S. de G.-P.S.O.E.).

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, D. Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Todos eles acreditan a súa personalidade e presentan as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos.

### **1º.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.**

Fórmase a mesa de idade integrada polos concelleiros electos de maior idade, José Antonio Álvarez Sánchez, que como tal a preside, e Javier Castro Camino como vocal por se-lo máis novo. Como Secretario da mesa intervén o titular do Concello.

### **2º.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

Seguidamente, e tras comproba-la presenza de tódolos electos, a mesa de idade examina as credenciais presentadas cotexándoas coa certificación remitida ó Concello pola Xunta Electoral.

O Secretario da conta de que tódolos concelleiros electos teñen realizadas as oportunas declaracións a efectos dos Rexistros de Intereses dos membros da Corporación.

A continuación, e a indicación do Presidente da mesa de idade, os membros electos da Corporación proceden a prometer pola súa conciencia e honra ou xurar, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro da Pobra do Brollón, con lealdade a Súa Maxestade El Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como Norma Fundamental do Estado. Empregan a fórmula de xuramento os Sres.(as) Fernández González, García Pérez, López González e Vázquez Salgado e a de promesa os Sres.(as) González Gon-

zález, González Moreira, Maceda Vilariño, Macía Quiroga, Rodríguez Franco, Castro Camino e Álvarez Sánchez.

Cumpridos os requisitos legais esixidos, o Presidente da Mesa de Idade da posesión os novos concelleiros dos seus cargos e declara constituída a Corporación.

### **3º.- ELECCIÓN DE ALCALDE.**

A continuación procédese á elección de Alcalde, para o que, consonte co establecido no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1.995 Reguladora do Réxime Electoral Xeral, son candidatos á Alcaldía os concelleiros quen encabezaban as tres listas electorais que tiveron representación, José Antonio García Pérez polo P.P., José Luís Maceda Vilariño polo B.N.G. e Adoración Fernández González polo P.S. de G.-P.S.O.E..

D<sup>na</sup>. Adoración Fernández manifesta que retira a súa candidatura.

Procedese entón á votación nominal entre os outros dous candidatos producíndose o seguinte resultado:

Nome do Candidato	Partido	votos
<i>José Antonio García Pérez</i>	<i>P.P.</i>	<i>5 (P.P.)</i>
<i>José Luís Maceda Vilariño</i>	<i>B.N.G.</i>	<i>6 (B.N.G. e P.S. de G.-P.S.O.E.)</i>
<i>Total votos emitidos</i>		<i>11</i>

Á vista do resultado, e habendo obtido a maioría absoluta D. José Luís Maceda Vilariño, é proclamado Alcalde electo polo Presidente da mesa de idade.

O Sr. Maceda Vilariño promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Alcalde da Pobra do Brollón, con lealdade a Súa Maxestade El Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como Norma Fundamental do Estado.

Acto seguido o Sr. Maceda Vilariño pasa a presidi-la sesión.

Toma a palabra brevemente para agradecer a confianza depositada nel e dicir que espera facelo ben polo Concello da Pobra do Brollón. Promete traballo, esforzo e dedicación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as doce horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaoito de xuño de dous mil sete.

v. e pr.

O ALCALDE,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día dezaseis de xullo de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran na...

...ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE XULLO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinteúnha horas do día dezaseis de xullo de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dezaseis de xuño de dous mil sete.

### **2º.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES.**

Polo Secretario se da conta ó Pleno de que se recibiron tres escritos dos membros da corporación dos que se desprende que:

1.- Os cinco concelleiros elixidos na lista do Partido Popular manifestan a súa vontade de constituír un grupo municipal denominado “Grupo político municipal del Partido Popular de Puebla de Brollón” nomeando os seguintes portavoces:

Portavoz titular	José Antonio García Pérez
Portavoz suplente	Javier Castro Camino

2.- Os tres concelleiros elixidos na lista do

Portavoz titular	José Luís Maceda Vilariño
Portavoz suplente	Manuel González Moreira

Bloque Nacionalista Galego manifestan a súa vontade de constituír un grupo municipal denominado “Grupo do BNG” nomeando os seguintes portavoces:

3.- Os tres concelleiros elixidos na lista do Partido dos Socialistas de Galicia, Partido Socialista Obrero Español manifestan a súa vontade de constituír un grupo municipal denominado “Grupo Socialista” nomeando os seguintes portavoces:

Portavoz titular	Adoración Fernández González
Portavoz suplente	María Montserrat Macía Quiroga

### **3º.- COMUNICACIÓN Ó PLENO DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.**

A alcaldía comunica ó Pleno o contido do seguinte Decreto de nomeamentos de Tenentes de Alcalde:

Visto o disposto no artigo 21.2 da lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local, Resolvo:

1º) *Nomear Tenentes de Alcalde ós concelleiros que se citan:*

1º Tenente de Alcalde	Adoración Fernández González
2º Tenente de Alcalde	Manuel González Moreira
3º Tenente de Alcalde	Mª Montserrat Macía Quiroga

2º) *Ditos tenentes Alcaldes formarán comigo a Xunta de Goberno Local no caso de que o pleno acorde a súa creación.*

### **4º.- COMUNICACIÓN Ó PLENO DAS DELEGACIÓNS EFECTUADAS POLA ALCALDÍA.**

A alcaldía comunica ó Pleno o contido do seguinte Decreto de delegación de funcións:

Visto o establecido no artigo 21.3 da lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 43 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, resolvo:

1º) *Establecer as seguintes delegacións:*

Concelleiro	Delegación
Adoración Fernández González	Infraestructuras e Urbanismo, Traballo e Industria, Vivenda, Obras Urbanas e Cultura, Xuventude, Deportes e Educación
Manuel González Moreira	Pistas e Camiños Rurais, Obras Rurais e Alumeados Públicos
Mª Montserrat Macía Quiroga	Medio Ambiente, Parques e Xardíns, Lixo, Augas e Saneamento.

2º) *A alcaldía se reserva a competencia directa en Servicios Sociais, Seguridade, Persoal, Servicios i Economía.*

*As citadas competencias inclúen as funcións de xestión, supervisión e dirección e proposta de gasto ata 600 Euros.*

3º) *Igualmente de acordo co previsto no artigo 43.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, resolvo:*

*- Efectuar as seguintes delegacións especiais nos concelleiros que se indican:*

Concelleiro	Delegación
José Luís Rodríguez Franco	Orzamento e Muller
Javier González González	Organización de actividades culturais e deportivas, actividades para a xuventude e educativas.

4) *As demais funcións delegables da Alcaldía que prevé a lexislación se delegan na Xunta de Goberno Local.*

### **5º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para unha maior operatividade do pleno, analizado o funcionamento do mesmo nos últimos anos, e visto o disposto no artigo 210.2.a) da lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- O Pleno do Concello celebrará unha sesión ordinaria cada dous meses dentro do segundo mes de cada bimestre natural.*

*2.- O día concreto e a hora de celebración de ditas sesións será fixado polo Alcalde tendo en conta a mellor operatividade do concello, e comunicándollo os concelleiros cunha antelación mínima de 4 días.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **6º.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para a mellor xestión do concello, e visto o disposto no artigo 20.1.b) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Crear a Xunta de Goberno Local do Concello da Pobra do Brollón.*

*2.- Dita Xunta de Goberno Local estará formada polo Alcalde e os tres Tenentes de Alcalde nomeados polo Alcalde.*

*3.- A Xunta de Goberno Local exercerá as funcións que lle deleguen o Alcalde e o Pleno así como as que lle outorgue a lexislación vixente.*

*4.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada dúas semanas.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación

### **7º.- CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA E ESPECIAL DE CONTAS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 20.1.e) dispón que en tódolos concellos debe de existir a Comisión Especial de Contas.

Por outra parte, a letra c) de dito artigo dispón que os concellos poderán dispor de órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno.

En ditos órganos deben de estar representados tódolos grupos políticos respectándose o criterio de proporcionalidade. Dito criterio se cumpre plenamente se o grupo maioritario dispón de dous representantes os outros dous con un cada un.

Para a mellor operatividade, e dada a estrutura administrativa do concello, a solución elixida é a creación dunha única comisión que asuma tanto as competencias da especial de contas, como as de informar e estudar tódolos asuntos que deban ir a Pleno.

Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Crear unha comisión chamada Comisión Informativa e Especial de Contas que asumirá as competencias que a Lei establece para as comisións informativas e para a comisión de contas.*

*2.- Dita comisión estará formada por catro membros, dous do grupo Popular, un do grupo Nacionalista e un do grupo Socialista.*



*3.- Dita comisión será convocada por quen a presida antes da celebración dos Plenos para dictamina-los asuntos que se inclúan na súa orde do día, así como para o preceptivo dictame das contas do Concello.*

O portavoz do grupo Popular manifesta o seu acordo coa composición e agradece que se respecte a proporcionalidade. Entende que debe de haber máis comisións para facer mellor o seguimento da acción do grupo de goberno que lles corresponde por mandato dos electores que votaron ó grupo Popular. Propón a creación dunha de control orzamentario e outra de emprego e obras. Engade que habendo tantas delegacións como se acaba de ver é necesario que haxa comisións que controlen a acción dese goberno. Remata dicindo que a voz de 777 votantes ten que ser respectada.

O Alcalde responde que na lexislatura anterior na que gobernaba o P.P. e da que formaba parte o actual portavoz non había comisión informativa. A solución dunha sola comisión lle parece máis operativa tendo en conta a estrutura de funcionamento do concello.

O portavoz do grupo Popular di que nin INGA nin o grupo Socialista solicitou no anterior mandato a creación de comisións informativas, e que non abonda cun seguimento cada dous meses da acción de goberno.

Sometida a votación a emenda do grupo Popular, e rexeitada cos cinco votos a favor do grupo Popular e os seis votos en contra dos grupos Socialista e do B:N.G..

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **8º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para a mellor eficacia e eficiencia no funcionamento do Concello e visto o disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:*

- a) *O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.*
- b) *A declaración de lesividade dos actos do concello.*
- c) *A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento --agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- d) *As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.*
- e) *A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.*
- f) *A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como as alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:*
  - a. *Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstas no orzamento.2.º Can-*

do estando previstas no orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

g) *As demais que expresamente lle confiran as leis.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **9º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOUTRAS INSTITUCIÓNS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta os diversos organismos nos que está representado o concello, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

Realizar os seguintes nomeamentos de representantes dos concellos nas organizacións que se indican:

O portavoz do grupo Popular di que sendo a primeira Tenente de Alcalde Directora do colexio parece un contrasentido que o representante do concello se encontre coa Directora do seu mesmo grupo municipal.

<i>Entidade</i>	<i>Representante</i>
<i>Asociación Río Lor</i>	<i>José Luís Maceda Vilariño</i>
<i>Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra</i>	<i>Adoración Fernández González</i>
<i>Fundación comarca de Lemos</i>	<i>José Luís Rodríguez Franco</i>
<i>Consello escolar do colexio da Pobra do Brollón</i>	<i>Javier González González</i>

A Portavoz do grupo Socialista responde que o criterio foi que é pai de alumno e polo tanto está ó tanto dos asuntos do colexio.

O portavoz do grupo Popular di que como pai ten a vía de representación na A.P.A., pero que os representantes do concello deben de defender os intereses de este.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **10º.- ASIGNACIÓNS ÓS GRUPOS POLÍTICOS E ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O artigo 75 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece que os membros da corporación que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenrolar responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas.

Para a súa determinación compre conxugar diversos factores. Dunha banda as cantidades fixadas ó comezo do anterior mandato e a evolución do I.P.C. nese período. Doutra hai que pensar o tempo de dedicación que precisa o concello para o seu bo funcionamento. Finalmente hai que optar entre unha retribución transparente coa asignación duns salarios reais ou o modelo que viña rexendo ata agora no que unha escasa retribución se compensaba amplamente con dietas percibidas polo simple feito de saír do concello compatibles coa percepción de gastos de desprazamento e comidas que logo se facturaban.

Tendo en conta as anteriores consideracións, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *O Alcalde dedicarase ó concello en xornada completa sen dedicación exclusiva polo que percibira un salario bruto mensual en catorce pagas de dous mil euros (2.000,00 €).*

2.- *A primeira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).*

3.- O segundo Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de quince horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (787,50 €).

4.- A terceira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecincos euros (525,00 €).

5.- O concelleiro que exerza as delegacións especiais de organización de actividades culturais e deportivas e para a xuventude e educativas dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecincos euros (525,00 €).

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de vintecinco euros (25,00 €) por asistencia a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibirá indemnización por unha de elas.

7.- Indemnizacións por desprazamentos.

- a) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.
- b) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00 €) en concepto de dieta.
- c) Se por mor da viaxe realizado tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ó Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.
- d) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).

8.- Gastos de funcionamento dos grupos municipais.

- a) Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de trinta euros (30,00 €) por grupo, e dez euros (10,00 €) por cada concelleiro que o integre.
- b) A fin de dar cumprimento ó previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ó grupo que se sinala na letra anterior.

9.- Os acordos dos puntos de 1 a 5 terán efectos dende o momento da alta na Seguridade Social da persoa que exerza o cargo. Os dos puntos 6 a 8 dende a toma de posesión da nova corporación.

O portavoz do grupo Popular di que son de aplicación o artigo 75.5 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 41.3 da Lei de Réxime Local. Indica que en Samos se suspendeu este acordo do Pleno. Indica que en 2004, 2005 e 2006 as asignacións dos membros da corporación foron aproximadamente 32.000 euros e en 2007, 34.000. Si se aprobase a proposta serían 61.068 a parte de seguridade social,

vacacións e outros gastos. Que parece que o problema do déficit de que tanto se falou en campaña se transforma agora nun incremento salarial de 27.000 €. Engade que o P.P. reduciu o gasto que en abril foi un total bruto de 840 euros e que o Tenente de alcalde traballaba para o concello en incendios e obras por 1.184,98 € ó mes mentres que agora se propón unha dedicación completa e catro parciais non existindo na comarca ningún concello con tantas dedicacións.

Engade que o concelleiro González González se lle da unha delegación especial para que poda cobrar, e lle agradece ó delegado da muller que non cobre, aínda que mantén a dúbida se é porque como o P.P. denunciou que o B.N.G. non levaba mulleres na lista, so nos reservas, será que para eles o tema da muller non merece dedicación. Di que isto e todo un armazón financeiro no que o IPC só afecta os das nóminas mentres se reducen as asistencias ás sesións de 36 a 25 € e así mesmo nas asignacións ós grupos se castiga ós concelleiros.

Remata dicindo que para o bo exercicio da democracia se lle debería dar unha dedicación ó grupo Popular que dedican tempo non retribuído para o control do concello en nome dos seus electores e que a asignacións para os grupos a fixo Manuel Casanova que foi quen a aprobou sen que el estivese de acordo. Propón finalmente que cada concelleiro exprese persoalmente a aceptación do seu soldo.

Toma a palabra o Alcalde quen di que o anterior, García Pérez non cumpriu a lei de incompatibilidades xa que se dedicaba ó concello en horas do seu traballo como funcionario. Que o importante é traballar para o concello e non tanto no que se cobre xa que el está todo o día no concello e o seu antecesor menos de dúas horas, e ademais dos soldos había un excesivo gasto en publicidade e comidas. En definitiva que el está para traballar, non só para cobrar.

Indica que a xestión do grupo Popular foi nefasta. Que no que vai de ano se gastaron 5.333 € en comidas, hai 26.000 € en facturas sen pagar e unhadébeda de máis de 718.000 €.

Analiza a seguir a evolución do gasto no que respecta ás asignacións dos membros da corporación. Avalía o custo mensual da súa proposta en 4.362,50 € mentres en 2003 eran 3.130,50 €. Tendo en conta que o I.P.C. acumulado no período medrou un 16% o que eleva a cantidade indicada, actualizada neste concepto a 3.618,15 € o que supónque o gasto só supera o anterior en 744,45 €. Di que nas viaxes, no goberno do P.P. ademais das comidas e os gastos de desprazamento o alcalde e os concelleiros percibían unha dieta fixa de 36,00 € que en rateo no presente exercicio ata a convocatoria das eleccións supoñían unha media de 524,00 €, o que reduce a diferenza a 220,00 €. Continúa dicindo que neste mandato ningún membro da Xunta de Goberno Local cobrará asistencias ás sesións, e que nos plenos haberá cinco membros que nos as cobren, o que na media de sesións do anterior mandato supón un aforro de 192 €, ós que se engadimos a redución do importe das asistencias que se aprobará e que se estima en 66 € por mes, eleva o aforro total en asistencias a 278 € polo que a proposta actual mellora a situación anterior en 37,65 €. E engadindo para rematar o aforro en asignacións a grupos de 34,00 € mensuais, dita mellora acada os 71,65 €.

Respecto ós cambios nas asignacións ós grupos indica que tódolos grupos teñen similares necesidades de funcionamento polo que mantendo unha diferenciación polo número de membros, esta solución é máis axeitada que a que viña mantendo o grupo Popular.

Continúa dicindo que a opción do grupo de goberno é máis transparente, sen retribucións encubertas xa que agora ata o propio alcalde paga pola participación en actos como a festa dos avós, e en todo caso, os soldos propostos non superan os de outros concellos da comarca.

Engade que en todo caso hai que valorar as horas de traballo que lle vai a dedicar o actual equipo e as que dedicou o anterior. De nada lle serve o concello se o alcalde cobra algo menos pero logo se perden subvencións por falta de xestión. Así indica como exemplo que ó chagar á Alcaldía, no ordenador do Alcalde había máis de 170 e-mails sen ler.

Indica así mesmo que se perderon, por falta de xestión varias subvencións como o plan avanza, presentado fora de prazo ou a posibilidade de ter un bolseiro do consorcio de turismo. Sinala como exemplo que o tanque da auga levaba máis de 4 anos perdendo auga co dano ecolóxico que eso supoñía ademais dun custo para o concello superior ós mil euros mensuais, e que o actual equipo procedeu a arranzalo o primeiro día.

Remata dicindo que no mandato anterior se realizaron moitos gastos superfluos destacando 3.650,32 € en publicidade e 5.233,50 € en comidas no primeiro semestre deste exercicio.

O portavoz do grupo Popular di que el chegou ó concello nun momento de interinidade. Que o das incompatibilidades é certo no que respecta ó horario. Que se encontrou a unha semana coa feira do viño sen organizar e en cambio el deixou lista a dos avós. Que había un informe do arquitecto sobre o parque saudable e el puido inauguralo, e o centro de día, pero non o fixo. Que fixo moitas xestións na Deputación para entregar o das comunidades veciñais e a unha reunión en Expolemos e nunca cobrou dietas nin usou o teléfono do concello.

Engade que a débeda non é actual senón dos anos 1998 a 2003 cando aínda que gobernaba o P.P. estaba unha persoa que houbera sido mellor quen non estivese.

Respecto á publicidade di que ra algo que tamén ven de atrás, de antes de ser el alcalde. Pero que tamén agora se fixo publicidade da festa dos avós. Remata dicindo que só aprobou unha comida con unha empresa de biogás, a da feira do viño de Vilachá e os pinchos do maratón da Ferreirúa.

A primeira Tenente de Alcalde indica que a súa dedicación será de vinte horas semanais, dez retribuídas e dez non.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía e aprobada cos cinco votos en contra do grupo Popular e os seis a favor dos grupos do B.N.G. e Socialista.

O portavoz do grupo Popular pide que se elabore informe de Secretaría sobre as asignacións e o orzamento.

### **11º.- SOLICITUDE DO GRUPO POPULAR DUN LOCAL NO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Polo grupo Popular se solicita que se lle asigne un despacho para uso de dito grupo. Esta prevista esta eventualidade no artigo 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais se ben condicionada “á medida das posibilidades funcionais da organización administrativa”.

Dito Regulamento data do ano 1986 e consta nas actas do concello que en tódalas sesións de organización como esta o grupo Socialista solicitou un despacho sen que nunca tivese resposta por parte do Goberno do grupo Popular ata hoxe, nin se lle buscou solución pese a dispor o concello de varios edificios infrautilizados.

Non obstante é vontade do Goberno Municipal atopar unha solución que deberá demorarse no tempo ata que se remate a adecuación da Casa da Cultura e se trasladen alí os servizos que hoxe están na consistorial e que pola súa natureza deberan estar en aquel edificio.

Consonte co anterior, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Deixar pendente, ata que as circunstancias o permitan a asignación de despacho para os grupos municipais.*

*2.- Que cando os grupos precisen dun local para reunirse con veciños, poderán solicitarlo á alcaldía quen resolverá asignar un local dispoñible no día e horas previstas.*

O portavoz do grupo Popular pide que se faga a reestructuración de locais o máis rápido posible.

O Alcalde responde que é un tema pendente por non haber neste intre locais libres.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **12º.- CREACIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Este concello tivo recentemente un obradoiro de emprego denominado O Guímaro I!. Esta foi unha experiencia positiva tanto para a formación dos traballadores como para a súa posterior inserción no mercado laboral. Por ese motivo se estima que sería positiva a posta en funcionamento dun novo obradoiro de emprego. Polo exposto, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto e o plan formativo do Obradoiro de Emprego “O Guímaro II” con trinta traballadores participantes das especialidades de albanelería (vinte) e de xardinería (dez) para a execución das obras de:*

1	<i>Rehabilitación da Casa Escola de Parada dos Montes para Centro Sociocultural e Veciñal</i>
2	<i>Rehabilitación da Casa Escola de Abrence para Centro Sociocultural e Veciñal</i>
3	<i>Rehabilitación da cuberta da casa escola de Eixón</i>
4	<i>Peirao urbano na Pobra do Brollón</i>
5	<i>Miradoiro de Vilachá</i>
6	<i>Arranxo de rotas de sendeirismo</i>
7	<i>Creación de áreas de reunión</i>
8	<i>Mantemento das áreas axardinadas</i>

2.- *Aproba-la estimación de custos materiais e contratas externas que se sinala:*

	<i>Obra</i>	<i>Importe</i>
1	<i>Rehabilitación Casa Escola de Parada dos Montes para Centro Sociocultural e Veciñal</i>	<i>46.400,00</i>
2	<i>Rehabilitación da Casa Escola de Abrence para Centro Sociocultural e Veciñal</i>	<i>34.800,00</i>
3	<i>Rehabilitación da cuberta da casa escola de Eixón</i>	<i>11.600,00</i>
4	<i>Peirao urbano na Pobra do Brollón</i>	
5	<i>Miradoiro de Vilachá</i>	
6	<i>Arranxo de rotas de sendeirismo</i>	<i>82.200,00</i>
7	<i>Creación de áreas de reunión</i>	
8	<i>Mantemento das áreas axardinadas</i>	
	<i>Total</i>	<i>175.000,00</i>

3.- *Autorizar ó Alcalde para solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia unha achega por un importe total de cincocentos oitenta e catro mil setecentos catro euros con oitenta céntimos (584.704,80 €) para cubri-los gastos de funcionamento e xestión (módulos A e B do orzamento) do Obradoiro de Emprego.*

4.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

O portavoz do grupo Popular sinala que non se opoñen, pero que o mesmo que o anterior foi solicitado por consenso de tódolos grupos, se faga igual. Indica que hai que ter en conta a tódolos votantes e que o de Vilachá e Eixón xa o ía a facer Medio Rural.

O Alcalde responde que non houbo tempo para tratar que buscar achegas de outros grupos xa que se encontraron sen nada preparado por parte do anterior goberno. Respecto ó de Eixón sinala que o convenio, por importe de 42.000 € está pendente de asinar e que se realizará unha área recreativa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **13º.- DECLARACIÓN DE NÚCLEO RURAL EN OÚTARA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente tramitado a instancia de D<sup>ña</sup>. María Ignacia Maceda Corujo para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar da Oútara, o informe do técnico municipal, a proposta de delimitación e acreditación da preexistencia do núcleo rural de Oútara, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Aprobar provisionalmente a proposta de declaración de preexistencia do núcleo rural de Oútara redactada polo arquitecto Xosé Lois López Otero, ós efectos previstos na lexislación vixente.*

*2.- Remiti-lo expediente á Dirección Xeral de Urbanismo solicitando a aprobación definitiva de acordo co previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia na redacción dada pola Lei 15/2004 d 29 de decembro..*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-dúas horas e dezaioito minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a un de agosto de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

# RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vintetrés de agosto de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran na...

...ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTETRÉS DE AGOSTO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintetrés de agosto de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

## ORDE DO DÍA:

### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

#### 1.1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dezaseis de xullo de dous mil sete.

#### 1.2º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o Decreto de vinteoito de xuño de dous mil sete dictado por esta Alcaldía por mor de urxencia que se indica a seguir, propono ó Pleno a súa ratificación:

*Nomear como Secretaria do xulgado de Paz durante o período de baixa da titular a Dona. Rosario López Fernández con DNI número 76572816-C*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:



Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local con data dous de agosto de dous mil sete que se indica a seguir, propoño ó Pleno a súa ratificación:

1.- Nomear como nova Secretaria do Xulgado de Paz da Pobra do Brollón a D<sup>ña</sup>. María Soledad Vilela Pol con D.N.I. número 35.115.305-D con efectos de día seis de agosto de dous mil sete.

2.- Comunicar este acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para os efectos previstos na lexislación vixente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS:**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Vista a evolución ata a data da xestión orzamentaria do presente exercicio, os gastos que está previsto executar ata o seu remate, as partidas nas que existe exceso de crédito dispoñible e aquelas outras que se presentan como insuficientes, e tendo en conta o informe do Secretario-Interventor do Concello, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo expediente número 1/2007 de modificación de créditos do orzamento xeral do concello para 2007 co seguinte detalle:

<i>Func.</i>	<i>Econ.</i>	<i>Descrición</i>	<i>actual</i>	<i>aumento</i>	<i>minora- ción</i>	<i>total</i>
011	310	Xuros	35.000,00	4.800,00		39.800,00
111	100	Retribucións básicas e outras	36.302,68	2.019,60		38.322,28
111	226	Gastos diversos	2.500,00		500,00	2.000,00
111	230	Dietas	2.144,00	1.000,00		3.144,00
111	260	Gastos diversos	5.616,00		338,00	5.278,00
121	110	Retribucións básicas e outras	4.521,00		497,05	4.023,95
121	120	Retribucións básicas	44.863,10		850,00	44.013,10
121	121	Retribucións complementarias	63.023,91		700,00	62.323,91
121	220	Material de oficina	11.000,00		2.600,00	8.400,00
121	221	Abastecementos	26.500,00		2.000,00	24.500,00
121	222	Comunicacións	14.000,00		2.400,00	11.600,00
121	226	Gastos diversos	12.000,00		3.000,00	9.000,00
121	227	Traballos realizados por outras empresas	31.000,00		2.100,00	28.900,00
121	150	Produtividade	15.854,56		2.340,00	13.514,56
121	162	Gastos sociais	11.664,45		4.519,55	7.144,90
441	221	Abastecementos	21.000,00	10.000,00		31.000,00
441	226	Gastos diversos	1.000,00	1.000,00		2.000,00
451	222	Comunicacións	3.000,00	3.000,00		6.000,00
451	230	Dietas	1,00	25,00		26,00

<i>Capítulo</i>		<i>Euros</i>
<i>I</i>	<i>Gastos de persoal</i>	<i>733.818,94</i>
<i>II</i>	<i>Gastos en bens correntes e servicios</i>	<i>468.694,31</i>
<i>III</i>	<i>Gastos financeiros</i>	<i>39.800,00</i>
<i>IV</i>	<i>Transferencias correntes</i>	<i>50.536,11</i>
<i>VI</i>	<i>Inversións reais</i>	<i>244.390,94</i>
<i>VII</i>	<i>Transferencias de capital</i>	<i>30.644,19</i>
<i>VIII</i>	<i>Activos financeiros</i>	<i>358,13</i>
<i>IX</i>	<i>Pasivos financeiros</i>	<i>48.600,00</i>
<i>Total</i>		<i>1.616.842,62</i>

<i>Func.</i>	<i>Econ.</i>	<i>Descrición</i>	<i>actual</i>	<i>aumento</i>	<i>minora- ción</i>	<i>total</i>
<i>Total</i>				<i>21.844,60</i>	<i>21.844,60</i>	

2.- Coas anteriores modificacións, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento xeral de 2007 queda como se indica.

3.- Modifica-la Base 14 das de execución do orzamento para dous mil sete que queda redactada como sigue:

1.- O Alcalde dedicarase ó concello en xornada completa sen dedicación exclusiva polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de dous mil euros (2.000,00 €).

2.- A primeira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

3.- O segundo Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de quince horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (787,50 €).

4.- A terceira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

5.- O concelleiro que exerza as delegacións especiais de organización de actividades culturais e deportivas e para a xuventude e educativas dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de vintecinco euros (25,00 €) por asistencias a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibirá indemnización por unha de elas.

7.- Indemnizacións por desprazamentos.

- e) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.
- f) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00 €) en concepto de dieta.
- g) Se por mor da viaxe realizada tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ó Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.
- h) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).
  - 8.- Gastos de funcionamento dos grupos municipais.
- c) Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de trinta euros (30,00 €) por grupo, e dez euros (10,00 €) por cada concelleiro que o integre.
- d) A fin de dar cumprimento ó previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ó grupo que se sinala na letra anterior.

4. - Facelo público por prazo de quince días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado se non se presenta ningunha nese prazo.

5.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

O portavoz do grupo Popular di que o seu grupo aprobará a proposta pero deixando constancia da súa desconformidade no que respecta ás retribucións do grupo de Goberno como xa se fixo constar no anterior pleno. Di que na proposta hai un aumento de 2.019,60 € cando farán falta uns 7.000,00 €, e porque este ano o goberno anterior gastou só 9.000,00 €. Prevé que a fin de ano haberá que complementar de novo a partida nuns 10.000,00 €.

O Alcalde responde que non haberá máis gasto e que a partida será suficiente.

Sometida a votación a proposta se aproba por unanimidade.

#### **1.04º.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello ten vixentes na actualidade ordenanzas fiscais que non se corresponden coa realidade ou que supoñen, en certos casos un anacronismo non compatible coa sociedade moderna e o concepto de servizo público que o concello debe de prestar. Así, se está cobrando unha póliza por presentación de documentos que xa hai anos desapareceu noutras administracións. Por outra banda, no que respecta ás licencias de obras se cobra unha cantidade de 3,01 € por licencia (e unha cantidade proporcional os metros nos peches, que supoñen unha dobre imposición nas licencias, cando a cantidade que debe figurar é a equivalente ós custos realmente soportados polo trámite de concesión de licencia. Consonante co anterior, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o cadro de tarifas que figura no artigo 7º da Ordenanza Fiscal número 4 Reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos que queda redactada como sigue:

<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<b><i>Padrón de habitantes</i></b>	
<i>Certificacións de empadramento no Padrón de Habitantes vixente</i>	<i>1,20 €</i>
<i>Certificacións de empadramento nos Padróns de Habitantes anteriores</i>	<i>2,40 €</i>
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padrón vixente</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padróns anteriores</i>	<i>2'40 €.</i>
<i>Declaracións xuradas, autorizacións paternas e comparencias</i>	<i>3'61 €.</i>
<b><i>Certificacións</i></b>	
<i>Certificación de documentos ou acordos municipais</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Se a súa antigüidade é superior aos 5 anos por cada período de 5 anos</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>As demais certificacións</i>	<i>1'20 €.</i>
<b><i>Dilixencia de cotexo de documentos:</i></b>	
<i>Pola primeira das follas que o acompañan</i>	<i>0'60 €.</i>
<i>Por cada unha das restantes follas</i>	<i>0'30 €.</i>
<b><i>Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais</i></b>	
<i>Informes Testificais</i>	<i>3'61 €.</i>
<i>Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, de apertura ou similares de locais, por cada un</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Por cada comparencia perante a Alcaldía para calquera finalidade con constancia por escrito solicitada polo interesado</i>	<i>3'61 €.</i>
<i>Polo visado de documentos en xeral, non expresamente tarifados, por cada un</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Por cada contrato administrativo de obras, bens ou servicios</i>	<i>1'20 €.</i>
<b><u><i>Outros expedientes ou documentos</i></u></b>	
<i>Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado</i>	<i>1'20 €.</i>

2.- Modificar os artigos 5º y 6º da Ordenanza Fiscal número 5 Reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas que quedan redactados como sigue:

<p><i>Artigo 5º.- Base imponible:</i></p> <p><i>Constitúea os gastos nos que incorra a administración por informes, anuncios e similares, impostos incluídos..</i></p> <p><i>Artigo 6º.- Cota tributaria:</i></p> <p><i>Será a o resultado de aplicar o coeficiente 1 á base imponible.</i></p>
---

3.- As modificacións a que se refiren os puntos anteriores entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e serán de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil oito.

4.- Expor este acordo ó público de acordo co establecido na Lei Reguladora das Facendas Locais e para os efectos previstos na mesma.

Os grupos do BNG e Socialista presentan unha emenda conxunta que di o seguinte:

Feita no seu día a proposta de acordo se comproba posteriormente a existencia dunha ordenanza que establece un prezo público por acceso a internet desde o ordenador do concello que hai na biblioteca. Esta ordenanza carece de sentido na actualidade xa que dito ordenador xa non se utiliza ó haber os da Xunta e da Deputación Provincial.

Por outra banda, outra ordenanza establece un prezo por impresión de documentos no servizo de internet rural. Dito prezo, no que respecta á impresión en color parece adecuado, pero non así no de impresión en negro que parece moi alta.

Consonte co anterior, ámbolos dous grupos propoñen a seguinte emenda de adición:

Incluír na proposta de acordo do punto 1.04 da orde do día do Pleno ordinario de 23 de agosto de 2007 os apartados seguintes:

3.- *Suprimi-la ordenanza fiscal número 18 reguladora do prezo público polo servizo de acceso a Internet dende a Biblioteca Municipal.*

<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>Por cada folio impreso en branco e negro</i>	<i>0,30 €</i>
<i>Por cada folio impreso en cor</i>	<i>1,00 €</i>

4.- *Modificar o cadro de prezos do artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 21 reguladora do prezo público por impresión de documentos a solicitude de terceiros que queda como sigue:*

Que os puntos 3 e 4 da proposta pasen a ser 5 e 6.

Sometida a votación a emenda é aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía coas modificacións incluídas pola emenda anterior, por unanimidade se acorda:

1.- *Modificar o cadro de tarifas que figura no artigo 7º da Ordenanza Fiscal número 4 Reguladora da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos que queda redactada como sigue:*

<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<b><i>Padrón de habitantes</i></b>	
<i>Certificacións de empadramento no Padrón de Habitantes vixente</i>	<i>1,20 €</i>
<i>Certificacións de empadramento nos Padróns de Habitantes anteriores</i>	<i>2,40 €</i>
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padrón vixente</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padróns anteriores</i>	<i>2'40 €.</i>
<i>Declaracións xuradas, autorizacións paternas e comparecencias</i>	<i>3'61 €.</i>
<b><i>Certificacións</i></b>	
<i>Certificación de documentos ou acordos municipais</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Se a súa antigüidade é superior aos 5 anos por cada período de 5 anos</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>As demais certificacións</i>	<i>1'20 €.</i>
<b><i>Dilixencia de cotexo de documentos:</i></b>	
<i>Pola primeira das follas que o acompañan</i>	<i>0'60 €.</i>
<i>Por cada unha das restantes follas</i>	<i>0'30 €.</i>
<b><i>Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais</i></b>	
<i>Informes Testificais</i>	<i>3'61 €.</i>

<i>Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, de apertura ou similares de locais, por cada un</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Por cada comparecencia perante a Alcaldía para calquera finalidade con constancia por escrito solicitada polo interesado</i>	<i>3'61 €.</i>
<i>Polo visado de documentos en xeral, non expresamente tarifados, por cada un</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Por cada contrato administrativo de obras, bens ou servicios</i>	<i>1'20 €.</i>
<b><u>Outros expedientes ou documentos</u></b>	
<i>Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado</i>	<i>1'20 €.</i>

2.- Modificar os artigos 5º y 6º da Ordenanza Fiscal número 5 Reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas que quedan redactados como sigue:

<p><i>Artigo 5º.- Base imponible:</i></p> <p><i>Constitúea os gastos nos que incorra a administración por informes, anuncios e similares, impostos incluídos..</i></p> <p><i>Artigo 6º.- Cota tributaria:</i></p> <p><i>Será a o resultado de aplicar o coeficiente 1 á base imponible.</i></p>
---

3.- Suprimi-la ordenanza fiscal número 18 reguladora do prezo público polo servicio de acceso a Internet dende a Biblioteca Municipal.

4.- Modificar o cadro de prezos do artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 21 reguladora do prezo público por impresión de documentos a solicitude de terceiros que queda como sigue:

5.- As modificacións a que se refiren os puntos anteriores entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e serán de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil oito.

<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>Por cada folio impreso en branco e negro</i>	<i>0,30 €</i>
<i>Por cada folio impreso en cor</i>	<i>1,00 €</i>

6.- Expor este acordo ó público de acordo co establecido na Lei Reguladora das Farcendas Locais e para os efectos previstos na mesma.

### **1.05º.- INCLUSIÓN COMO SUBVENCIONABLE DA FESTA DA VENEIRA.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Habitualmente se inclúen como festas subvencionables polo concello a principal de cada parroquia. No acordo no que así se decidiu se estableceu que tamén o fosen as de Estación, Pacios de Veiga e a do San Victorio, polo interese desta festa.

Estase este ano a recuperar unha festa tradicional que levaba tempo sen celebrarse que é a da Veneira de Roques polo que propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*- Incluir entre as festas do concello subvencionables para o presente exercicio e sucesivos e nas mesmas condicións que as demais a que se celebre no lugar da Veneira de Roques na parroquia de Ferreiros.*

Sometida a votación a proposta se aproba por unanimidade.

### **1. 06º.- FESTAS LOCAIS PARA 2008.**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Traballo dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O Decreto 152/2007 de 19 de xullo da Consellería de Traballo establece o calendario laboral para 2008. Compre que o concello estableza dúas festas locais con carácter de non laboral. Habitualmente o concello viña sinalando o día do San Vitorio, romaría xa popular na Pobra e o luns seguinte ó Corpus. Esta última data víñase mantendo de xeito tradicional dende que o Xoves de Corpus deixou de ser festivo, xa que antes era o venres seguinte.

A situación anterior tiña lóxica xa que a festa se celebraba xoves e venres e así tódolos veciños podían acudir. Pero non ten á mesma lóxica a do luns, xa que a festa vense celebrando de venres a domingo.

Para fixa-lo día hai que ter en conta ós principais afectados como son o comercio e os traballadores asalariados. Hai unhas datas que adoitan ser festas de gran tradición como son as do entroido. Nalgunha ocasión no concello se puxo o mércores de cinsa como festa local o que tivo boa acollida entre a xente xa que permite descansar da diversión e trasnoita do martes de entroido.

Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

- *Establecer como festas locais para 2008 as que a seguir se sinalan:*

<i>Día</i>	<i>Celebración</i>
<i>6 de febreiro</i>	<i>Mércores de cinsa</i>
<i>27 de agosto</i>	<i>San Vitorio</i>

Sometida a votación a proposta se aproba por unanimidade.

### **1.07º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES:**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira Delegada de Obras Urbanas dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Desde que se fixo o edificio da casa da cultura hai xa bastantes anos, a rúa que accede a ela está sen remata-la súa urbanización o que xera problemas de acceso tanto ó edificio indicado como ás vivendas que se atopan en dita rúa. Para por solución a esta situación se negociou un convenio que financiara a obra. Así mesmo se prevé comeza-la urbanización de Cereixa na marxe da estrada LU-652. A tal fin, e visto o escrito 105.687/2007 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo convenio a asinar entre o concello e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia para a execución da obra de "Acondicionamento de beirarrúas en Pobra, no acceso o local multiusos e nova construción de beirarrúas en Cereixa, na estrada LU-652" de acordo coas condicións que se sinalan a seguir.*

2.- *Comprometerse en nome do concello a por en disposición, libres de cargas e gravames, tódolos terreos necesarios para a execución das obras indicadas.*

3.- *Comprometerse en nome do concello a obter e outorgar tódolos permisos necesarios para a execución de ditas obras.*

4.- *Comprometerse en nome do concello a recibir as obras unha vez executadas e a asumir-la súa conservación e explotación.*

5.- *Autorizar ó Alcalde para a sinatura deste convenio.*

**Primeiro.-** *A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes comprométese ao financiamento, contratación, execución e dirección das obras que, de seguido se relacionan, polos importes máximos e con cargo a aplicación orzamentaria 08.02.521A.607.1 do ano 2007:*

*Obra: Acondicionamento de beirarrúas en Pobra, no acceso o local multiusos e nova construción de beirarrúas en Cereixa, na estrada LU-652.*

*Orzamento: 49.792,58 euros.*

**Segundo.-** *O Concello da Pobra do Brollón para garantir a efectividade do presente convenio achegou testemuña do acordo adoptado en Comisión de Goberno, relativo aos seguintes extremos:*

- a) *Posta a disposición, por parte do concello da Pobra do Brollón, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras obxecto do presente convenio.*
- b) *Tramitación e concesión dos correspondentes permisos e autorizacións que resultasen necesarios para a execución das obras.*
- c) *Recibir as obras realizadas e asumir a súa conservación e explotación.*

**Terceiro.-** *O Concello da Pobra do Brollón como trámite previo á licitación das obras, achegará a oportuna certificación xustificativa de dispoñibilidade dos terreos nos termos do apartado a) da cláusula precedente.*

**Cuarto.-** *Para o cumprimento do presente Convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e un representante do concello da Pobra do Brollón.*

*Todas as incidencias que poidan xurdir na aplicación deste Convenio serán formuladas a través da indicada comisión de Seguimento, que resolverá de mutuo acordo. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na Cláusula primeira.*

*O presente convenio de colaboración entre as dúas institucións extinguirase por finalización do prazo previsto nel e/ou a petición dalgunha das dúas partes.*

*As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio son competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

**Quinto.-** *En todo caso, a contribución financeira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes non implicará subrogación desta en ningún dereito nin obriga que se deriven da titularidade da obra, que corresponderá ao Concello da Pobra do Brollón.*

**Sexto.-** *Recibidas as obras pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, serán entregadas ao uso público, correspondéndolle ao Concello da Pobra do Brollón a súa conservación e explotación segundo o previsto no apartado c) da cláusula segunda, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e da formalización da correspondente acta de entrega.*

**Sétimo.-** *A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, non asumirá os incrementos de presuposto que se produzan por excesos de medición, modificados, revisión de prezos ou por calquera outra causa, limitándose á súa achega económica ao pactado no presente Convenio, minorada na cantidade que se obteña por baixa na adxudicación das obras.*

**Octavo.-** *A vixencia do presente convenio, que non será prorrogable, corresponderase co prazo de execución das obras ata a súa recepción e en ningún caso superior a un ano.*

Sometida a votación a proposta se aproba por unanimidade.

### **1.08º.- ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE EMISORAS MUNICIPAIS GALEGAS:**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A emisora do concello comezou a funcionar hai uns meses sen ter resoltos aínda temas como os da xestión dos dereitos de autor. Para por fin a esta situación, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adherir o Concello da Pobra do Brollón como membro e pasar a formar parte da Asociación de Emisoras Municipais Galegas (EMUGA).*

2.- *Aproba-los estatutos da citada asociación.*

3.- *Comprometerse a aboar a cota anual establecida de dous céntimos de euro (0,02 €) por habitante do concello.*



4.- Nomear como representante do concello en EMUGA ó concelleiro D. Javier González González.

5.- Autorizar ó indicado concelleiro para asina-los documentos necesarios para formalizar a adhesión acordada.

O portavoz do grupo Popular di que dubida da compatibilidade entre esta adhesión e o convenio que o concello ten asinado.

O Alcalde responde que o convenio que deixou asinado o goberno anterior e mellorable e hai que renegocialo, pero que non existe incompatibilidade con el, se non que se complementa.

O concelleiro Delegado de Cultura di que non hai problema xa que EMUGA lles facilita programas que poden emitir ou non a vontade.

Sometida a votación a proposta se aproba por unanimidade.

### **1.09º.- CESIÓN DE USO Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DE UN LOCAL PARA PUNTO DE ENCONTRO DAS BRIGADAS DE INCENDIOS:**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello ten cedido o local da antiga Cámara Agraria, local que debe de ser dedicado fundamentalmente a prestar servicios relacionados con sector agrario. Dentro de este no noso concello destaca o forestal que ocupa a maior extensión e xera unha importante riqueza, pero presenta, por outra banda problemas relacionados cos incendios forestais. O noso concello se encontra nun punto estratéxico para a prevención e loita contra o lume de toda a zona do Caurel. De feito as brigadas adoitan a concentrarse aquí. Para favorecer esa situación, que ten vantaxes para o noso concello, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Ceder á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia o uso dun local axeitado no antigo edificio da Cámara Agraria como punto de encontro das brigadas de incendios de acordo coas seguintes condicións:

a) Que a citada cesión terá unha duración de cinco anos, prorrogándose anualmente de non ser denunciada por algunha das partes cunha anterioridade de tres meses.

b) A Consellería de Medio Rural financiará as obras necesarias para o acondicionamento do local e para dotalo dos servicios necesarios para o fin que se pretende.

c) A Consellería de Medio Rural dedicará o local cedido para punto de encontro das brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

d) Se a Consellería de Medio Rural deixase de utilizar o local para o fin previsto ou o dedicase a fins diferentes ós indicados sen autorización do concello, cesará no uso do local recuperando o concello dito uso.

e) Esta cesión se considera compatible co normal uso do edificio e dos elementos comúns do mesmo pola Agrupación Local de Protección Civil e outros servicios municipais.

2.- Facultar ó Alcalde para a sinatura dos documentos precisos para a formalización desta cesión.

O portavoz do grupo Popular di que xa no seu día se puxo en contacto coa delegada da zona e que el era partidario de ceder un local pero que non estaba equipado con duchas e outros.

Di que xa antes se reunían alí as brigadas municipais, que o que cambiou foi a política da Xunta sobre as brigadas. Que agora a Xunta ten brigadas pero non infraestrutura. Engade que a cesión que se pretende por cinco anos supera o mandato da corporación e condiciona o futuro. Que ademais o concello, coa cesión, perde patrimonio e que na Casa Consistorial xa están Correos e o Xulgado mentres o grupo Popular segue sen Local.

Continúa dicindo que ata agora o lugar o utilizaba protección civil e debe de quedar clara a preferencia de uso de dita agrupación. Que o local podería usarse para dar conferencias ou charlas e que así pode acabar convertido nun almacén. E que tampouco está claro se o usarán todo o ano ou só en verán e quen pagará os gastos de luz e auga.

O Alcalde responde que as brigadas veñen a prestar servicios ó concello e que é mellor que radiquen aquí que noutro concello xa que acudirán máis axiña ós lumes do noso concello e farán traballos complementarios. Respecto ós locais para os grupos políticos é un problema que tiña que estar resolto en anos anteriores e que o grupo Popular cando gobernaba nunca solucionou. Remata dicindo que os gastos os pagará o concello.

O concelleiro Socialista Javier González di que antes existía unha brigada municipal sen preparación e sen medios e agora temos tres ben equipadas. Que non se trata só de ter brigadas senón de telas ben equipadas e en condicións dignas de traballo como lle corresponden a calquera traballador.

O portavoz do grupo Popular di que é unha falta de respecto ás persoas que traballaron con el como axente forestal dicir que non tiñan preparación. Engade que debería ser a Consellería quen alugase un local ou que pidan ás comunidades de montes que lle los faciliten, xa que son os beneficiarios.

O concelleiro Socialista Javier González responde que o que acaba de dicir o portavoz Popular é demagogia, que el se refire á falta de preparación, non pola vontade dos traballadores, senón porque nin Xunta nin Concello os equipaban e preparaban convenientemente. Que eran bos traballadores e compañeiros e con boa vontade, pero sen medios. Remata dicindo que o portavoz do grupo Popular se queixa de que este convenio teña unha duración de cinco anos, pero que o grupo Popular deixou firmado un convenio de dez anos para a emisora municipal.

O portavoz do Grupo Popular di que ningún grupo se opuxo a aquel convenio.

Sometida a votación a anterior proposta é aprobada por seis votos a favor dos grupos do BNG e Socialista, e cinco votos en contra do grupo Popular.

### **1.10º.- ADHESIÓN Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR:**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Para por en funcionamento o Centro de Día caben diversas formas de xestión, a directa xestionada polo propio concello, acudir a unha fundación privada ou adherirse ó, Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar. O concello non ten capacidade para xestionar directamente o centro. A xestión mediante una empresa ou fundación desvirtuaría o carácter público do servicio. Por tanto propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Adherirse en nome do Concello da Pobra do Brollón ó Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar para a xestión do centro de día.*

*2.- Aproba-los estatutos do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar nos termos publicados no D.O.G. 131/2006 de 7 de xullo.*

*3.- Nomear a José Luís Maceda Vilariño como representante do Concello en dito consorcio, autorizándoo expresamente para asinar tódolos documentos necesarios para formalizar a adhesión.*

O portavoz do grupo Popular di que no convenio coa Vicepresidencia da Xunta esta ten o 51% de representación e os concellos so o 49% e que ademais está sen decidir e concretar o financiamento. Que no pleno celebrado o día 12 de marzo se aprobou un plan concertado por importe de 361.500 € dos que o concello achegaba 24.000 € e que incluía o funcionamento do centro de día. Que a Consellería deixa facer o plan, pero que logo o supervisan eles. Que o concello fixo e equipou o Centro de Día e só faltaba poñelo en marcha e agora o Alcalde di que tardará un ano. E que o que se pretendía era contar cun centro de día e unha residencia de ocupación media.

O Alcalde responde que agradece os esforzos feitos anteriormente, pero que eles creen e apostan por unha educación, unha sanidade e uns servizos sociais públicos e iguais para todos mentres o Partido Popular aposta polas fundacións. Respecto ó financiamento indica que se trata agora de adherirse, de manifestar a vontade de pertencer ó consorcio para logo negociar o convenio. Sobre o que o portavoz Popular dixo do xeriátrico, indica que primeiro habería que saber se un xeriátrico ten sentido neste concello. Remata dicindo que a prestación pública do servizo é mellor, máis transparente, de maior garantía e máis barato para os usuarios.

A portavoz do grupo Socialista indica que se tratará de axilizar para que o proceso se remate antes do ano. Respecto ó fondo do tema di que o seu grupo aposta pola prestación pública do servizo e porque este sexa de calidade.

O portavoz do grupo Popular di que espera que a política se faga desde aquí e non dende a Xunta de Galicia. Diríxese ó Alcalde dicindo que ven da privada e agora se fixo un home público. E que todos algunha vez utilizan ós servizos privados cando fallan os públicos.

O Alcalde responde que el non se fixo home público, que o fixeron os electores. Que é o portavoz Popular quen está en contra do público pero traballa no público. E que é certo, que el pode ir a unha consulta médica privada, pero que hai moita xente que non ten medios para facelo.

Continúa dicindo que o portavoz popular tampouco podería adiantar unha data de entrada en funcionamento coa xestión por unha fundación. Remata dicindo que en todo caso xa hai 108 concellos gobernados polo Partido Popular adheridos ó convenio.

A portavoz do grupo Socialista di que o seu grupo opta pola xestión pública ó ser de máis calidade e máis económica para os usuarios.

Sometida a votación a proposta é aprobada con seis votos a favor dos grupos do B.N.G. e Socialista e cinco en contra do grupo Popular.

### **1.11º.- SERVICIO DE RECOLLIDA DE LIXO:**

Dáse conta da seguinte proposta da Delegada de Medio Ambiente dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O servizo de recollida de lixo vense prestando por unha empresa dende hai case dez anos vendendo no remate do presente, aínda que con prórroga automática se non se denuncia con antelación de tres meses por algunha das dúas partes. Estamos pois no intre no que compre adoptar unha decisión sobre este servizo.

Actualmente, aínda que o presta en teoría unha empresa, esta non asume o risco e ventura do contrato xa que logo o vehículo é propiedade do concello e tódolos gastos que orixina, reparacións, repostos, consumibles, seguros e calquera outro son pagados polo concello.

Por outra banda, dende que se adxudicou a situación variou moito xa que agora existe un servizo de recollida selectiva en implantación, e estamos a piques de ter en funcionamento un punto limpo que necesitará tamén a súa atención. Por outra parte é necesario mellorar o servizo de limpeza viaria. Finalmente o servizo que se presta e mellorable xa que debe ser reforzado nos meses de verán a atender as necesidades por exemplo das festas das parroquias. Todos estes servizos se prestarían mellor mediante a contratación de traballadores que o atendesen. O custo actual do servizo é de 39.349,94 €.

A posible opción de contratación de dous traballadores a xornada completa para desenvolver o servizo tería un custo estimado máximo de 36.000 € polo que o concello tería un aforro prestando máis e mellores servizos.

Tendo en conta que o actual contrato se prorroga automaticamente de non ser denunciado por algunha das partes con tres meses de antelación, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Denunciar o contrato entre o Concello da Pobra do Brollón e Somoza Pérez C.B. (D. José Antonio e D. Luís Somoza Pérez) para a recollida de residuos e explotación do vertedoiro municipal da Pobra do Brollón para os efectos previstos na base segunda das que rexeron dito contrato.*

*2.- Que consonte co anterior dito contrato caducará e se considerará resolto, a tódolos efectos, o vindeiro día trinta e un de decembro de dous mil sete non producíndose a prórroga do mesmo.*

O portavoz do grupo Popular di que están de acordo con que se rescinda o contrato porque en cumpra-la lexislación, pero que vota en falta unha idea clara do que se pensa facer, si se vai contratar persoal para presta-lo servizo ou unha empresa. Indica que a outros niveis tódolos grupos políticos teñen claro que a mellor xestión é a concesión que sae máis económica por mor das vacacións, baixas, etc.

A Delegada de Medio Ambiente di que se está a facer un estudio e que pronto se terá rematado, pero que en todo caso para poder optar por una alternativa é preciso acorda-la rescisión do contrato xa que de non facelo agora se prorrogaría automaticamente.

Sometida a votación a anterior proposta é aprobada por seis votos a favor dos grupos do BNG e Socialista, e cinco abstencións do grupo Popular.

### **1.12º.- LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS:**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A limpeza da Casa Consistorial e do colexio faina unha empresa que foi contratada no ano 1984 actualizándose o prezo en varias ocasións ademais das subidas correspondentes ó IPC.

O custo actual do servizo ascende á cantidade anual de 8.514,12 €. Pero a actual contrata, nin fai limpeza de tódalas dependencias do concello nin atente a outros edificios dos que agora dispón o concello como a antiga Cámara Agraria ou a Casa da Cultura. Este edificio está precisamente sen utilizar por falta de limpeza e calefacción e o custo que supón. Nestas circunstancias compre estudar unha solución alternativa que permita, sen un grande incremento de custos, atender de forma axeitada a limpeza do conxunto dos edificios do concello.

Sendo un incremento superior ó 100% do servizo actual, non cabe legalmente a posibilidade de ampliar o obxecto do actual contrato no que se refire os novos edificios. Xa estendelo a toda a Casa Consistorial suporía un incremento no contrato dun 10% polo que o custo se elevaría a 9.365,53 €. E contratar unha nova empresa para a limpeza da Casa da Cultura e a Cámara Agraria suporía non menos de outro tanto, o que elevaría o gasto a non menos de 18.700 €. Nestas circunstancias a solución máis axeitada e económica sería a contratación laboral de dúas persoas a media xornada o que tería un custo de 12.000 €, que podería elevarse a 13.000 € contando coas substitucións por vacacións pero que en todo caso suporía un aforro de 5.700 €. Tendo en conta que o actual contrato se prorroga automaticamente de non ser denunciado por algunha das partes con dous meses de antelación, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Denunciar o contrato entre o Concello da Pobra do Brollón e D. Juan Fuentes Ramos para a limpeza do Grupo Escolar e a Casa Consistorial para os efectos previstos na base segunda das que rexeron dito contrato.*

*2.- Que consonte co anterior dito contrato caducará e se considerará resolto, a tódolos efectos, o vindeiro día trinta e un de decembro de dous mil sete non producíndose a prórroga do mesmo.*

O portavoz do grupo Popular di que se reiteran no dito no punto anterior sobre a inexistencia dunha idea clara do que hai que facer.

O Alcalde responde que o servizo vai variar moito xa que hai que limpar a Casa Consistorial completa e edificios como a Casa da Cultura e a Cámara Agraria.

Sometida a votación a anterior proposta é aprobada por seis votos a favor dos grupos do BNG e Socialista, e cinco abstencións do grupo Popular.

### **1.13º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O PLAN DE REEQUILIBRIO TERRITORIAL.**

O grupo Popular presenta unha moción relativa ó Plan de Reequilibrio Territorial aprobado recentemente pola Xunta de Galicia.

Sometida a votación a urxencia da moción, ós efectos do artigo 83 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, é aprobada por unanimidade.

Tanto o Alcalde como portavoz do grupo do B.N.G. como a primeira Tenente de Alcalde, como portavoz do grupo Socialista manifestan a vontade dos seus grupos de votar favorablemente sempre que o grupo Popular retire da mesma a exposición de motivos.

O portavoz do grupo Popular amosase conforme, polo que sometida a votación, por unanimidade se acorda:

- *Instar á Xunta de Galicia a:*

*Primeiro.- Que se teña en conta a participación dos distintos concellos galegos na elaboración definitiva do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia de tal xeito que, unha vez consultado ao concello da Pobra do Brollón, poidan incorporarse as achegas que este realice.*

*Segundo.- Que se establezan prazos de execución completos así como as previsións orzamentarias precisas, en relación con todas e cada unha das actuacións incluídas, ou que se poidan incluírse tras as consultas aos distintos concellos, no Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia.*

*Terceiro.- O concello da Pobra do Brollón remitirá o contido do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, así como tamén a cada un dos Grupos Parlamentarios da Cámara Galega e aos órganos de dirección da Federación Galega de Municipios e Provincias de tal xeito que, todos eles, poidan coñecer os termos do acordado na sesión plenaria da Corporación Municipal.*

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Relación de Decretos desde o 16/06/2007 ata o 23/08/2007.

<i>Data</i>	<i>Decreto</i>
06/08/2007	<i>Permiso festa Liñares</i>
16/08/2007	<i>Permiso festa Santalla de Rei</i>
16/08/2007	<i>Permiso festa Eixón</i>
13/08/2007	<i>Permiso festa Saa</i>
07/08/2007	<i>Permiso festa Fornelas</i>
30/08/2007	<i>Permiso festa Óutara</i>
12/07/2007	<i>Permiso festa Veneira</i>
18/07/2007	<i>Permiso festa Castroncelos</i>
05/07/2007	<i>Permiso festa Labrada</i>
29/06/2007	<i>Permiso festa dos Avós 2007</i>
02/08/2007	<i>Permiso festa Vilachá</i>
07/08/2007	<i>Permiso festa Ferreiros</i>
18/06/2007	<i>Solicitud Subvención equipamentos deportivos</i>

28/06/2007	<i>Inicio Expediente concesión licencia Construcción forraxeiros María Ángeles Ferreiros</i>
28/06/2007	<i>Nomeamento Secretaria Xulgado</i>
04/07/2007	<i>Nomeamento Tenentes de Alcalde</i>
04/07/2007	<i>Delegación Concelleiros</i>
19/07/2007	<i>Autorización pancetada Castroncelos</i>
24/07/2007	<i>Solicitud Subvención para Normalización lingua galega</i>
03/08/2007	<i>Autorización fogata Saa para Cordeiros asados</i>
02/07/2007	<i>Modificación SAD Benigno Álvarez</i>
09/07/2007	<i>Modificación SAD Yolanda Teodora</i>
14/07/2007	<i>Modificación SAD José Dacal</i>
04/07/2007	<i>Concesión SAD Julia Macía</i>
02/07/2007	<i>Modificación SAD M<sup>a</sup> Pastora</i>
18/07/2007	<i>Modificación SAD María Victoria Camino</i>
02/07/2007	<i>Modificación SAD Paciano Vázquez</i>
02/07/2007	<i>Concesión SAD Antonio Fernández</i>
11/07/2007	<i>Concesión SAD Antonio Rodríguez</i>
18/07/2007	<i>Modificación SAD Basilisa Prieto</i>
30/06/2007	<i>Concesión SAD Ana Casas Pérez</i>
30/06/2007	<i>Modificación SAD Basilisa</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD Celestino Enríquez</i>
21/06/2007	<i>Concesión SAD Celestino Páez</i>
21/06/2007	<i>Concesión SAD Emilio Mencía</i>
21/06/2007	<i>Concesión SAD Héctor Parada</i>
21/06/2007	<i>Concesión SAD Irene Souto</i>
30/06/2007	<i>Modificación SAD Jovita Camino</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD Luís López</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD Luisa López</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD Manuela De la Fuente</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD María Núñez</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD María Victoria Camino</i>
30/06/2007	<i>Modificación SAD Nicanor Amado</i>
30/06/2007	<i>Modificación SAD Remedios Darriba</i>
27/06/2007	<i>Modificación SAD Toedra Púente.</i>

## **2.02.- ROGOS E PREGUNTAS.**

+ Pregunta oral que formula o concelleiro do grupo Socialista D. Javier González González:

Hai unha factura por viaxes o día da feira do viño de Vilachá. ¿Cantas viaxes se fixeron?

O Alcalde responde que non o sabe xa que non era Alcalde nesa data. Pero que si quere pode aclaralo o portavoz do grupo Popular quen era alcalde cando se celebrou a feira.

O portavoz do grupo Popular di que se fixeron unhas seis ou oito viaxes.

+ Pregunta oral que formula o concelleiro do grupo Socialista D. Javier González González:

Hai unha factura por 77 comidas máis outras cinco do grupo musical o día da feira do viño de Vilachá. ¿Quen foron os invitados?

O Alcalde responde que non o sabe xa que non era Alcalde nesa data. Pero que si quere pode aclaralo o portavoz do grupo Popular quen era alcalde cando se celebrou a feira.

O portavoz do grupo Popular di que se seguiu o criterio habitual de invita-las autoridades de zona xa que era un acto institucional do concello. Que tamén se invitou a catro ou cinco persoas pola cesión dos terreos para a carpa. Reitera que era un acto institucional do concello e non de partido e agradece a D. Antonio Jul Díaz a cesión do local, pero di que se fai pequeno e non se pode invitar a máis xente.

+ Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

¿Qué actividades culturais se desenvolveron este verán? Porque xa estamos a piques de rematar agosto e non houbo case ningunha, e espero que o concelleiro delegado especial faga algo para o mes de setembro porque en agosto xa é practicamente imposible. A vostede vaille moito o espectáculo pero no tempo que leva non fixo ren.

O Alcalde lle di ó portavoz do grupo Popular que non faga alusións persoais ós membros da Corporación.

O portavoz do grupo Popular di que non era a súa intención ofender persoalmente e que se refería a que o concelleiro Socialista tocaba a batería no grupo musical Capitán Sonoro.

O Concelleiro Delegado de Cultura responde que é posible que o portavoz Popular non saiba cales foron as actividades que se fixeron xa que non asistiu a ningunha. Pero que nunca se fixeron tantas e con tan baixo custo para o concello. Así di que os tres días de actividades que como anterior Alcalde deixou programados o portavoz de grupo Popular cun orzamento de 3.000,00 € dos que o concello ten que achegar 1.200,00 €, o novo equipo de goberno puxo en marcha unha serie de actividades das que o orzamento total ascende a 19.000,00 € das que o concello só ten que achegar 550,00 €.

Inclúe entre ditas actividades a actuación do grupo A Roda, a presenza na Pobra do espectáculo do Xabarín Club da T.V.G., a proxección por primeira vez na Pobra dunha película do programa Cine na Rúa, a realización dunha semana de talleres para os pequenos na casa da cultura e a posta en marcha do noite-bus, así como a participación dos maiores do concello na xuntanza habida en Vilalba. E todo eso sen deixar de lado as actividades como excursións ás praias e similares que se viñan facendo outros anos.

O portavoz do grupo Popular di que o que deixou programado estaba en función da achega da Consellería procurando non elevar o gasto do concello. Engade que bota de menos actividades deportivas para a xuventude. Pregunta cantos maiores de 65 anos foron a Vilalba do total dos que foron.

O Concelleiro Delegado de Cultura responde que foron 57 maiores dun total de 77. Engade que cando este goberno comezou a súa andaina non había liñas de subvencións establecidas, pero que traballando a prol do concello, facendo xestións e múltiples chamadas telefónicas se acadan achegas para as actividades. Que en todo caso el si que bota en falta que se houberan feito actividades culturais e deportivas nos últimos dezaseis anos.

O Alcalde felicita ó Concelleiro Delegado de Cultura pola labor feita neste tempo con moitas actividades en marcha preparadas contra reloxo.

O Concelleiro Delegado de Cultura responde que todo foi acadado co esforzo e colaboración de todo o grupo de goberno.

+ Pregunta oral que formula o concelleiro do grupo do BNG D. Manuel González Moreira:

Na parroquia de Piño se colocou un punto de luz do que existe unha solicitude pero do que non foi acordada a súa concesión. ¿É arbitraria a decisión do concello á hora de instalar ditos puntos?

O Alcalde responde que non o sabe xa que non era Alcalde nesa data. Pero que si quere pode aclaralo o portavoz do grupo Popular quen era alcalde cando se celebrou a feira.

O portavoz do grupo Popular di que el non estaba na Xunta de Goberno Local pero reconece que en todo caso foi un fallo non concedelo a tempo. Engade que tamén o actual grupo concedeu unha licencia que el tiña deixando pendente de informe.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-dúas horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a tres de setembro de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,



## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada o día doce de novembro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran na...

...ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE URXENCIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DOCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de novembro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria de urxencia do pleno do Concello.

Non comparece o Concelleiro José Antonio Álvarez Sánchez.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O Alcalde expón os motivos da urxencia que é aprobada por unanimidade.

#### **2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello dispón dun parque de vehículos moi vellos e que é preciso ir renovando paulatinamente ante o risco de que se produza un colapso que obrigue a facelo todo a un tempo o que non sería asumible dende o punto de vista orzamentario.

Para facelo, e na medida en que sexa posible, hai que aproveita-las posibles liñas de achegas da Xunta de Galicia. Deste xeito a Consellería de Medio Rural deulle ó concello unha achega para comprar un tractor que se dedique fundamentalmente a roza-los montes.

Non habendo fondos dispoñibles no orzamento do concello esta alcaldía procedeu a solicitar das entidades bancarias propostas para a concertación dun préstamo para financia-la achega municipal.

Antes de remata-la adxudicación de dito préstamo compre incluílo no orzamento así como as partidas de gasto que xera, polo que, visto o informe de Intervención, propoño ó Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente o expediente número 2 de modificación de créditos o orzamento xeral para 2007 do concello da Pobra do Brollón no que se modifican as partidas que a seguir se indican:

Estado de ingresos:

Partida	Concepto	Inicial	Aumento	Final
917	Préstamos recibidos de fora do sector público	0,00 €	45.000 €	45.000 €

Estado de gastos:

Partida		Concepto	Inicial	Aumento	Final
Funcional	Económica				
223	623	P. civil, inversión nova en maquinaria	5.784,63 €	45.000,00 €	50.784,63 €

2.- Coas anteriores modificacións, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento xeral de 2007 queda como se indica.

3.- Modifica-la Base 7 das de execución do orzamento para dous mil sete que queda redactada como sigue:

Se prevé un préstamo por importe de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) para financiar parcialmente a adquisición dun tractor con destino ós servizos municipais, do que as características serán as que resulten do procedemento de adxudicación.

Capítulo		Euros
I	Gastos de persoal	743.214,96
II	Gastos en bens correntes e servizos	485.438,53
III	Gastos financeiros	39.800,00
IV	Transferencias correntes	50.536,11
VI	Inversións reais	289.390,94
VII	Transferencias de capital	30.644,19
VIII	Activos financeiros	5.830,21
IX	Pasivos financeiros	48.600,00
Total		1.693.454,94

4. - Facelo público por prazo de quince días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado se non se presenta ningunha nese prazo.

5.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

O portavoz do grupo Popular sinala que hai pouco se aprobou outro expediente, que está de acordo con aumenta-lo patrimonio e que o concello non ten liquidez. Engade que pode pedirse o crédito porque o ano pasado houbo superávit como se desprende do informe de Intervención. Remata dicindo que en consecuencia se pode facer grazas á boa xestión do Partido Popular pese ás críticas do B.N.G. Pregunta tamén ó Interventor como agora hai máis gastos totais no orzamento que no inicial.

Autorizado polo Alcalde o Secretario Interventor aclara que non di no seu informe que no ano 2006 houbo superávit, xa que houbo déficit, o que houbo foi un aforro neto positivo. No que se refire ó aumento do total do estado de gastos sinala que se debe á xeración de créditos por ingresos de achegas doutras Administracións.

Toma de novo a palabra o portavoz Popular que di que xa había moito que pagar de amortización e xuros e agora se pretende aumenta-la débeda. Pregunta canto custará o tractor e como se financiará.

O Alcalde responde que efectivamente hai moita débeda de exercicios anteriores e que a cuestión é se foi útil para os veciños, xa que a xestión puido ter sido mellor e que agora se xestiona con menos gasto, que ninguén quere endebedarse pero que se trata dunha inversión para o servizo público xa que o tractor que ten o concello xera moitos gastos.

O portavoz Popular di que a débeda é anterior a que el fose concelleiro, xa que nese período só se tramitou un préstamo por 50.000 € e que a débeda tivo connotacións políticas e xudiciais e non quere que volva a pasar. Engade que isto é unha hipoteca que nunca se vai a pagar. Pide finalmente que nas mesas de contratación haxa representantes do grupo Popular.

Polo B.N.G. o concelleiro Rodríguez Franco di que as hipotecas teñen prazos de vencemento e que hai que amortizalas. Engade que subscribe o sinalado nos informes de Intervención.

O Alcalde di que a adquisición do tractor é unha necesidade, non un capricho, e que polo tanto hai que solicitar o préstamo, e para elo hai que aprobar este expediente.

Sometida a votación a proposta é aprobada con seis votos a favor dos grupos Nacionalista e Socialista e catro abstencións do grupo Popular.

### **3º.- CONTRATACIÓN DE PRÉSTAMO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para a adquisición dun tractos subvencionado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, o concello ten que aportar a cantidade de 45.000,00 € dos que non dispón dada a situación económica do concello. Por ese motivo esta Alcaldía iniciou o procedemento de contratación dun préstamo que ten que ser rematado polo Pleno do Concello.

Visto o proceso de contratación dun préstamo con destino á adquisición dun tractor para os servizos do concello, a proposta da mesa de contratación e o informe de Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar ó Banco de Crédito Local, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria o proceso de contratación dun préstamo por importe de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) para a adquisición de maquinaria con destino ós servizos municipais.

2.- *As características da operación son as seguintes:*

<i>Contía</i>	<i>45.000,00 €</i>	<i>Comisións</i>	<i>Exento</i>
<i>Carencia</i>	<i>2 anos</i>	<i>Liquidación</i>	<i>Trimestral</i>
<i>Prazo</i>	<i>15 anos</i>	<i>Amortización</i>	<i>Trimestral</i>
<i>Tipo de xuros</i>	<i>Euribor anual + 0,23 %</i>	<i>Anualidade</i>	<i>3.100,65 €</i>
<i>Revisión</i>	<i>Anual</i>	<i>Xuros demora</i>	<i>Non consta</i>

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, é aprobada coa abstención dos catro concelleiros presentes do grupo Popular e os seis votos a favor dos membros dos grupos Socialista e do B.N.G..

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e corenta e catro minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezasete de decembro de dous mil sete.

v. e pr.

O Alcalde,

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinteito de decembro de dous mil sete, adoptáronse os acordos que figuran na...

...ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTEOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as dezanove horas do día vinteito de decembro de dous mil sete, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece o Concelleiro José Antonio Álvarez Sánchez.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### 1.1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

+ Sométese á aprobación a acta da sesión celebrada o día vintetrés de xullo de dous mil sete.

O portavoz do grupo Popular di que a exposición de motivos do punto 1.11º de dita sesión non foi lida no Pleno.

O Alcalde manifesta que as propostas están no expediente e que non se lean literalmente no Pleno non implica que non estean.

A concelleira propoñente Montserrat Macía di que a proposta estaba completa no expediente independentemente de que no debate non se lle dese lectura.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta tras ter en conta a alegación do grupo Popular.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día doce de novembro de dous mil sete.

### **1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo que se indica adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día vinteseite de setembro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación:

*1.- Autorizar á Confederación Hidrográfica do Norte a ocupación de xeito transitorio, mentres dure a execución das obras dunha extensión aproximada de 200 m<sup>2</sup> para a construción dun sonda na parcela urbana propiedade do concello de referencia catastral 1925601PH3112N0001QK, no lugar de Outeiro.*

*2.- Autorizar a ocupación durante un período de trinta anos, prorrogables ó seu remate dun espazo de 4 m<sup>2</sup> no que estará situado o sonda e a súa arqueta de protección.*

*3.- O acceso, por quen designe a Confederación ata o recinto interior para realizar as medidas ou toma de mostras necesarios, así como os traballos de reparación ou mantemento.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo que se indica adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dez de outubro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación:

*2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 9 de agosto de 2007 da (D.O.G. número 162/2007 de 22 de agosto) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.*

*3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.*

*4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o acordo que se indica adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día trinta de outubro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación:

*1.- Acollerse ó establecido na disposición transitoria da Orde de 20 de abril de 2007 (D.O.G. número 79/2007 de 24 de abril pola que se regula a concesión de achegas ós concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.*

*2.- Renunciar expresamente ás cantidades pendentes de libramento da axuda actualmente vixente.*

*3.- Solicitar da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia o abeiro do establecido na orde citada unha nova achega para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Pobra do Brollón nos termos establecidos na citada orde aceptando integramente as condicións de financiación establecidas nela e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o Decreto que se indica adoptado por mor de urxencia esta Alcaldía o día vinte de setembro de dous mil sete, propoño ó Pleno a súa ratificación:

1º.- *Aproba-lo Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio rural e este Concello para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a adquisición dun vehículo contra incendios forestais mediante a adquisición dun vehículo tractor con rozadoira e tratamentos preventivos.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Orzamento:

A piques de rematar o exercicio económico, como se fixo xa nos anos anteriores compre facer pequenas modificacións do orzamento para axustalo ás necesidades que se foron tendo no ano, minorando créditos nas partidas nas que hai sobrantes para financiar aqueles nos que compre aínda realizar gastos urxentes.

Compre sinalar que os ingresos se foron recibindo con regularidade superando amplamente os previstos no orzamento por mor dunha xestión moi eficaz na captación de recursos e de novas achegas doutras administracións, particularmente a autonómica. E que nos gastos, nunha difícil situación herdada, se traballou con eficacia, eficiencia e imaxinación para con escasos recursos facer unha boa labor.

Por outra banda compre facer un axuste no cadro de persoal, que sen repercusión económica neste exercicio permita dispor na prorroga para 2008 das prazas precisas para a contratación do persoal necesario para os servizos municipais.

Polo tanto, e visto o informe de Intervención, propoño ó Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- *Aprobar inicialmente o expediente número 3 de modificación de créditos o orzamento xeral para 2007 do concello da Pobra do Brollón no que se modifican as partidas que a seguir se indican:*

Func.	Econ.	Descrición	Anterior	Aumento	Minoración	Definitivos
011	310	Xuros	39.800,00	300,00		40.100,00
111	100	Retribucións básicas e outras	38.322,28	3.856,08		42.178,36
111	226	Gastos diversos	2.000,00		-600,00	1.400,00
111	230	Dietas	3.144,00	420,00		3.564,00
111	260	Outros gastos funcionamento órganos municipais	5.278,00	100,00		5.378,00
121	121	Retribucións complementarias	62.323,91		-876,00	61.447,91
121	131	Laboral eventual	65.052,17		-7.570,00	57.482,17
121	150	Productividade	13.514,56	4.904,30		18.418,86
121	162	Gastos sociais de funcionarios e persoal non laboral	7.144,90		-5.454,00	1.690,90
121	203	Aluguer maquinaria, instalacións e apeiros	0,00	400,00		400,00
121	213	Reparación maquinaria, instalacións e apeiros	2.000,00		-1.900,00	100,00
121	214	Reparación material de transporte	2.000,00		-1.000,00	1.000,00
121	220	Material de oficina	8.400,00	2.200,00		10.600,00
121	221	Abastecementos	24.500,00		-8.000,00	16.500,00
121	222	Comunicacións	11.600,00	1.300,00		12.900,00
121	224	Primas de seguros	6.000,00		-1.280,00	4.720,00

Func.	Econ.	Descrición	Anterior	Aumento	Minoración	Definitivos
121	226	Gastos diversos	9.000,00	6.500,00		15.500,00
121	227	Traballos realizados por outras empresas	28.900,00		-13.000,00	15.900,00
121	230	Dietas	1.000,00	50,00		1.050,00
121	489	Outras transferencias a familias e institucións	1.000,00		-264,00	736,00
121	611	Outras inversións de reposición	14.000,00	3.500,00		17.500,00
121	623	Inv. nova en maquinaria, instal. e apeiros para servizos	0,00	500,00		500,00
121	628	Obras parroquiais	43.852,43		-9.532,74	34.319,69
223	131	Laboral eventual	38.886,86	542,36		39.429,22
223	213	Rep. Maquinaria, instalacións e apeiros	6.056,05		-4.000,00	2.056,05
223	214	Rep. Material de transporte	6.982,48		-2.800,00	4.182,48
223	222	Comunicacións	1.000,00	100,00		1.100,00
223	224	Primas de seguros	5.087,53		-1.500,00	3.587,53
422	213	Rep. Maquinaria, instalacións e apeiros	2.500,00		-1.000,00	1.500,00
422	221	Abastecementos	8.000,00		-2.600,00	5.400,00
441	213	Rep. Maquinaria, instalacións e apeiros	7.500,00	8.000,00		15.500,00
441	221	Abastecementos	31.000,00	6.500,00		37.500,00
442	214	Reparación material de transporte	2.500,00	2.000,00		4.500,00
442	226	Gastos diversos	25.000,00	1.000,00		26.000,00
444	213	Reparación maquinaria, instalacións e apeiros	10.000,00	12.000,00		22.000,00
444	221	Abastecementos	68.000,00	3.700,00		71.700,00
444	226	Gastos diversos	250,00	100,00		350,00
451	131	Laboral eventual	10.920,00	704,00		11.624,00
451	213	Reparación maquinaria, instalacións e apeiros	500,00	500,00		1.000,00
451	221	Abastecementos	7.000,00	1.500,00		8.500,00
452	226	Gastos diversos	5.600,00	2.600,00		8.200,00
611	227	Traballos realizados por outras empresas	7.500,00		-1.900,00	5.600,00
		<b>Total</b>	<b>633.115,17</b>	<b>63.276,74</b>	<b>-63.276,74</b>	<b>633.115,17</b>

2.- Coas anteriores modificacións, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento xeral de 2007 queda como se indica.

Capítulo		Euros
I	Gastos de persoal	776.517,47
II	Gastos en bens correntes e servizos	497.517,24
III	Gastos financeiros	40.100,00
IV	Transferencias correntes	50.272,11

VI	<i>Inversións reais</i>	338.126,40
VII	<i>Transferencias de capital</i>	30.644,19
VIII	<i>Activos financeiros</i>	5.830,21
IX	<i>Pasivos financeiros</i>	48.600,00
<i>Total</i>		1.787.607,62

3.- *Modifícalo cadro de persoal que figura como anexo II ós orzamentos que queda, no que respecta ó persoal laboral temporal como sigue:*

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Persoal Auxiliar</i>	3	<i>Axuda a Domicilio</i>
<i>Educador Familiar</i>	1	<i>Servicios Sociais. Media xornada</i>
<i>Peón conductor</i>	1	<i>Servicio de recollida de lixo, punto seco e limpeza viaria</i>
<i>Peón</i>	1	
<i>Limpador</i>	2	<i>Servicio de limpeza de edificios municipais</i>
<i>Os que resulten de subvencións recibidas das Consellerías da Xunta de Galicia.</i>		

O portavoz do grupo Popular di que tódolos anos se funcionou ben e se fixeron ós pagos gracias á boa labor dos funcionarios. Que o orzamento se elaborou gobernando o Partido Popular e se aprobou no Pleno por unanimidade. Que cando eles gobernaban se facía unha modificación de créditos ó ano e que neste novo mandato se levan feito xa tres, unha por pleno.

Engade que eles no ano 2005 baixaron ás asignacións ós membros da corporación ó contrario do que agora ocorre. que se soben cando el xa anunciou o día vintetrés de agosto que non abondaría a partida. Engade que desde esa data o capítulo que máis medra é o I nuns 43.000 € mentres outros, coma a partida de obras parroquiais diminúen. Respecto do cadro de persoal di que se vai a aumentar o persoal indicado que o seu grupo estima que a contratación do servizo de recollida de lixo debería de facerse por concurso entre empresas. Que houbo un partido que na campaña falou de débeda e de exceso de persoal e agora fai o contrario.

Continúa dicindo que no concurso de contratación de persoal a un veciño non se lle valorou o seu traballo e que se convocou e retirou un concurso para contratar persoal de axuda a domicilio. Remata dicindo que as contratacións se produciron con excesiva urxencia na súa tramitación.

O Alcalde responde que tamén o Partido Popular aprobaba os orzamentos fora de prazo e facían modificacións durante o exercicio. Que eles teñen que adecuar un orzamento herdado que non se adapta ás novas políticas que os veciños impulsaron nas eleccións. Engade que no ano 2006 houbo déficit mentres neste haberá superávit habendo moita máis actividade, máis obras e máis servizos así como unha serie de actos culturais de custe cero para o concello.

O portavoz Popular di que o Consello de Contas non obxectou sobre as do mandato do seu grupo ó que o Alcalde responde que neses períodos se disfrazaron as contas. O portavoz Popular di que ou o Alcalde rectifica ou debería de ir o Xulgado, ó que o Alcalde responde que cambia a expresión “disfrazaron” por “maquillaron”.

Polo grupo Socialista a concelleira Montserrat Macía di que o proceso se alargou porque mantivo reunións co portavoz Popular para falar das prazas e valorar a contratación dunha empresa. Esto, e o feito de lle consultar as bases atrasou á decisión.

O portavoz Popular di que o tribunal valorou a quen actualmente recollía o lixo, e todos o sabíamos, con cero puntos.



A concelleira Socialista Montserrat Macía di que quen valorou foi o tribunal.

O Alcalde di que o grupo de goberno o que pretendeu foi que o proceso fose transparente e obxectivo e que el cree na transparencia e obxectividade do tribunal. Engade que se fará o mesmo con todas as prazas.

O portavoz Popular di que a última palabra a tiña o Alcalde quen non debeu asumir a proposta feita polo tribunal.

O Alcalde responde que o que o portavoz Popular pretende é que actúe “dedocráticamente” que é como se nomeaba antes ó persoal, pero que agora se acabou.

A portavoz do grupo Socialista di que se demorou o proceso para facer ben as bases e con consenso, e algo tamén por inexperiencia.

O portavoz do grupo Popular di que non critica as bases senón o resultado do proceso xa que pensa que o tribunal se equivocou e agora non hai tempo para recorrer.

Sometida a votación a proposta se aproban por unanimidade os puntos 1 e 2 e por maioría de seis votos a favor dos grupos Nacionalista e Socialista e catro en conta do grupo Popular, o 3.

1.04º.- FICHEIROS INFORMATIZADOS.

#### **Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas**

Tendo en conta a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro (BOE nº 298 de 14 de decembro) que regula o tratamento de datos de carácter persoal e o seu uso posterior polos sectores público e privado e en especial o determinado no Art. 20-1º da citada Lei, propoño ó Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- *Crear os ficheiros que a continuación se relacionan que conteñen a información esixida no Art. 20-2º da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.*

2.- *Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*Ficheiros de nova creación nos arquivos ou sistemas informáticos do Concello da Pobra do Brollón:*

##### *Ficheiro de Nóminas e Persoal*

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos traballadores do Concello da Pobra do Brollón.*

*Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a xestión de persoal e de nóminas, promoción do persoal, prevención de riscos laborais, control de incompatibilidades, así como xestión fiscal e contable e control sanitario.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Traballadores do Concello da Pobra do Brollón.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios ou cupóns.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, nº de Seguridade Social/Mutualidade, teléfono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento) datos académicos e profesionais (formación, titulacións, experiencia profesional e pertenza a colexios ou asociacións profesionais) datos de detalle de emprego (corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo e datos non económicos de nómina) datos económico financeiros (ingresos e rendas, plans de pensións/xubilación, datos bancarios, datos económicos de nómina, seguros, datos de*

*deduccións impositivas/impuestos...)*

*Outros datos especialmente protexidos (saúde).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Seguridade Social, Facenda Pública, Servicio Galego de Colocación, Entidades Financeiras e Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel alto.*

### ***Ficheiro SIUSS***

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos usuarios do departamento de Servicios Sociais do Concello.*

*Finalidade: Prestación dos servicios sociais que os cidadáns requiren do Concello.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos cidadáns beneficiarios dos servicios sociais.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios ou cupóns.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda) datos de detalles do emprego (posto de traballo) datos económicos e financeiros (ingresos e rendas) así como datos de transaccións (bens e servicios subministrados polo afectado, bens e servicios recibidos polo afectado).*

*Outros datos especialmente protexidos (saúde).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Seguridade Social, Facenda Pública, Servicio Galego de Colocación, Entidades Financeiras e Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel Alto.*

### ***Ficheiro de Rexistro***

*Descrición: Rexistro de persoas que demandan solicitudes do Concello.*

*Finalidade: Rexistro de persoas físicas e xurídicas que tramitan documentos co Concello.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos suxeitos que tramitan documentos diante do Concello da Pobra do Brollón.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios ou cupóns.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións, licencias, permisos, autorizacións) datos de información comercial (actividades e negocios, licencias comerciais) así como datos de transaccións (bens e servicios subministrados polo afectado, bens e servicios recibidos polo afectado, transaccións financeiras).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Seguridade Social, Facenda Pública, Servicio Galego de Colocación, Entidades Financeiras e Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel baixo.*

#### *Ficheiro de Recadación*

*Descrición: Neste ficheiro lévase a configuración dos suxeitos pasivos obrigados ó pago dos tributos, taxas, exaccións municipais e a consecuente recadación.*

*Finalidade e Usos Previstos: comprende as aplicacións que teñen por finalidade o exercicio das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación de tributos locais, que non estean delegados a outras entidades. A día de hoxe os usos previstos serán en relación cos seguintes tributos: imposto de vehículos de tracción mecánica, taxa polo subministro de auga, recollida de residuos sólidos urbanos e tratamento e eliminación de residuos, e sumidoiro.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Os datos persoais dos suxeitos pasivos dos impostos municipais do Concello da Pobra do Brollón.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios ou cupóns.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) datos de circunstancias sociais (características de aloxamento, vivenda, propiedade, posesións, licencias, permisos, autorizacións) datos de información comercial (actividades e negocios, licencias comerciais) así como datos de transaccións (bens e servicios subministrados polo afectado, bens e servicios recibidos polo afectado, transaccións financeiras). Datos para mantemento de contadores: código, DNI, razón social, epígrafe, última lectura, lectura anterior, data de alta. Datos domiciliación bancaria: conta, titular, banco, sucursal, DC.*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Servicio provincial de recadación, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda, Tesourería Xeral da Seguridade Social (en relación coa tramitación de procedementos de coacción ou embargo), Xefatura de Tráfico (no suposto do imposto dos vehículos de tracción mecánica), ou a requirimento de Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel baixo.*

#### *Ficheiro de Padrón*

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos cidadáns empadroados no Concello da Pobra do Brollón.*

*Finalidade: A finalidade deste ficheiro é xestionar o padrón de habitantes, controlando as altas e baixas da poboación e as súas posibles variacións (traslados de domicilios, etc.). Levar a cabo funcións de estatística pública e procedementos administrativos.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Cidadáns empadroados no Concello da Pobra do Brollón.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Entrevistas e formularios ou cupóns.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, teléfono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Instituto Nacional de Estatística, Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel baixo.*

#### *Ficheiro de Contabilidade*

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos interesados na xestión económica e contable do Concello.*

*Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a realización das operacións de natureza contable e económica, así como a xestión de cobros e pagos.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Interesados na xestión económica e contable do Concello.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal, rexistros públicos, entidades privadas e administracións públicas.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Formularios ou cupóns, transmisión electrónica de datos/Internet, fax.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección e teléfono) datos económico financeiros*

*(datos bancarios, datos de deducións impositivas/impostos) datos de información comercial (actividades e negocios) e datos de transaccións (bens e servizos fornecidos polo afectado).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Os datos contidos neste ficheiro poderán ser cedidos en todo ou en parte a Entidades Financeiras, Intervención Pública e Órganos Xudiciais, Consello de Constas da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón. Servicio ou unidade ante o que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

#### *Ficheiro de Catastro*

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos suxeitos do catastro.*

*Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a xestión do catastro.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Suxeitos con propiedades ubicadas no termo xeográfico do Concello.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal, rexistros públicos, entidades privadas e administracións públicas.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Formularios ou cupóns, transmisión electrónica de datos/Internet, fax.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección) datos económico financeiros (propiedades).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Os datos contidos neste ficheiro poderán ser cedidos en todo ou en parte a Entidades Financeiras, Intervención Pública e Órganos Xudiciais, Consello de Constas da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón. Servicio ou unidade ante o que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

#### *Ficheiro de Presupostos*

*Descrición: Este ficheiro contén os datos persoais dos suxeitos pasivos dos presupostos.*

*Finalidade: A finalidade deste ficheiro é a xestión administrativa dos presupostos.*

*Persoas ou colectivos dos que se pretenda obter datos: Suxeitos pasivos dos presupostos xestionados.*

*Procedencia dos datos: Os datos deste ficheiro son facilitados polo propio interesado ou o seu representante legal, rexistros públicos, entidades privadas e administracións públicas.*

*Procedemento de recolleita dos datos: Formularios ou cupóns, transmisión electrónica de datos/Internet, fax.*

*Estructura básica do ficheiro: O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección e teléfono) datos económico financeiros (datos bancarios) datos de información comercial (actividades e negocios) e datos de transaccións (bens e servicios fornecidos polo afectado).*

*Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: Os datos contidos neste ficheiro po-*

*derán ser cedidos en todo ou en parte a Entidades Financeiras, Intervención Pública e Órganos Xudiciais, Consello de Contas da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social así como aquelas de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.*

*Órgano responsable do ficheiro: Concello da Pobra do Brollón. Servicio ou unidade ante o que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

*Medidas de seguridade e nivel esixible: Nivel básico.*

*Servicio ou unidade ante o que se poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello da Pobra do Brollón.*

### **1.5º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA ASOCIACIÓN CAMIÑO SUR A SANTIAGO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para participar na promoción do camiño sur a Santiago que discorre polo noso concello compre nomear un representante na asociación que o xestiona. A tal fin, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*- Nomear como representante do concello da Pobra do Brollón na Asociación Camiño Sur a Santiago ó concelleiro Javier González González.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.06º.- CONVENIO SOBRE INFRAVIVENDA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

No seu día se fixo unha actuación de mellora dunha infravivenda no lugar de Vales, parroquia de Piño da que é titular a persoa que se indicará. Para o financiamento de dita actuación propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar o convenio entre o concello e a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

*2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e especialmente para a sinatura do convenio.*

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a axuda a unha familia que ten vivenda cualificada como de infravivenda rural e que se integra no Decreto 343/1992, do 26 de novembro, de axudas aos concellos para a infravivenda rural que se inclúen no programa de rehabilitación de vivendas, conseguindo así a integración social da familia interesada.*

*Segunda.- A vivenda obxecto de axuda é a seguinte:*

*- Rehabilitar unha infravivenda rural abicada en Vales, Pino, é da que sería beneficiario último D<sup>na</sup>. Naria Lurdes Fernandes.*

*Terceira.- O orzamento da actuación é de seis mil cento corenta e catro euros con trinta céntimos (6.144,30 €) IVE incluído,*

*Beneficiario último D<sup>na</sup>. Naria Lurdes Fernandes      6.144,30 €*

*Ditas achegas faranse con cargo á aplicación orzamentaria 17.02.451A.761.0. para o presente exercicio económico.*

*A achega da Consellería de Vivenda e Solo farase efectiva en función das correspondentes solicitudes de pago feitas polo órgano competente do Concello, que, para estes efectos, deberá remitilas á Consellería.*

*Cuarta.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2007.*

*Quinta.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados pola Consellería de Vivenda e Solo e polo Alcalde-Presidente do limo. Concello Pobra de Brollen.*

*Sexta.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:*

*1.- O seu incumprimento total ou parcial.*

*2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.*

*3.- O mutuo acordo.*

*Sétima.- Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ó disposto no artigo 3.1.c) do R.D. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coas salvidade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.*

*O réxime da subvención concedida ao beneficiario será o establecido nas seguintes normas: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención, e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos; e a Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.*

*O beneficiario da subvención terá as obrigas do beneficiario prevista na normativa e en particular nas seguintes disposicións: artigo II.d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia tendo como obriga comunicar á Consellería de Vivenda e Solo a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas.*

*O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*A concesión desta axuda leva implícita a autorización para incluír ao beneficiario no rexistro de axudas e subvencións creado polo Decreto 132/2006.*

*Dada a natureza xurídico pública do presente documento as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.07º.- CONVENIO PLAN P.E.I.M. RURAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o escrito de 12 de marzo da Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias relativo ó P.E.I.M. Rural de 2007, e as necesidades do concello, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la inclusión no Programa Estratéxico de Infraestructuras no Medio Rural (PEIM Rural) de 2008 da obra de "Camiño de Canedo, camiños de Lamaigreja, camiños de Castroncelos, camiños de Pacios de Veiga, camiño de Castrosante, camiños de Salcedo, camiños de Eixón, camiño de Pinel e camiño de Oútara cun orzamento aproximado de cento noventa e oito mil catrocentos oitenta e oito euros con trinta e un céntimos (198.488,31 €), financiados pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

2.- Acepta-la execución da obra indicada en réxime de cooperación coa Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

3.- Por a dispor da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante as mesmas.

4.- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

5.- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

6.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.08º.- CONVENIO CO HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS S.L.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Aberto o balneario de Augas Santas preséntannos a posibilidade de asinar un convenio que sen custo algún para o concello ofrece vantaxes para os veciños e colectivos aquí radicados. Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- *Aprobar o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e o Hotel Balneario Augas Santas nos termos que se sinalan a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e para a sinatura do antedito convenio.*

#### *Expoñen*

*A vontade do Hotel Balneario Augas Santas é a recuperación do uso terapéutico das nosas augas, a actuación preventiva como concepto fundamental da saúde e a dinamización da Galicia interior.*

*Con tal obxectivo o Hotel Balneario Augas Santas ofrece un desconto do 20% nos servizos de Balneario (agás nos artigos de venda), así como un prezo especial de 10€ no Circuito Acuático, a todos as persoas pertencentes a asociacións con domicilio social no concello de A Pobra de Brollen.*

*Así mesmo, para grupos superiores 15 persoas ofrecémoslle o prezo do circuito acuático a 8€ por persoa (oferta válida de luns a venres). Tamén poñemos á disposición de tódolos clientes interesantes menús.*

#### *Cláusulas*

##### *Primeira.- Obxecto do Convenio*

*O obxecto do presente convenio é a articulación dunha serie de medidas de colaboración entre o concello de A Pobra de Brollón e a entidade "Hotel Balneario Augas Santas, S.L." para a procura dunha maior implicación dos habitantes da comarca nun recurso natural con grande utilidade preventiva da saúde.*

##### *Segunda.- Sistemática de funcionamento*

*Para que poidan beneficiarse deste desconto, é necesaria a presentación do carné de socio da Asociación.*

##### *Terceira.- Publicitación do presente Convenio*

*O Concello fará público nos medios de comunicación locais e rexionais, así como nos medios municipais, as condicións do presente convenio.*

*Cuarta.- As entidades comprométense á colaboración entre as partes para desenvolver actividades socioculturais.*

##### *Quinta.- Duración do Convenio*



*O Convenio ten unha duración anual, renovable por acordo expreso de non mediar denuncia por ningunha das partes.*

*Estando de acordo co contido do presente convenio de colaboración, asinan ambas partes, no lugar e data indicado no encabezamento.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.09º.- RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente:

A recollida selectiva de envases lixeiros viña sendo realizada por SOGAMA quen lla tiña contratada á empresa Escor. SOGAMA renunciou a seguir prestando o servizo polo que compre que o concello acade unha solución. Está en estudo que a Deputación Provincial de Lugo se faga cargo del, ben directamente ou ben en convenio cos concellos. En tanto nos se aclara esa opción, é preciso a contratación do servizo cunha empresa especializada por prazo dun ano prorrogable que non hipoteque a opción de acollerse no seu momento á solución acadada pola Deputación. A tal fin, e tendo en conta que o servizo se viña prestando correctamente, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Contratar o servizo de recollida de envases lixeiros no concello da Pobra do Brollón á empresa Estevez Container Orensanos S.L. (Escor S.L.) con N.I.F.: B-32.015.604 representada por D. José Daniel Estevez Vázquez con D.N.I. número 34.905.279-L nos termos e condicións que se sinalan no prego que se inclúe a seguir.*

2.- *A duración do contrato será dun ano que coincidirá co ano natural 2008, prorrogándose en anos sucesivos se ningunha das partes denuncia o contrato con unha antelación mínima de tres meses.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

### **PLIEGO PARA EL SERVICIO DE RECOGIDA SELECTIVA DE ENVASES LIGEROS.**

#### **1. OBJETO DEL PLIEGO**

*El objeto de la presente es la prestación del servicio de recogida selectiva de envases ligeros, mediante la contratación de la empresa adjudicataria, especializada en recogida selectiva, dando así cumplimiento a lo establecido en la Ley 10/1998, de 21 de abril, de Residuos y en la Ley 11/1997, de 24 de abril, de Envases y Residuos de Envases.*

*Regirá el servicio de recogida y transporte hasta la Estación de Transferencia o Planta de Selección correspondiente, de los envases ligeros (de plástico, de metal y de cartón para bebidas) de origen doméstico, separados por los propios generadores y depositados en contenedores específicos.*

*Igualmente regirá la puesta a disposición del servicio y mantenimiento de los vehículos adecuados para la recogida, así como la adquisición, colocación, mantenimiento, limpieza y sustitución de los contenedores necesarios para este fin.*

#### **2. ÁMBITO TERRITORIAL DE PRESTACIÓN DEL SERVICIO**

*La empresa adjudicataria realizará la recogida selectiva de envases ligeros en Ayuntamiento asignado.*

#### **3. SERVICIO A REALIZAR**

*La recogida selectiva de envases ligeros se realizará mediante contenedores de color amarillo de carga trasera, de 800 litros de capacidad y con la tapa cerrada, con aberturas para la introducción de los envases. La recogida del material depositado en los contenedores se realizará de forma periódica mediante vehículos recolectores-compactadores.*

*Las actividades incluidas en el servicio son las siguientes:*

*Adquisición de los contenedores.*

- *Limpieza semestral de los contenedores, así como mantenimiento y reposición de los mismos.*

- *Puesta a disposición y mantenimiento de los vehículos adecuados para realizar el servicio de recogida.*

- *Recogida y transporte del material depositado en los contenedores hasta el centro o centros de descarga, manteniendo una frecuencia de recogida de una vez a la semana en los grandes núcleos y de tipo quincenal en el resto.*

### *3.1. Adquisición e instalación de los contenedores.*

- *La recogida se realizará mediante los contenedores que actualmente se encuentran en la vía pública. La empresa adjudicataria asumirá de Sogama la amortización pendiente de los mismos y se compromete a la reparación o sustitución de aquellos que no se encuentren en correcto estado, concretamente en lo referente al estado de las tapas y cerraduras y a las indicaciones sobre el material a depositar en su interior.*

- *La empresa adjudicataria se responsabilizará de que exista un número determinado de contenedores de reserva para hacer frente a posibles ampliaciones y ajustes del servicio.*

- *Será la empresa adjudicataria la que proponga la ubicación exacta de los contenedores, ajustándose a los criterios generales definidos por el Ayuntamiento. Dicha propuesta de ubicación estará sujeta a la aprobación y posibles modificaciones por parte del Ayuntamiento. Asimismo la empresa adjudicataria propondrá los ajustes de contenerización necesarios para obtener la optimización de las rutas, según se indica en el punto 3.4.*

- *La empresa adjudicataria deberá llevar a cabo, según las indicaciones de el Ayuntamiento, los movimientos o traslados, temporales o permanentes, de los contenedores de recogida selectiva de envases ligeros. Esta prescripción deberá ser cumplida por el contratista en la forma y plazo que se le indique desde el Ayuntamiento, cualquiera que sea al motivo que origine el traslado de los contenedores.*

- *La propiedad de los contenedores una vez adquiridos será de la empresa adjudicataria, si bien quedarán a disposición del servicio a la finalización del contrato.*

### *3.2. Limpieza, mantenimiento y reposición de los contenedores.*

- *Será obligación de la empresa adjudicataria el mantenimiento integral de los contenedores con el objeto de que éstos se encuentren siempre en perfecto estado de conservación y uso, de manera que el Ayuntamiento podrá solicitar la sustitución o reparación de aquellos contenedores cuyo estado no considere adecuado.*

- *La empresa adjudicataria se responsabilizará de que exista suficiente dotación de contenedores de reserva para hacer frente a la sustitución de aquellas unidades que se vean deterioradas a causa de un uso normal o por actos de vandalismo urbano.*

- *Para reducir las reparaciones y maximizar la vida útil de los contenedores la empresa adjudicataria deberá instar a sus conductores y operarios para que efectúen un trato correcto a las unidades de contenerización que manejen a diario.*

- *Las operaciones de lavado de contenedores de recogida de envases ligeros se hará dos veces al año, debiendo realizarse de forma que no se interrumpa el servicio.*

### *3.3. Puesta a disposición y mantenimiento de los vehículos de recogida.*

- *La empresa adjudicataria pondrá a disposición del servicio de recogida los vehículos de recogida necesarios para la prestación del mismo en las condiciones definidas en el presente pliego.*

- *Dada la baja densidad de los residuos a recoger, los vehículos irán equipados con sistemas de compactación. La compactación de los envases estará limitada por los condicionantes de la posterior clasificación de los mismos en la plantas de selección.*
- *Será obligación de la empresa adjudicataria, el mantenimiento integral de los vehículos con el objeto de que éstos se encuentren siempre en perfecto estado de conservación y uso.*
- *Así mismo la empresa adjudicataria estará obligado a disponer de todos los requisitos legales necesarios para la utilización de los vehículos asignados al servicio.*

#### *3.4. Recogida y transporte hasta centro de descarga.*

- *Las rutas diseñadas estarán sujetas a variaciones o actualizaciones en función de las necesidades del servicio y deberán adaptarse a todo tipo de incidencias, imprevistos o variaciones que afecten a la naturaleza o lugar de la prestación del servicio (acontecimientos sociales, obras en las vías públicas, modificaciones en las infraestructuras viarias).*
- *La frecuencia de recogida establecida como criterio para la definición inicial del servicio se determinará en función de la dotación de contenedores y la aportación esperada. la empresa adjudicataria deberá revisar la frecuencia inicial definida en base a la información sobre el grado de llenado de los contenedores y por tanto podrá proponer a el Ayuntamiento modificaciones al alza o a la baja, para evitar desbordamientos y optimizar la eficiencia de las rutas. A modo de referencia para el ajuste de las rutas, se considera un llenado promedio mínimo de los contenedores en el momento de la descarga de 2/3 de la capacidad. En todo caso se tendrá en cuenta el aumento de población que se produce durante los meses de verano lo que ocasionará una mayor frecuencia de recogida en dicho periodo.*
- *La recogida se llevará a cabo preferiblemente durante el día y en los horarios que mejor se adapten a las condiciones urbanísticas y viarias de las zonas a recoger. En cualquier caso la empresa adjudicataria deberá ajustar el horario de descarga de los vehículos a los que establezca a la instalación donde se descargará el material.*
- *La instalación de descarga correspondiente emitirá albaranes de entrega que el contratista deberá conservar durante un periodo mínimo de dos años. Dichos albaranes estarán a disposición del Ayuntamiento o de quien ésta determine.*
- *la empresa adjudicataria del contrato no deberá recoger, en el momento del vaciado de los contenedores, ningún otro residuo depositado en las cercanías de estos, ni otros contenedores que no sean los instalados por la propia empresa para la recogida selectiva de envases ligeros.*
- *la empresa adjudicataria del contrato deberá completar partes diarios de rutas en los que figure la fecha de recogida, los datos de los contenedores, incidencias en el servicio, matrícula del camión que efectúa la recogida y el nombre del conductor del mismo. Dichos partes estarán a disposición del Ayuntamiento. Asimismo, y a petición de ésta, los partes podrán incluir datos tales como porcentajes de llenado de los contenedores, calidad aparente del material, condiciones del entorno, etc., que sirvan para realizar un seguimiento y mejora en la prestación del servicio.*
- *la empresa adjudicataria aceptará las modificaciones, ajustes del servicio y controles que sean necesarios en desarrollo del Convenio marco entre la Xunta de Galicia y Ecoembes, al que el Ayuntamiento se encuentre adherido. Además deberá colaborar en la identificación de problemas en la calidad del material recogido en relación a la presencia de material no solicitado, proponiendo mejoras y colaborando en la implantación de las mismas. Para ello indicará en los partes diarios de incidencias el uso indebido de los contenedores o la presencia de material extraño.*

#### *4. REQUISITOS FORMALES Y DOCUMENTACIÓN NECESARIA*

- *la empresa adjudicataria deberá realizar, a partir del primer mes de entrada en funcionamiento del contrato, un inventario informatizado de los contenedores existentes para todos los núcleos de población donde se efectúe la recogida selectiva de envases ligeros. El inventario, que deberá ser ac-*

tualizado cada vez que se produzca una modificación, reflejará como mínimo el número de referencia (o de serie) de cada contenedor, su capacidad en litros, ubicación física detallada y/o en plano y observaciones, como bajas del inventario, daños o traslados. Se deberá mantener un histórico del mismo con una antigüedad de hasta 2 años.

- la empresa adjudicataria deberá disponer de un seguro de Responsabilidad Civil que cubra los posibles riesgos de daños ocasionados a terceros por el desarrollo de la recogida de envases y actividades complementarias, remitiendo a la Administración una copia compulsada por la compañía de la póliza suscrita, sin perjuicio de que en el futuro la Administración pueda requerir al adjudicatario justificante de encontrarse al corriente en el pago de las correspondientes primas.
- la empresa adjudicataria deberá estar en posesión (o justificar documentalmente que se está en trámite de obtenerlas antes de la formalización del contrato) de todas las licencias y permisos que de acuerdo con la normativa de la Comunidad Autónoma se necesiten para realizar el servicio de recogida.

#### 5. RELACIÓN CON LA ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE

La relación entre la empresa adjudicataria y el Ayuntamiento se realizará a través de los técnicos que sean designados por ésta y que desarrollarán las funciones de supervisión del servicio contratado.

la empresa adjudicataria designará un representante, que actuará como Director Técnico del servicio y será quien esté capacitado como interlocutor prioritario con el Supervisor nombrado por el Ayuntamiento.

**El Supervisor y el representante de la empresa (Director Técnico) serán competentes para suscribir actas u otro documento sobre el desarrollo del servicio o sobre la interpretación de detalle de sus contenidos; ambos deberán acordar los objetivos y metodologías definitivas, tomando como base el presente pliego de condiciones técnicas y la propuesta presentada por ESCOR.**

#### 6. INFORMES PARCIALES Y MEMORIA FINAL

la empresa adjudicataria deberá presentar a el Ayuntamiento un informe trimestral donde se incluyan todas las incidencias relacionadas con la prestación del servicio acaecidas durante el trimestre anterior, así como un apartado de observaciones y sugerencias destinadas a mejorar la prestación del servicio en cuanto a su calidad y eficacia (observaciones en cuanto al ritmo de llenado de los contenedores, rebosamiento de alguno de ellos o de los contenedores de recogida de Resto situados en las cercanías de los contenedores amarillos, propuestas de cambio de ubicación, existencia reiterativa de residuos de papel-cartón junto a los contenedores, incidencias relativas a la presencia de impropios en los contenedores, etc.).

Durante el último mes y para cada año de duración del contrato, la empresa adjudicataria del servicio presentará a el Ayuntamiento una memoria final del servicio.

la empresa adjudicataria deberá facilitar a el Ayuntamiento cualquier información sobre el servicio (incluidos informes u otros documentos) que esta pueda solicitar, en el menor tiempo posible e independientemente de los informes trimestrales. Todos los datos que se originen como consecuencia de la puesta en funcionamiento de este servicio serán propiedad del Ayuntamiento, no pudiendo ser utilizados por la empresa adjudicataria ni por un tercero sin la previa autorización de la misma.

La no presentación de estos informes podrá derivar en la aplicación de sanciones a la empresa licitante o incluso en la retención de pagos.

#### 7. RESPONSABILIDAD DE LA EJECUCIÓN DEL CONTRATO

la empresa adjudicataria del servicio será responsable directa y exclusiva frente a el Ayuntamiento de la ejecución del contrato.

la empresa adjudicataria deberá justificar que dispone de medios para hacer frente al cumplimiento del servicio en caso de averías en los equipos.

## 8. RESPONSABILIDADES FRENTE A LOS TRABAJADORES

*la empresa adjudicataria del contrato asumirá a título exclusivo el carácter de patrono o empresario respecto del personal que emplee para la realización de los servicios.*

*la empresa adjudicataria del contrato se comprometerá y obligará en el momento de la firma del mismo a cumplir exacta y directamente cuantas obligaciones y derechos sean consecuencia y deriven de su condición de empresario o patrón, siendo de su exclusiva cuenta el pago de salarios, cuotas de la Seguridad Social, accidentes de trabajo, Mutualismo Laboral, etc., así como todas o cualesquiera obligaciones sociales que imponga la legislación vigente en cada momento al patrono o empresario.*

## 9. PLAZO DE EJECUCIÓN

*El plazo inicial de ejecución del presente servicio será de un año prorrogable automáticamente si ninguna de las partes lo denuncia con una antelación mínima de tres meses. El primer periodo termina el día 31 de diciembre de 2008.*

## 10. INFRACCIONES Y SANCIONES

### *Infracciones leves*

- *Retrasos inferiores a un mes en la presentación de la información y documentación indicada en el presente pliego.*
- *Modificación en la ubicación de los contenedores sin ser aprobada previamente por el Ayuntamiento.*
- *Compactación excesiva del material en el vehículo, que impida la correcta selección en la planta, si previamente ya se había recibido un aviso por parte de la planta por un hecho similar.*
- *Comportamiento incorrecto del personal asignado al servicio.*

### *Infracciones graves*

- *Recogida de residuos depositados en contenedores diferentes a los destinados a residuos de envases ligeros de origen doméstico, o depositados alrededor de los contenedores o mezcla con cualquier otro tipo de residuo o material.*
- *Descarga de los envases ligeros en centros no designados por el Ayuntamiento.*
- *Retraso superior a tres meses en la presentación de la documentación o no existencia de la misma.*
- *Desbordamientos de contenedores durante dos días consecutivos o durante cuatro días no consecutivos en el plazo de un mes.*
- *Retirada de contenedores, sin el permiso del Ayuntamiento, sin ser repuestos en el plazo máximo de una semana.*

### *Sanciones:*

- *Infracciones leves:*

*Multa entre diez y cincuenta euros.*

- *Infracciones graves o repetición de leves:*

*Multa entre cincuenta y doscientos euros*

*Rescisión del contrato por repetición*

## 11. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DEL CONTRATO

*Las causas de resolución del contrato serán:*

- 1.- *Por el transcurso del término fijado como duración del presente contrato o en su caso de sus sucesivas prórrogas.*

2.- Por resolución del Convenio marco de colaboración entre la Xunta de Galicia y Ecoembes o de la adhesión al mismo de esta Mancomunidad.

3.- Por mutuo acuerdo de las partes que intervienen en el presente contrato de servicios.

4.- Por cualquiera de las causas de resolución previstas en el marco normativo vigente.

5.- Por comisión de dos faltas graves en el transcurso de un año.

## 12. CONDICIONES ECONÓMICAS

Cuantía y forma de pago:

Fórmula de pago incluida en el Convenio entre la Xunta de Galicia y Ecoembes. El convenio completo se encuentra disponible en la página web de la Xunta de Galicia:

<http://sirga.medioambiente.xunta.es/resurbanos/envconvenio.html>

la empresa adjudicataria facturará directamente a Ecoembes de forma mensual, los importes correspondientes según esta fórmula de pago.

La actualización anual de los pagos se realizará según lo previsto en el mismo Convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.10º.- APROBACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.**

Dáse conta da seguinte proposta do concelleiro Delegado de Muller dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Elaborado polo concello mediante achega da Vicepresidencia de Benestar da Xunta de Galicia o plan que se indica, e unha vez comprobado que se corresponde coa realidade do noso concello e os problemas que se aprecian na nosa sociedade, propono ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

- *Aproba-lo I Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello da Pobra do Brollón 2007-2001.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.11º.- SUBVENCIONS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Comisión de Subvencións dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Analizadas as solicitudes presentadas e a documentación que xuntan, e vistos os programas de actividades ou as necesidades de funcionamento de cada asociación, así como o seu ámbito e o número de persoas participantes, a Comisión, por unanimidade, acorda:

1.- *Propor ó Pleno do concello a concesión das seguintes subvencións:*

1.1.- *Cultura.*

1.1.1.- *Funcionamento de asociacións culturais:*

<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación AMUCOFAXU</i>	<i>3.600,00 €</i>
<i>Asociación de mulleres rurais</i>	<i>400,00 €</i>
<i>Asociación de veciños de Piño</i>	<i>175,00</i>
<i>Total</i>	<i>4.175,00 €</i>

1.1.2.- *Organización de actividades culturais:*

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
-----------------	-------------------	----------------

<i>Asociación de veciños de Salcedo</i>	<i>Organización do Entroido e Gandarós</i>	<i>900,00</i>
<i>Asociación cultural O Acibo da Estación</i>	<i>Taller de memoria</i>	<i>185,00</i>
<i>Asociación de veciños da Ferreirúa</i>	<i>Taller de memoria</i>	<i>185,00</i>
<i>Asociación de veciños A Pincheira de Ferreiros</i>	<i>Taller de memoria</i>	<i>185,00</i>
<i>Asociación de veciños Santa María da Cabeza de Estación</i>	<i>Excursión cultural</i>	<i>100,00</i>
<i>Asociación Século XXI de Lamaigreja</i>	<i>Día do emigrante</i>	<i>100,00</i>
<i>Total</i>		<i>1.655,00</i>

## 1.2.- Deportes.

### 1.2.1.- Funcionamento de asociacións deportivas:

<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
<i>C.D.P. Brollón</i>	<i>9.500,00 €</i>
<i>Total</i>	<i>9.500,00 €</i>

### 1.2.2.- Organización de actividades deportivas:

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación de veciños da Ferreirúa</i>	<i>Carreira e maratón</i>	<i>900,00 €</i>
<i>Asociación de Mulleres Rurais Miraflores</i>	<i>Coñece o concello a pe</i>	<i>600,00</i>
<i>Total</i>		<i>1.500,00 €</i>

## 2.- Elevar esta proposta ó Pleno do Concello para a súa aprobación.

O portavoz do grupo Popular di que esta partida non se aumentou pese o dito polo Alcalde.

Polo grupo Socialista o concelleiro Javier González di que xa nun Pleno anterior relacionou as actividades organizadas e que ata agora se fixeron máis.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.12º.- RUEIRO DO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Hai 32 anos que rematou a dictadura, 29 que se aprobou a Constitución e 28 desde a primeira Corporación democrática na Pobra do Brollón e no noso rueiro seguimos a ter dúas rúas con denominacións que loan personaxes que representa o antigo réxime como son as denominadas avenida de José Antonio Primo de Rivera e a rúa de José Calvo Sotelo.

Este anacronismo non foi corrixido por ningunha das corporacións democráticas polo que compre que esta nova corporación afronte unha solución acorde cos tempos e coa lei recentemente aprobada polas Cortes Xerais.

Hai ademais dúas rúas na Pobra do Brollón sen nome adecuado, e algunha outra que mantén o nome en castelán e que compre galeguizar.

Acorde coa decisión de retirar do rueiro nomes que poden traer mal recordo ós veciños que padeceron as consecuencias da guerra civil e da dictadura, e vontade dos grupos que apoian ó goberno municipal non poñer nomes que pola súa connotación política podan molestar a alguén, polo que optan por nomes de persoeiros vinculados coa pequena historia da Pobra do Brollón.

Consonte co anterior, os grupos Nacionalista e Socialista do concello da Pobra do Brollón, propoñen ó Pleno do Concello que adopte o acordo seguinte:

1.- *Dar de baixa do nomenclátor do concello as seguintes denominacións de rúas:*

*Avenida de José Antonio Primo de Rivera.*

*Rúa de José Calvo Sotelo.*

2.- *Establecer as seguintes denominacións no rúeiro do concello:*

<i>Nome anterior</i>	<i>Nome actual</i>	<i>Parroquia</i>
<i>Avda. de José Antonio Primo de Rivera</i>	<i>Avda. de Galicia</i>	<i>A Pobra do Brollón</i>
<i>Rúa de José Calvo Sotelo</i>	<i>Rúa Os Guímaros</i>	
<i>Rúa número 1</i>	<i>Rúa Samoeiro</i>	
<i>Rúa Nueva</i>	<i>Rúa María Castaña</i>	
<i>Rúa Iglesia</i>	<i>Rúa Igrexa</i>	
<i>Rúa Iglesia</i>	<i>Rúa Igrexa</i>	<i>Salcedo</i>
<i>Rúa Campo de la Fería</i>	<i>Rúa Campo da Feira</i>	<i>Estación</i>
<i>Avda. de Puebla</i>	<i>Avda. da Pobra</i>	
<i>Barrio Herrerías</i>	<i>Rúa Ferrerías</i>	
<i>Rúa Iglesia</i>	<i>Rúa Igrexa</i>	<i>Piño</i>

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

O portavoz do grupo Popular di que a Lei da Memoria Histórica hai que facela coa verdade dos feitos e ningún dos dous, Primo de Rivera e Calvo Sotelo estiveron no réxime. Que nos os vai a defender pero que Calvo Sotelo foi asasinado antes do golpe e era o xefe da oposición na República e que José Antonio estaba no cárcere.

O Alcalde responde que Calvo Sotelo foi ministro na Dictadura de Primo de Rivera e que o réxime o considerou como o seu protomártir.

O portavoz do grupo Popular di que si se van a cambiar os nomes das rúas, cousa que ó seu xuízo non lle importa ó pobo, debería de facerse por consenso e consultando ós veciños. A título persoal propón o nome de Calviño para a avenida principal por ser quen a fixo.

O Alcalde responde que facer unha consulta é inviable, e que en todo caso se recolleron diversas sensibilidades da xente. No que respecta ó nome de Calviño se trata dunha persoa con vinculación política.

A portavoz do grupo Socialista di que se trata precisamente de evitar nomes con connotacións políticas e se propoñen nomes vinculados á historia da Pobra.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación agás o relativo ó cambio do nome da rúa Calvo Sotelo por rúa dos Guímaros que se aproba con seis votos a favor dos grupos Nacionalista e Socialista, o voto en contra do concelleiro do grupo Popular Castro Camino e as tres abstencións dos restantes membros presentes de dito grupo.

**1.13º.- CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE RECADACIÓN.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:



O concello ten un convenio coa Deputación para a recadación voluntaria e executiva de determinados tributos e taxas locais. Dita entidade ven de propor un convenio en mellores condicións para o concello, polo que, e de conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo de data 27 de novembro de 2007 propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo:*

*Todas as competencias que este concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:*

- 1.1 Imposto sobre Bens Inmóbles
- 1.2 Imposto sobre Actividades Económicas
- 1.3 Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

*2.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo:*

- 2.1 As competencias que este concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, no caso de que o concello acorde a súa imposición.
- 2.2 As competencias atribuídas en materia de recadación, en período voluntario e período executivo das taxas que se indican:
  - 2.2.1 *Taxa polo subministro de auga.*
  - 2.2.2 *Taxa pola rede de sumidoiros.*
  - 2.2.3 *Taxa pola recollida e tratamento de lixo.*
- 2.3 *As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polo concello en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.*

*3.- Aprobar as seguintes condicións que han de rexer as delegacións:*

*1 Réxime Xurídico*

*Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao disposto nas presentes bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese dictar a Excm. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.*

*A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá dictar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de pagamento de cada un dos tributos*

*2 Alcance do exercicio das competencias delegadas.*

*A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.*

*O concello poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico social, resulte aconsellable.*

*Calquera outra actuación do concello no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das presentes bases.*

*En ambos os dous supostos, por parte da Deputación, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.*

*En particular sinálanse como competencia da Deputación:*

*-Declaración de insolvencias e créditos incobrables.*

*-Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco destas bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.*

### *3 Mellora da xestión tributaria do concello*

*A Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do concello, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderán acollerse o concello.*

### *4 Formas de xestión.*

*A Deputación Provincial poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.*

### *5 Contías mínimas*

*Non se procederá á xestión (liquidación ou recadación) daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Economía y Hacienda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou norma que a puidese substituír.*

*Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.*

### *6 Cargos en período executivo*

*Os cargos que realice o concello para a súa xestión recadatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.*

### *7 Colaboración do concello*

*O concello prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.*

### *8 Compensación económica*

*Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:*

*a) O 4% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.*

*b) O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.*

*Estas porcentaxes poderán ser revisados á baixa pola Deputación Provincial, en función da evolución dos ingresos e custos do servizo.*

### *9 Entregas a conta*

*A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para o concello, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo competencias delegadas.*

*O importe das entregas a conta calcularase sobre o 80% da recadación, por padróns do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.*

#### *10 Liquidacións provisionais e definitiva*

##### *10.1 Liquidación provisional*

*A Deputación Provincial, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais coa seguinte periodicidade:*

*- Mensual: recadación en período voluntario de padróns.*

*- Trimestral: recadación en período voluntario de liquidacións individuais e recadación en período executivo.*

##### *10.2 Liquidación definitiva*

*No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:*

*- O importe das entregas a conta mensuais.*

*- Devolucións de ingresos indebidos.*

*- A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.*

*- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.*

*En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello, este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.*

*Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.*

#### *11 Réxime de vixencia*

*11.1- As presentes bases terán unha vixencia de dez anos dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro do décimo ano.*

*11.2- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, por períodos iguais, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.*

*11.3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e o DOG.*

*11.4- Estas bases manterán a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan os actuais.*

**4.- Facultar ó Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.**

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.14º.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Para poder delegar a xestión e cobro das taxas que se indican na Deputación Provincial de Lugo, segundo o acordado no punto anterior, compre que a súa recadación se faga, como mínimo, por períodos de seis meses. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 8.3 da Ordenanza Fiscal número 8 reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo que queda redactada como sigue:

*O cobro das cotas efectuarase cada seis meses mediante recibo derivado da matrícula.*

2.- Modificar o artigo 8.2 da Ordenanza Fiscal número 9 reguladora da taxa da rede de sumidoiros que queda redactada como sigue:

*As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de seis meses.*

3.- Modificar o artigo 4.1 da Ordenanza Fiscal número 10 reguladora da taxa polo subministro de auga que queda redactada como sigue:

*A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizaranse con periodicidade semestral.*

4.- Que as modificacións indicadas comezarán a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2008.

5.- Facer público este acordo por prazo de 30 días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non producirse ningunha en dito prazo.

6.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Tras ser declarada por unanimidade de urxencia se pasa ó estudio do seguinte punto:

### **1.15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA.**

Dáse conta da seguinte moción do grupo municipal Socialista:

Moción do grupo municipal Socialista, para a cooperación dos municipios no sistema para a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

Conforme ó previsto no Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Grupo Municipal Socialista do concello de Pobra do Brollón desexa someter á consideración do pleno a seguinte MOCIÓN:

O Pleno da 9ª Asemblea Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) aprobou, por unanimidade, unha resolución sobre a cooperación dos municipios no sistema para a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

O Pleno do Concello de Pobra do Brollón fai súa dita resolución e, en consecuencia, aproba a seguinte proposición: a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención as persoas en situación de dependencia recoñece un novo dereito de carácter universal e público, ao que se accede en condicións de igualdade e de non discriminación.

Esta lei responde a un proceso de transformación das políticas asistenciais que da paso as prestacións que poden ser esixidas polos cidadáns como dereitos subxectivos, de carácter pleno, e polo tanto demandados polas persoas a quen se lles recoñecen.

Esta lei de ámbito estatal recoñece plenamente a colaboración e cooperación de todas as Administracións Públicas e do seu desenrolo a través do pleno exercicio das súas competencias por parte das Comunidades Autónomas.

Os Concellos como administracións mais cercanas aos cidadáns, garanten a eficacia e a eficiencia das prestacións e na asistencia as persoas.

Por todo elo, propoñemos ó Pleno do Concello que adopte o acordo seguinte:

1º Instar á Xunta de Galicia, no marco da correspondencia e da necesaria lealdade institucional, a promover o desenvolvemento dun acordo co Concello de Pobra do Brollón que favoreza a descentralización de competencias, acompañadas da adecuada financiación, de forma que garante unhas prestacións sociais de calidade e un custo razoable e asequible para todos.

2º Promover actuacións e impulsar o desenvolvemento dun " Plan Municipal para a promoción da autonomía persoal e de atención as persoas en situación de dependencia", para o que é imprescindible que o Concello de Pobra do Brollón, asuma a necesaria dotación de recursos para o seu desenvolvemento efectivo por parte da Administración Central e da Xunta de Galicia.

3º Instar á Xunta de Galicia a constituír o Comité Consultivo da Xunta de Galicia para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, como órgano de participación das administracións autonómica e local, dos axentes sociais (sindicatos e organizacións empresariais) e das asociacións representativas das persoas dependentes (persoas maiores e persoas con discapacidade) e as súas familias.

O portavoz do grupo Popular di que se acordou entrar no consorcio e eso retardou o proceso.

A portavoz do grupo Socialista responde que o grupo Popular quería privatiza-lo servizo e o grupo Socialista está a prol da xestión pública.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

<i>Data</i>	<i>Decreto</i>
05/09/2007	<i>Adxudicación dos traballos de realización de actividades dos concellos Rede Natura á Empresa Proxecta S.L.</i>
07/09/2007	<i>Nomear representante do Concello para proceso selectivo Traballadora Social</i>
11/09/2007	<i>Concesión Anticipo Rafael Castillo</i>
14/09/2007	<i>Modificación SAD Antonio Rodríguez</i>
14/09/2007	<i>Concesión SAD Manuel Moreira</i>
14/09/2007	<i>Modificación SAD María Martínez</i>
14/09/2007	<i>Concesión SAD Vicente Núñez</i>
20/09/2007	<i>Aprobación Convenio Medio rural Adquisición Tractor</i>
01/10/2007	<i>Subrogación expediente licenza bar pirata Rosa Mª Segura</i>
03/10/2007	<i>Modificación SAD Celestino Páez</i>
31/10/2007	<i>Delegación sinatura Por ausencia Alcalde</i>
14/11/2007	<i>Autorización uso polideportivo para gravación vídeo-clip grupo Capitán Sonoro</i>
19/11/2007	<i>Aprobación bases Operario e conductor Servicio Recollida lixo e limpadores edificios Concello</i>
05/12/2007	<i>Concesión axuda Emerxencia Social Mª Carmen Vega</i>

05/12/2007	<i>Concesión axuda Emerxencia Social Rosa Figueiras</i>
10/12/2007	<i>Aprobación lista admitidos operario conductor servico recollida lixo</i>
10/12/2007	<i>Aprobación lista admitidos operario servico recollida lixo</i>
12/12/2007	<i>Paso vehículos 2007 pendentes de pago a vía executiva</i>
14/12/2007	<i>Aprobación lista admitidos limpadores edificios Concello</i>
27/12/2007	<i>Contratación conductor servico recollida de lixo</i>
27/12/2007	<i>Contratación operario servico recollida de lixo</i>
27/12/2007	<i>Contratación limpadores edificios Concello</i>

## **2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

+ Rogo oral que presenta o portavoz do grupo Popular:

*Reitero a petición deste grupo de que se lle facilite un local no concello.*

O Alcalde responde que se fará en canto haxa dispoñibilidade.

+ Rogo oral que presenta o portavoz do grupo Popular:

*Pedimos que se axilice a posta en marcha do Centro de Día.*

O Alcalde responde que se cumprirán os prazos previstos.

+ Rogo oral que presenta o portavoz do grupo Popular:

*Pedimos que se pinte a estrada entre Pobra e Cereixa.*

O Alcalde responde que se lle solicitará á Deputación.

+ Pregunta oral que presenta o portavoz do grupo Popular:

*O Pleno do concello en sesión de 27 de decembro de 2005 acordou incluír a rehabilitación da escola de Eixón mediante o obradoiro. Sabe o Alcalde en que situación está?*

O Alcalde responde que o obradoiro o xestionou o partido Popular es xa estaba resolto cando chegou o novo goberno.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e trinta e un minutos minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte de febreiro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,